CONCELLO DE VIGO

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

TEIS
9

VERA ÁLVAREZ SUÁREZ

Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo

COLECCIÓN: TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO, TEIS, NÚM. 9

Edición:
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Newton, 1.º andar, porta 15. Rúa das Cumieiras, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo
©
Fotógrafa: Vera Álvarez Suárez
Foto da portada: vista xeral dunha parte de Teis, ao fondo o monte da Guía, por Vera Álvarez Suárez
© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2024
© Concellaría de Normalización Lingüística, 2024
Printed in Spain - Impreso en España
ISBN: 978-84-1188-056-5
Depósito legal: VG 174-2025
Revisión: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

CONCELLO DE VIGO

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

TEIS

9

VERA ÁLVAREZ SUÁREZ

Universida de Vigo

Aos veciños e veciñas da parroquia que seguen mantendo viva a toponimia.

A Quique Costas que me serviu de guía.

A Marta Souto, unha inspiración.

1 Limiar

Co obxectivo de recuperar, pór en valor e divulgar a toponimia do concello de Vigo, en 2008 comezou a publicarse unha colección de estudos sobre esta disciplina coa saída do primeiro volume: *Toponimia do Val de Fragoso. 1. Coia.*[1] Posteriormente, irían saíndo Lavadores, Beade, Sárdoma-Freixeiro, Comesaña, Bembrive, Candeán e Valadares. O volume que agora presentamos está dedicado á parroquia costeira de San Salvador de Teis.

A toponimia é un dos agasallos da historia menos valorado, pois grazas a ela conseguimos coñecer moito mellor o noso pasado e a nosa lingua, ademais de obtermos información moi valiosa sobre botánica, economía, relixiosidade, etnografía, construcións, zooloxía etc. Por iso debémola recuperar, valorar e conservar, pois nos últimos tempos esta toponimia autóctona –ese gran libro colectivo de historia– está a ser substituída por nomes que pouco ou nada teñen que ver coas orixes e co pobo; por exemplo, a zona historicamente coñecida en Teis como *Os Canos* (ou *Os Caños*) xa só a identifica a mocidade co nome do inventor Sanjurjo Badía, mais a meirande parte da xente nin sabe que se trata dunha persoa. Mentres ese novo nome non conta nada da nosa historia, é puramente honorífico, a denominación *Os Canos* si, pois indica que seguramente alí había un leito artificial, xeralmente estreito e pouco profundo, para que correse por el algún rego ou fonte. Ou o topónimo *Gondosende*, que nos indica claramente que nos achamos ante un topónimo suevo ou, en xeral, xermánico, que pode vir do século V ou VI.

---

1 Da autoría de Iván Sestay.

Este volume, coma os anteriores, quere axudar a coñecer e a conservar ese ben inmaterial que é a toponimia de noso, desa riqueza da nosa cultura que se está a perder.

A nosa recolla toponímica realizámola a partir, por unha banda, dun traballo de investigación en fontes como o Catastro do Marqués de Ensenada no Arquivo Provincial de Pontevedra ou nos libros parroquiais, protocolos notariais, ordenanzas, foros e rendas consultados no Arquivo Municipal de Vigo (véxase a bibliografía); e, pola outra, dun laborioso traballo de campo. No devandito traballo procuramos como informantes veciños e veciñas nados na parroquia cunha idade avanzada, posto que son as persoas que maiores coñecementos nos poden dar dos nomes históricos da zona. Todas as entrevistas realizáronse nos anos 2020 e 2021, ao igual ca a investigación nas fontes documentais.

Para o estudo da etimoloxía da toponimia e da microtoponimia empregamos as fontes medievais accesibles en internet: o Codolga (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae) creado polo Ramón Piñeiro (corpus.cirp.gal/codolga/buscas), o TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega) do Instituto da Lingua Galega (ilg.usc.es/tmilg/) e o Portal Pares do Ministerio de Cultura (pares.culturaydeporte.gob.es/inicio.html). Tamén nos axudamos dos libros de Edelmiro Bascuas *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia* (2006) e *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega* (2014).

2 Historia e orografía da parroquia

Antes de comezarmos coa descrición toponímica, coñeceremos un pouco da historia e da orografía desta parroquia, o que nos permitirá entender moito mellor a toponimia que logo analizaremos.

Orografía

Segundo Juan Miguel González Fernández,[2] os límites históricos de Teis –hoxe desfigurados polo crecemento urbano do barrio e da cidade olívica– discorreron desde a desaparecida praia do Areal (barrio da Calzada), ao comezo da rúa de Julián Estévez. De alí avanza o lindeiro cara a Montecelo ata confluír coa actual rúa de Aragón. Bordean o lugar coñecido como Frián por riba das instalacións eléctricas de Fenosa e chegan ata o lugar de Travesán, onde linda con San Paio. Sobre o camiño de Salcides vira cara ao parque zoolóxico da Madroa, despois de pasar polo camiño do Paraixal de Arriba e o coñecido como Xunco Mariño. Da outra banda, queda separada de Chapela (concello de Redondela, que fai de límite municipal) polo río Pumariño, preto das rúas de Padín e de Chumba e o lugar da Cacharela.

Morfoloxicamente o territorio está situado nunha ladeira da serra da Madroa, conxunto montañoso que cinxe polo norte o Val de Fragoso. Así, case toda a superficie de Teis son acentuadas costas suavizadas cara ao mar. Entre a costa e a serra atópanse o chan dos Canos, dous cursos de auga, e o monte da Guía.

---

2 No libro *Teis: Memoria histórica dunha parroquia do litoral (Vigo/Lavadores)* publicado en 2003.

Breve historia

Prehistoria

Descoñécese con exactitude cando se asentaron permanentemente os primeiros poboadores nesta zona, mais os dous instrumentos líticos atopados na Lagoa e nas Torres de Padín permiten apuntar a unha cronoloxía aproximada duns 100 000 anos de antigüidade. As primeiras manifestacións artísticas autóctonas do que logo se chamou Gallaecia son os petróglifos. En 1918 foi descuberto no camiño de Gondosende un petróglifo, coñecido pola veciñanza como *A Pedra da Auga.*

Na Idade de Bronce houbo un asentamento no lugar das Torres de Padín, pois alí atopáronse unha vaixela de cerámica feita a man e varias pezas fabricadas en bronce: un colar, un fragmento de fachada e unha placa que formaría parte dun puñal ou dunha espada. Todos estes instrumentos permiten datar a ocupación humana estable desta zona arredor dos anos 800-600 a. C., no que se coñece como cultura castrexa. Ademais do castro das Torres de Padín –desfeito polo crecemento urbano desordenado–, houbo outros dous castros coñecidos na parroquia de Teis: o do monte do Sino (preto da avenida de Galicia) e o castro do monte da Guía. Os castros de Teis mostran unha continuidade de ocupación no período altoimperial (séculos I-II a. C.) (González, 2003: 46). A pesar do que se cría, os castros seguiron habitados despois da conquista romana.

Moitos dos restos romanos de Teis atopáronse preto do que hoxe é a base naval da ETEA (camiño de Oliveira) como a *moa olearia*[3] de granito e outras pezas expostas no museo de Castrelos, os cales apuntan á existencia dunha presenza romana e dunha vía que pasaría por Teis. Da pasaxe dos suevos a partir do século V só nos quedan como rexistro os topónimos *Gondosende* e *Rorís*, dos que falaremos máis adiante.

---

3 Muíño fabricado exclusivamente con pedras concéntricas e empregado, normalmente, para crear aceite.

Idade Media e Idade Moderna

A primeira referencia escrita sobre Teis é dun documento relixioso de 1145, en que Johan Maogo e Nuno Méndez lle doan ao bispo de Tui a igrexa de *Tex*,[4] aínda que o traspaso non foi efectivo. Segundo o documento, esta igrexa atopábase por baixo da Madroa ao pé dun regato e preto do mar, coincidindo coa localización da actual igrexa parroquial. En 1234 foi unha das primeiras freguesías do Val de Fragoso e tiña un territorio moito máis amplo do actual.

En plena Idade Media os arcebispos de Santiago posuían en Teis un celeiro para almacenar a recollida das rendas de terra e señoriais (González Vázquez, 1996: 36). Isto permitiu a creación dunha pequena nobreza local que derivaría nunha pequena fidalguía a partir dos séculos XVI-XVII con nove liñaxes: Colwel-Lira e Mongueimes-Boán (as máis antigas), De la Iglesia, Mejía, De la Peña-Barbeito, Olabarrieta e Tizón. Estes eran os donos das casas máis importantes da parroquia como a Casa de Espiñeiro, a Casa de Guixar e a Casa da Bouza, das que falaremos polo miúdo máis adiante.

A actividade económica principal desta época era a agricultura de subsistencia e o cultivo de cereais e de viño. En realidade, case todos os habitantes eran labregos que por necesidade traballaban tamén no mar empregando embarcacións e técnicas tradicionais. Ao remate do século XVIII prodúcese un gran crecemento económico debido á instalación das primeiras fábricas de salgadura en Guixar por iniciativa de empresarios cataláns.

Verbo da administración política, no período dos séculos XVI-XVIII Teis era unha das trece parroquias do concello do Val de Fragoso dependente do arcebispo de Santiago. De todos os saqueos e conflitos vividos en Teis, destacan os acontecementos do 30 de outubro 1589, cando o corsario Francis Drake desembarcou na vila de Vigo. En Teis atacou e queimou todo ao seu paso, mesmo a igrexa parroquial do Divino Salvador. Mais non sería a única vez que esta igrexa sufrise unha profanación por parte de tropas estranxeiras. En 1702 volveu ser atacada pola frota anglo-holandesa durante a guerra de sucesión española.

Arredor do ano 1840 construíuse o forte da Guía[5] cun primitivo faro no seu interior. En 1898, por mor da guerra de Cuba, situouse unha batería de canóns na Guía.

Idade Contemporánea

En 1837 Teis era a segunda parroquia rural máis poboada e a terceira en densidade de ocupación de toda a bisbarra. Tanto a mortaldade coma a natalidade do século XX seguen unha mesma liña agravadas durante a crise de 1929, a Guerra Civil e os chamados «anos da fame», que incrementaron o impacto negativo de epidemias, como as gripes ou o tifo, debido ás pésimas condicións hixiénico-sanitarias. O crecemento demográfico da parroquia debeuse, en boa medida, á chegada de poboadores procedentes das bisbarras limítrofes e, en menor medida, da provincia de Ourense. Asemade, destacaron os xornaleiros e os peóns chegados do norte de Portugal.

A partir de 1860 houbo unha gran modernización e un avance económico debido á redención de foros, á reconversión do sistema de cultivo, á incorporación de fertilizantes e de maquinaria e ao crecemento da cabana gandeira, o que permitiu comercializar o excedente da crianza (González, 2003: 205). Os cultivos seguían a ser os mesmos ca nas épocas anteriores; destacan o millo, trigo, centeo, legumes e vide.

Desde as décadas de finais do século XIX, a actividade pesqueira, xunto coas industrias de salgadura e de conservas (concentradas na Calzada, Guixar, Santa Tegra e Espiñeiro), foron as principais bases da economía da parroquia, beneficiadas ademais pola modernización dos barcos e os motores de explosión instalados agora en lanchas e traíñas.[6]

Sen dúbida, unha das grandes estreas da economía deste século foi o estaleiro *La Vulcano*[7] inaugurado en 1919 no lugar de Canceleiro. Despois de varios problemas económicos derivados do crack de 1929 (con efectos visibles en España entre 1932-1935), con embargamentos e folgas reivindicativas, despois da Guerra Civil a fábrica volveu funcionar logo do seu traslado definitivo a Espiñeiro (Teis) en 1940, e dedicou os seus primeiros anos á construción de caldeiras e de buques pesqueiros. Mais non foi este o único estaleiro, pois en 1969 instalouse en Ríos Ascón (Astilleros y Construcciones), pechado en 1984 polo goberno de

6 Aparello de cerco empregado antigamente para a pesca da sardiña.

7 farodevigo.es/opinion/2010/11/04/vulcanistas-17803982.html e elpais.com/diario/1984/05/31/economia/454802408_850215.html.

Felipe González dentro da chamada «reconversión naval».

Este auxe de estaleiros xerou unha actividade industrial vencellada ao mar, ademais de que a proximidade co porto e a dispoñibilidade de solo industrial e abondosa man de obra atraeron todo tipo de empresas como gasolineiras,[8] fábricas de xabón e de licores, empresas de construción ou decoración etc. Podemos destacar entre elas a fábrica de pinturas Compañía Viguesa de Pinturas no Toural, pois aínda se poden ver os cimentos da factoría. O resto da industria concentrouse en pequenas empresas familiares artesanais orientadas ao comercio local.

No referente ao mundo dos mariñeiros en Teis, créase a inicios do século XX o sindicato Alianza Marinera para loitar contra as pésimas condicións de traballo. Entre os seus éxitos está a prohibición da pesca con explosivos e diferentes folgas ao longo deste século que supuxeron a mellora das condicións salariais e laborais do persoal traballador.

En canto ao traballo feminino nas conserveiras, neste sector había un milleiro de mulleres en 1900 e este número cuadruplicouse en 1907. Pola malas condicións de traballo e de salarios, en 1899 creouse unha sociedade de mulleres para loitar contra a patronal, con 600 afiliadas. En resposta, os conserveiros empeoran as súas condicións, o que provocou diversas folgas. Porén, esta sociedade de mulleres da conserva só durou un ano. Outra das folgas vitoriosas coñecidas ocorreu en 1911 ao loitaren pola igualdade dos salarios cos homes. Nese mesmo ano créase a Unión de Traballadoras das Fábricas de Conservas da Ría de Vigo, pero acabará por ampliarse aos homes, os cales acabarán por desprazar do mando as mulleres.

Na política local e municipal temos varias etapas convulsas condicionadas polos cambios de réxime e de goberno estatal. Así, desde que se aproba a Constitución de 1810 en Cádiz, o arcebispo de Santiago perde para sempre o seu dominio sobre o Val de Fragoso. Neste novo marco legal, Teis pasa a formar un concello de seu e é nomeado alcalde Francisco González Peña.[9]

En 1814, co golpe de estado de Fernando VII, abólese a Constitu-

---

8 O primeiro surtidor de gasolina da parroquia abriuse en 1929.

9 Ademais, foron nomeados dous rexedores, José Antonio Collazo e José Gregorio de Pazos, e un procurador síndico, Camilo Juan Fernández.

ción, mais non se lle devolve o poder sobre Teis ao arcebispo, senón que pasará a dominio da coroa. Co pronunciamento militar de Riego en 1820 chega o trienio liberal, que reinstaura a Constitución de Cádiz e Teis volve ser concello de seu coa incorporación da parroquia de Candeán. Mais esta etapa tamén foi curta, pois en 1823 Fernando VII forzou a volta ao réxime absolutista e á antiga distribución territorial.

Despois da morte do rei en 1833, irá desaparecendo pouco a pouco o Antigo Réxime coa rexencia de María Cristina, quen aproba leis como o Decreto, do 23 de xullo de 1835, no que calquera cidade ou vila pode solicitar a formación dun concello propio. Baixo esta premisa, Teis reclama o seu dereito apoiándose en argumentos como a súa experiencia anterior, o gran número de veciños e veciñas e a distancia á casa consistorial do Val de Fragoso.

Porén, alegando desconfianza dos intereses particulares da solicitude de Teis, apróbase só a creación de tres concellos:[10] Vigo, Bouzas e Lavadores, e Teis quedará integrada por completo no termo municipal de Vigo. Intentará apelar argumentando agora a creación dun concello xunto con Candeán, mais tamén será rexeitado: «Durante esta etapa de pertenza a Vigo (de 1837 ata 1846), a Teis correspondíalle escoller tres comisarios, mais isto supoñía só o 3,3 % do poder efectivo real; moi por debaixo do que debería atinxirlle por número de habitantes e fontes de riquezas» (González, 2003: 320).

En agosto de 1842, baixo a dirección do crego Francisco A. Rodriguez Silva e o capitán Wenceslao Tizón, volven solicitar ser un concello propio (xunto con Candeán) argumentando a maiores do anterior que a permanencia en Vigo pexa e dificulta a administración económica e política da poboación, dos negocios e das comunicacións.

Esta iniciativa volverá fracasar, pero non cesarán as propostas municipalistas de Teis e así, en marzo do 1845, os mesmos representantes defenderán agora outra demanda: a integración de Teis no concello de Lavadores. O 25 de xaneiro de 1846 a parroquia pasa a formar parte do concello de Lavadores xunto coas parroquias de Santa Cristina, Valadares, Zamáns, Bembrive, Beade, Cabral e Candeán.

Ao longo desta etapa convulsa, a Teis correspondíalle un diferente

10 Proposta feita polo avogado Atanasio Fontano (do Partido Progresista de Vigo).

número de representantes elixidos por sufraxio masculino dentro dos altos estamentos, que foi aumentando a medida que avanzaban os anos.[11] Aínda que o poder foi máis equilibrado ca con Vigo, nunca desapareceron os intereses por se poder xestionar a si mesmo: «No censo electoral de Teis de 1882 había inscritos 353 cidadáns con dereito a voto (...) dos que 194 –os máis ricos, por suposto– tiñan a calidade de elixibles» (González, 2003: 332).

O sistema electoral desta época está baseado no caciquismo e no *pucherazo*, o que provoca numerosas protestas polo xeito irregular de adxudicación da alcaldía. Xorde en 1898 a Sociedade de Agricultores de Teis, de ideoloxía republicana de esquerdas, cun claro obxectivo de loita anticaciquil e liderada por José Lago Martínez, Manuel Álvarez González, José Martínez Davila, Julián Estévez e José Ladín García. En 1900 abriron na Balbarda (hoxe un parque público) o seu primeiro local, sostido polos socios e pola axuda de García Barbón. Esta foi a sede doutras moitas asociacións, como a mariñeira ou a de vixilancia de quintas, polo que esta casa chegou a considerarse como unha «Casa do Pobo», cun predominio de socios xornaleiros, artesáns e mariñeiros domiciliados no Toural, Os Canos e A Baldarda.

Dous anos despois, no seo desta asociación, fórmase a Vangarda Juvenil, que recollía persoas de ambos os sexos maiores de dez anos e menores de dezaoito pertencentes a Teis para formar parte do sindicato.

En 1909 fórmase o Directorio Antiforista conformado polas asociacións agrarias de todo Lavadores. Obteñen, por primeira vez, representación no concello de Lavadores con Ángel Quintela (Calvario), Julián Estévez (Teis) e José Antonio Méndez, a única oposición ao bando conservador. Ao publicaren un manifesto anticaciquil, a resposta do poder non se fixo esperar e varios veciños de Teis foron acusados por delitos contra a honra e condenados ao desterro.

Despois de varias desfeitas electorais, en 1913 conseguen unha contundente vitoria e, malia as reclamacións de fraude por parte dos conservadores, declaran a Julián Estévez alcalde de Lavadores. Debido á

11 Temos representantes como Wencelao Tizón Mateos (nado na casa de Ríos en Teis), que foi concelleiro e alcalde de Lavadores pola fracción moderada do liberalismo; Juan Buet Nogueira, nado en Teis e empresario de salgadura; ou os empresarios da salgadura de Guixar José Benio de Río e José Conde Pérez, entre outros moitos.

forza gañada neste concello, decidiron unirse con outras sociedades veciñas e crearon federacións municipais agrarias para se presentaren como candidatos á Deputación Provincial, mais novamente a maquinaria caciquil impedíullelo.

Entre as actividades do sindicato estaban as charlas sobre temas de traballo ou saúde, representación, música coral, recadacións voluntarias ou a creación dun colexio propio.

Durante o inicio da Segunda República, o concello de Lavadores e Teis viven, a escala menor, o que estaba a pasar por toda España: revoltas, crispación, polémicas e mesmo a Federación Agraria chega a dar de baixa o Sindicato de Teis por «indisciplina».

Malia a presión constante de Vigo para anexionar Teis, o 13 de maio de 1935, nunha asemblea local con veciños de moitas ideoloxías, acórdase crear un concello independente. Baséanse nas distintas actividades laborais e sociais (pesca e cultivo hortícola) con respecto a Lavadores, en que Teis constitúe unha unidade xeográfica independente, e en que o concello non sabe satisfacer as súas demandas tales como dotar de auga ou un plan de aliñación (relacionado coa prolífera edificación), entre outras cuestións.

O 7 de xaneiro de 1936 queda oficialmente constituído o novo concello de Teis. O seu novo goberno quedou integrado polos concelleiros (nados de Teis) que estaban no goberno de Lavadores, e que avogaron pola separación, mais doce nomeados polo Goberno Civil. O alcalde será o empresario de conservas Manuel Martínez Ramos. Neste mesmo ano, a Fronte Popular gaña as eleccións municipais e sae elixido alcalde Julio Queirós Estévez, albanel do lugar de Oliveira.

Neste curto tempo de goberno –entre outras medidas– fomentaron as obras públicas, xestionaron a construción dun novo mercado municipal e dun matadoiro ou traballaron na fundación de dous novos grupos escolares. Mais esta aventura coutou abruptamente co golpe de estado militar do 18 de xullo de 1936.

Na parroquia levantáronse barricadas para loitar contra os militares sublevados, mais cando estas caeron, moitos republicanos e agraristas fuxiron aos montes da Madroa e de Candeán, onde coincidiron con xente doutros concellos próximos. O día 20 un hidroavión procedente de Marín metrallou e bombardeou estes montes. Iniciouse, así, a dura represión dos seguintes anos co asasinato de moitos mozos como Evaristo Melón, Joaquín Álvarez, José Costas, Cesáreo Costas, Manuel

Iglesias etc.,[12] traballadores que non chegaban aos 45 anos de idade. Outros, como o alcalde Julio Queirós,[13] foron encarcerados. Os que resistiron nos montes abandonaron a loita cando en 1938 caeu no Toural o xefe guerrilleiro Agustín Álvarez Araújo. Dos mozos de Teis recrutados a filas polo bando sublevado morreron trinta e tres. Incumprindo a Lei da memoria histórica aínda se pode observar na igrexa parroquial unha lápida en memoria deses trinta e tres caídos do bando «nacional».

En 1936 os sublevados instauraron unha comisión de goberno de dereitas presidida por Honorato Fernández Míguez, farmacéutico da Calzada. As novas autoridades de Vigo tentaron outra vez sen éxito a anexión da parroquia ata que o día 22 de decembro dese ano se decretou oficialmente a incorporación de Teis novamente a Lavadores. O 27 de marzo de 1941 o Consello de Ministros franquista decretou a anexión de Lavadores (con Teis) ao Concello de Vigo.

A parroquia de San Salvador de Teis pertence á diocese de Tui-Vigo. Nos últimos oitenta anos alterouse moito o uso das zonas chas e do litoral de Teis, invadidos pola instalación de grandes fábricas e un urbanismo residencial caótico e desordenado. Actualmente a parroquia comprende 5,80 km^2, conserva como zonas verdes tan só A Madroa, o alto da Guía e o parque da Riouxa, e ten unha poboación de 2404 habitantes (INE, 2019).[14]

---

12 A listaxe das vítimas da represión entre 1936-1937 pode consultarse no libro *Teis: Memoria histórica dunha parroquia do litoral (Vigo/Lavadores)*, de Juan Miguel González Fernández (2003: 404-405).

13 Preso en San Simón. Despois de ser liberado logrou fuxir a América do Sur, onde morreu sen volver á terra.

14 ine.es/nomen2/index.do?accion=busquedaRapida&subaccion=&numPag=0&ordenAnios=ASC&nombrePoblacion=Teis&botonBusquedaRapida=Consultar+selecci%F3n.

O topónimo Teis

O topónimo *Teis* é un hidrónimo prerromano que ten a orixe na raíz *ten- co significado de 'regato, río ou curso de auga'. Na documentación medieval atopamos as formas *Tees*, *Teis* e *Tex*. outros topónimos galegos con esta raíz son *Teaño* en Boiro e Curtis, *Teaio* en San Xoán de Laído (Dodro) ou o río *Tea* na comarca do Condado.

Como veremos na análise dos topónimos desta parroquia, moitos deles teñen relación coa auga, pois son hidrónimos os topónimos *Os Canos*, *Arnela*, *A Barxa*, *Ríos* etc. A actual parroquia de Teis está situada sobre unha gran cantidade de regatos subterráneos que baixan das abas da Madroa como, por exemplo, *O Pumariño*.

Topónimos da parroquia de Teis

▶ Albuíña

(Orotopónimo)

Este topónimo é unha deformación ou alteración da palabra *Almuíña*, do árabe AL-MUNIA co significado de 'a horta'. Formouse a través dunha confusión entre as bilabiais /*m*/ e /*b*/, que en galego deu outros topónimos como *Almuíña* en Arbo, A Cañiza, Salcedo-Pontevedra e Taboada.

Hoxe en día existe aínda o **Camiño de Buíña**, en Padín de Abaixo, onde se localiza o noso topónimo.

▶ Amieiro

(Fitotopónimo ou hidrotopónimo)

Está relacionado co nome da árbore galega *Alnus glutinosa* da familia das betuláceas, árbore por excelencia de lugares húmidos e da vexetación da ribeira galega que forma o chamado «bosque de galería». Popularmente, esta árbore coñécese como *amieiro*, *ameneiro* ou *abeneiro.*

Segundo a Real Academia Galega: «Árbore da familia das betuláceas, que pode acadar os vinte metros de altura, de copa moi poboada, con follas arredondadas e dentadas, flores en amento, casca de cor parda e madeira de cor clara, moi dura e lixeira».

Outra variante tamén recollida é *amieiral*.

Nunha segunda hipótese, trataríase dun hidrónimo, e non dun fitotopónimo, derivado posiblemente dunha raíz prerromana AM- 'auga' xunto co sufixo colectivo -ALE. Así, *amieiral* será un conxunto de augas.

Amieiro é un terreo situado desde o camiño de Frián, polo oeste, ata o Xuncal, polo leste. Acaba preto de Rorís polo norte e a actual rúa da Travesía de Vigo, e polo sur topa con Boán.

▶ Ánimas, As

(Haxiotopónimo)

É un vello peto de ánimas aínda conservado na fachada dunha das casas na avenida de Galicia, fronte ao parque da Riouxa. Representa un crego (ou mesmo pode ser Santo Antonio) xunto cos seus fieis que, ardendo nas chamas do inferno, están en actitude suplicante cara a este crego ou santo, lembrándolle á xente que as penitencias non distinguen e todas as almas serán xulgadas segundo o noso comportamento. Coroando o monumento temos a Virxe e a representación da cruz de Xesús. O tradicional é que nos seus petos os fieis depositen esmolas para financiar as misas e axudar as ánimas no purgatorio. Estas esmolas tamén poden ser flores, pan, millo, aceite etc. Unha vez liberadas estas ánimas do purgatorio, intercederán en beneficio de quen deu a esmola.

Ilustración 1. Imaxe das Ánimas desde a avenida de Galicia

As Ánimas está situada fronte ao parque da Riouxa, na avenida de Galicia, preto da baixada á Rotea. O topónimo vén motivado pola existencia deste peto, mais tamén temos unha rúa nomeada como **Camiño das Ánimas** en referencia a este primeiro topónimo. Este topónimo foi rexistrado no Catastro de Ensenada, libro 768.

▶ Areíño. Praia. A Punta do Areíño

(Orotopónimo)

Areíño vén do latín ARENAM co significado de 'area' e mais o sufixo diminutivo-afectivo -INAM. Dedúcese, polo tanto, que é un terreo cheo de area ou do que se extraía area. Provén do latín HARENA, que orixinariamente foi HASENA, voz afectada por rotacismo. *Areíño* fórmase co diminutivo *-iño*.

Hoxe **Areíño** correspóndese coa praia situada baixo o paseo da praia da Guía, entre o Club de Remo da Virxe da Guía e a praia da Punta ou a baixada á Punta. Este topónimo foi rexistrado no Catastro de Ensenada.

Ilustración 2. Praia de Areíño

Ilustración 3. Paseo da praia da Guía

▶ Arnela

(Hidrotopónimo)

A etimoloxía deste topónimo é bastante complexa, pois existen diversas hipóteses. Nun primeiro momento poderiamos pensar que *Arnela* ten relación con area (ARENA latino), porén estudosos como Edelmiro Bascuas, no seu libro *Estudos de hidronimia paleoeuropea gallega*, advirte de que a súa etimoloxía debería ser outra, pois a que xa explicamos provocaría graves dificultades fonéticas e semánticas na súa evolución. Por iso, este autor vincula *Arnela* co tema prerromano conservado *Su-arna*, ao ser *Arnela* un diminutivo desta voz. En canto a *Su-arna*, *su* non procedería de *sub* ('debaixo'), significaría algo como 'debaixo da corrente'. Así, *suarna* debe entenderse como 'corrente impetuosa' tendo *su* o significado de 'bo'. Alén disto, podería comprenderse tamén como 'río bo' no sentido de que trae fortuna. Amais de todo o comentado, Bascuas sinala como apoio argumental que todos os derivados de area <ARENA, como pode ser *Areíño*, *Areal*, *Areeira*..., perderon na súa evolución do latín ao galego a nasal intervocálica debido ao proceso de lenición, polo que sería inverosímil ou unha rareza extrema que *Arnela* fose un diminutivo de *area* se conserva a nasal.

Asemade, segundo Corominas (DCECH, s. v. *arena*), é unha palabra de orixe incerta, seguramente prerromana. Corominas relaciona esta voz co indoeuropeo hispano *AROS co sentido de 'rodo' transmitido polas linguas célticas ou quizais sorotápticas. A partir de aquí, Corominas indica a súa evolución a **aro-na* 'cortiza cilíndrica'. Porén, especialistas como Edelmiro Bascuas negan esta evolución, subliñando que é unha relación demasiado forzada e inverosímil ao non existiren indicios da difusión desta raíz na península. Bascuas conclúe que *Arna* podería ter un significado primitivo de 'cortiza' mais non que sexa cilíndrica. Este topónimo foi rexistrado no Catastro de Ensenada, libro 768.

Arnela é a zona situada por detrás da actual avenida de Galicia, preto de Caxide. (situada entre o actual instituto público de Teis ata máis ou menos a estación de servizos Esres). Atópase separada polo Camiño Real (véxase tamén **Fonte de Arnela**).

▶ Bacelo da Igrexa

(Fitotopónimo)

O *bacelo* é unha videira nova, é dicir, unha vide do latín *Vitis vinefera*. É unha planta arbustiva da familia das vitáceas, de talo retorto, pólas cos nós moi marcados e follas lobuladas e dentadas, que ten como froito a uva e que se cultiva nas rexións temperadas. Este fitototónimo demostra o tipo de cultivo que se producía nesa zona. *Bacelo* provén do latín BACILLUM 'bastonciño', diminutivo de BACULUM 'bastón', debido a que os bacelos teñen forma alongada e estreita coma un bastón.

Bacelo da Igrexa está situado por baixo da igrexa de San Salvador de Teis e foi rexistrado no Catastro de Ensenada, libro 768.

▶ Baixada á Igrexa

(Odotopónimo)

A **Baixada á Igrexa** é dun camiño en costa que vai desde O Pingue ata a igrexa de San Salvador de Teis. *Igrexa* é unha palabra derivada do latín ECCLESIA co significado etimolóxico de 'reunión do pobo para celebrar o culto' do grego EKKLESIA 'reunión'. Na súa evolución sufriu varios cambios, comezando pola simplificación do *-cc-* e a palatalización. A forma etimolóxica antiga en galego é *eirexa*, a *eirexe*. A forma *igrexa* é de formación posterior. Por outra banda, este topónimo non aparece na documentación antiga nin do Concello de Vigo nin no Catastro de Ensenada.

▶ Balbarda, A

(Orotopónimo)

A Balbarda é un termo de orixe incerta que está situado sobre o ambulatorio de Teis (na avenida de Galicia). Neste lugar existe un monumento ao traballador.

Nos documentos do Catastro de Ensenada aparece a variante *Balsarda*, ao igual ca *Balbada* e *Balvarda*. Tamén aparece *A Balbarda* no rexistro de rueiros de 1936 (documento do Arquivo Municipal do Concello de Vigo).

▶ Baleiro

(Orotopónimo)

Baleiro refírese a un terreo que na súa orixe debeu estar desocupado, sen campos de labor nin vivendas, é dicir, ermo. Porén, hoxe correspóndese cuns terreos e camiños con casas e campos ás súas beiras.

A súa etimoloxía é escura: pode ser unha galeguización do nome latino *Valerio* a *Valeiro* (como de *Victorio* a *Vitoiro*), en cuxo caso debería grafarse con *v (Valeiro)*, ou, aínda que menos probable, podería proceder de BATULUM que orixina *balde*, *baldeiro*, *baldío* etc.

Hoxe en día, **Valeiro** ou **Baleiro** é un camiño que forma parte do Poulo de Arriba, preto da Coutada Grande e de Parada, preto do Regato do Pumariño. En canto á súa escritura, existe un camiño recoñecido nos rueiros do barrio como **Camiño de Valeiro**.

▶ Banquetes, Os

(Ecotopónimo)

Temos dúas posibles etimoloxías. Por unha banda, unha provén do francés *banquet*, que o tomou do italiano *Banchetto* 'banco pequeno'. A esta palabra engádese o sufixo diminutivo *-ete*. Pola outra, pode vir derivado de *banco* do xermano *bank* 'asento' debido á forma dalgunhas pedras como bancos pequenos. Este termo atopámolo xa rexistrado no dicionario etimolóxico de Corominas (páxina 490), unha achega da voz francesa *banquet* que corrobora a nosa hipótese inicial de voz francesa que provén do italiano *banquetto*, diminutivo de *banco*, documentado por primeira vez no século XVI 1524.

Os Banquetes está na zona das Carballeiras Vivas (proxecto de rexeneración), seguindo o curso do rego do monte da Madroa.

▶ Barretas, As

(Ecotopónimo)

Segundo o *Diccionario galego-castelán* (1972) de Franco Grande, é, por unha banda, unha armazón de madeira, a modo de sobrado, que se constrúe sobre as cortes do gando ou nalgunhas adegas para ter á man a herba ou a palla para alimentalo; e, pola outra, un listón de ferro ou

de madeira para asegurar ou reforzar algunha cousa. Probablemente fosen en tempos pasados cabanas ou alpendres de almacén de palla.

As Barretas son unhas terras entre o Toural de Adentro, a autoestrada do Atlántico e a rúa Robleda. Hoxe estas terras están deshabitadas, sen construcións nin cultivos. No seu uso antigo empregábanse para darlle de comer ao gando.

▶ Barrio das Flores

(Fitotopónimo)

As Flores é un barrio dentro de Teis, de construción recente (arredor dos anos cincuenta pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo), edificado sobre o que milenariamente foi o lugar das Coutadas. Este barrio caracterízase polo uso de nomes de flores para cada unha das rúas do seu interior, de aí o seu nome xenérico. Estaba orientado á construción de casas baratas para seren habitadas polas masas operarias da zona.

Flor provén do acusativo latino FLOREM. A forma antiga e patrimonial galega era *chor* (coa evolución propia galega FL- > *ch-* como FLAMMA > *chama* ou AFFLARE > *achar*). Da voz antiga *chor* queda hoxe en galego o significado microdialectal de 'flor silvestre' ou a voz *chorima* 'flor do toxo ou da xesta'. A voz *flor* foi unha relatinización eclesiástica.

O **Barrio das Flores** está situado preto da piscina pública de Teis, entre a rúa de Sanjurjo Badía e As Coutadas.

▶ Barroca, A

(Orotopónimo)

Segundo o *Diccionario galego-castelán* (1972) de Franco Grande, *barroca* é un monte de barro ou lousa, derivada así da voz latina *barro*. Porén, no dicionario etimolóxico de Corominas considera que tamén podería ser unha formación rochosa e granítica. Amais, para o diccionario Xerais podería ser unha pendente vertical abrupta e fonda.

A Barroca está situada por riba da praia do Mende. Ten pola dereita a Quinta de Ferrín, atravesa polo río da Bouza e preto das terras da Calciña. Este topónimo xa existía na documentación do Catastro de Ensenada, no libro 768, referido a Teis. Neste libro podemos atopar tamén a variante en plural como *Barrocas*.

▶ Barxa, A

(Hidrotopónimo)

Termo prerromano que ten relación cos terreos situados nas marxes dos ríos que con frecuencia son anegados pola auga. *Barxa* é unha variante fonética de *barcia*. Ten orixe no radical *WAR 'auga', por iso na normativa galega aparece como *varxa* ou *varcia*. En Galicia atopamos trinta lugares con este nome en singular e en plural; así o Nomenclátor recolle a escrita tradicional con *b*-. O substantivo *Barxa* provén da forma prerromana *VARCENA ou *VARGENA.

Este hidrónimo sitúase hoxe na avenida de García Barbón, preto do actual edificio de La Voz de Galicia. Aparece por primeira vez rexistrado no documento do Concello de Vigo Lav. 14/20.

▶ Berzuda

(Zootopónimo ou orotopónimo)

Segundo Constantino García González, no seu *Glosario de voces galegas de hoxe* (1985) define esta así: «D*ícese* de los animales hembra cuando presentan el órgano genital crecido y colorado por estar en celo». Por outra banda, tamén podería ser un derivado de *verzas*, pola abundancia de hortalizas. Provén do latín vulgar VIRDIA 'cousas verdes ou verdura' con asimilación de -DIA en -ZA; polo tanto, escribiríase con *v*. A primeira denominación de verza en latín era BRASSICA.

Berzuda localízase pola Baixa de Ríos. Xa aparece como un topónimo no Catastro de Ensenada, no libro 768.

▶ Boán

(Antropónimo)

Boán procede do xenitivo BOLANI, relativo ao nome dun propietario medieval BOLANUS, segundo Nicandro Ares no seu *Estudos de toponimia galega.* En 1250 testemuña Dominico Petri de Boan; en 1278 faino Johan Martinz de Boan (CDO 643, 1127).

Boán é unha ampla zona cortada pola autoestrada do Atlántico polo norte; polo sur con Sanjurjo Badía; e polo este coa avenida de Bos Aires ata a rúa do Castañal. Asemade, *Boán* aparece varias veces mencionada como topónimo dentro do Catastro de Ensenada e en

documentación posterior como o Arquivo de Rueiros do Concello de Vigo de 1936.

▶ Bouza, A

(Orotopónimo)

Bouza é un topónimo moi recorrente dentro de Galicia, cunhas 153 entradas en toda a comunidade e 61 en Pontevedra; só dous en Vigo. Non obstante, nos libros de toponimia do concello de Vigo xa foi rexistrado en múltiples ocasións. Asemade, procede da voz prerromana BAUTIA, que designa terras bravas con vexetación de arbustos e monte baixo. Segundo Marta Álvarez, en *Toponimia do Val de Fragoso*, vol. 6 (2018), este topónimo ten presenza en todo o norte peninsular e fóra da área galego-portuguesa coa forma *boza.* Para Elixio Rivas Quintas, *Frampas, contribución al diccionario galego* (2001), *bouza* ten o significado de herbal, terreo con herba alta e espesa ou labradíos (ou terreo comunal) bouzados no monte, mais tamén pode designar un terreo inculto poboado de mato, como toxos, xestas, uces etc.

A Bouza é unha grande extensión de terreos, hoxe ocupados por un aparcadoiro e varios edificios que abrangue desde a entrada da avenida da Mariña (ETEA) ata a avenida de Galicia e a Travesía da Oliveira. *A Bouza* xa existía como topónimo no Catastro de Ensenada.

▶ Buíña, A

(Fitotopónimo)

Segundo o *Dicionario de dicionarios*, trátase dunha variante de ameixa (sli.uvigo.es/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=bu%C3%AD%C3%B1a&tipo_busca=lema). Tamén pode ser unha variante de *A Boíña*.

A Buíña sitúase por debaixo da volta da avenida do Atlántico, entre o camiño da Cascalleira e o camiño da Chumba.

▶ Buraco da Londra, O

(Zootopónimo)

Buraco é un termo de orixe prerromana, posiblemente céltico, que tamén formou a voz latina FORATU, participio do verbo FORARE 'furar, perforar'. Designa un afundimento ou abertura na terra, xeralmente de forma redonda. Adoita aparecer nos lugares onde existe unha depresión no terreo.

En canto a *Londra*, procede do latín LUNTRA, é o mamífero da familia dos mustélidos de pelo mesto e escuro, que vive preferentemente na beira dos ríos. Tamén se coñece como *lóntrega*, *ludra* e *lontra*.

O Buraco da Londra está situado fronte ás vías do tren, fronte ao monte do Sino, entre a igrexa de San Salvador de Teis e Os Campos das Chinitas (no Camiño Real). Localizamos tamén outros topónimos con este nome no Grove e na veciña Cangas.

▶ Buraquiña, A

(Orotopónimo)

Palabra formada polo substantivo *Buraco* (véxase *O Buraco da Londra*) e o sufixo diminutivo feminino *-iña*. Refírese a un oco pequeno.

A Buraquiña localízase á beira do río Paraisal, detrás do actual lugar onde están os bombeiros de Teis. Atopamos este topónimo tamén recollido unha ocasión no libro 768 do Catastro de Ensenada.

▶ Buxo, O

(Fitotopónimo)

Un *buxo* é un arbusto da familia das buxáceas, de follas perennes, pequenas e brillantes, e de madeira moi dura empregado para facer cu-

lleres, cuncas, gaitas etc. Etimoloxicamente provén de BUXUS, co nome científico de *Buxus sempervirens* 'buxo sempreverde'. É unha árbore de folla perenne, que pode alcanzar os 12 metros de altura, e medra en zonas de matos, outeiros e terreos secos e rochosos.

Segundo Eladio Rodríguez González, no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961):

> O buxo (*boj* en castelán) é un arbusto ou árbore de follas coriáceas e persistentes; medra moi amodo; está dotado de gran lonxevidade; florea de febreiro a maio; cultívase desde tempos antigos como planta de horta e xardín para bordear os carreiros, e antigamente se empregou con fins medicinais.
>
> *É común en Galiza; a súa madeira dura, pesada, compacta, homoxénea, de cor amarela de limón, de corte limpo e capaz de belo pulido, empregárona moito os nosos artistas para algunhas estatuas ou esculturas e para os gravados ao buxo, nos que produciron obras mestras; é ademais moi usada polos torneiros, e con ela se fixeron e se fan no noso país buxainas, culleres, fusos, panillos* para as *sonadas puntillas de Camariñas, garfos e outros obxectos varios. En terapéutica usábase o buxo e algún dos seus principios activos como* purgante, drástico, vermífugo, febrífugo e sudorífico.[15]

O Buxo sitúae dentro do barrio de Teis entre a rúa de Amieiro, a rúa da Travesía de Vigo, a autoestrada do Atlántico e a avenida de Bos Aires.

▶ Cabrón, O

(Zootopónimo)

Ilustración 4. Vista do Cabrón desde o paseo da Guía

Cabrón procede do animal CAPRA (>cabra) do latín, cun matiz aumentativo ou despectivo a través do sufixo -ón. Nun primeiro momento, designaba o animal, mais debido á forza e ao seu mal carácter, asóciase cunha persoa con malas intencións.

O Cabrón é un con, un penedo que sobresae do mar, situado na praia da Fábrica. Neste caso púidoselle chamar así a esta formación rochosa polos prexuízos que lle causaban á navegación de baixura.

▶ Cacharela, A

(Orotopónimo)

No *Dicionario da Real Academia Galega* defínese como 'morea de leña ou outro combustible que arde e fai laparada'. Porén, outros dicionarios como o *Diccionario galego-castelán* de Franco Grande (1972) defíneno como 'terreno de poco o ningún fondo y abundante en delgadas capas de tierra, la cual sale en pequeños trozos si trata de arrancarse'.

Por outra banda, outra etimoloxía, quizais máis acertada, sexa que ten base no latín vulgar *CASCULARE 'romper', no sentido de cavar e despois queimar unha superficie para sementar. Componse coa terminación *-ela*, tamén de orixe latina -ELLA, subliñando que é un diminutivo. Polo tanto, a *cacharela* sería un pequeno terreo de monte cavado onde toda a vexetación se queima para deixar unha parcela limpa para sementar. Por outra banda, existe a posibilidade de que proveña do latín CACCULU(M) 'ola'.

Esta zona de **A Cacharela** sitúase por riba da praia do Mende e da praia Suacasa. Hoxe en día, é unha zona residencial que nomea o camiño onde están as casas. *A Cacharela* xa aparece como topónimo no Catastro de Ensenada.

▶ Calciña, A ou Calaciña, A

(Orotopónimo)

De orixe un tanto incerta, pois o normal é pensar que se trata dunha palabra derivada do latín vulgar CALS* (latín clásico CALX, CALCIS), porén o noso chan non está formado deste material. Isto podería levarnos a pensar que se trata dun antropónimo, pero é unha hipótese sen confirmar, pois non atopamos ningunha testemuña nin rexistro que o verifique. Tamén podería derivar do latín *CALCEA 'zapato'.

Localízase ao lado dereito do Campo de Arriba (véxase *O Campo de arriba*), preto tamén da Barroca.

▶ Calzada, A

(Odotopónimo)

Segundo o *Dicionario da Real Academia Galega* (RAG), *calzada* é un 'camiño co pavimento de pedras' ou 'parte dunha rúa ou dunha estrada reservada ao tránsito dos vehículos, situada entre dúas beirarrúas ou beiravías'. Etimoloxicamente provén do latín vulgar *CALCIATA co mesmo sentido, derivado de CALX, CALCIS, co significado de pedra caliza. Podería, polo tanto, estar relacionada co topónimo *A Calciña*.

No libro de actas de Lavadores (1/9) de 1893 atopado no Arquivo Municipal, á hora de falar desta zona transcríbena como *Calzada*, sen artigo. Porén, todos os informantes e os documentos posteriores falan do topónimo como *A Calzada.* Mentres, no Catastro de Ensenada vemos a representación con seseo *Calsada* e tamén sen artigo (L-678, páxina 651 pola cara B). No dicionario etimolóxico de Corominas aparece dentro da entrada de *Cal* (páxina 742) e data como primeira aparición da voz un documento do ano 800.

A Calzada correspóndese coa parte final da avenida de Sanjurjo Badía, sen chegar ata a rotonda que separa esta da avenida de García Barbón.

▶ Camiño Real, O

(Odotopónimo)

A palabra *real* en relación coa nobreza vén do latín REGALIS. Por outra banda, *camiño* é unha palabra de orixe céltica, CAMMIN, que á súa vez procede de CAN co significado de paso (segundo Corominas). Foi un dos primeiros camiños feitos en Teis; discorre paralelo ás vías do tren e ao actual camiño dos Ríos. Neste camiño podemos atopar un dos moitos lavadoiros que existen na parroquia.

O Camiño Real é unha rúa que comeza na Baixada de Ríos con Caxide e chega ata a Baixada da Rotea, pasando pola igrexa de San Salvador de Teis.

▶ Camiño Vello da Madroa

(Odotopónimo)

Madroa procede do latín MATRONA 'nai', con sonorización da consoante xorda T < D e lenición da nasal, procesos comúns na evolución do noso romance. Por outra banda, *camiño* é unha palabra de orixe céltica, CAMMIN, que á súa vez procede de CAN co significado de paso, e *vello* provén de VETULUS formado por VETUS e o sufixo diminutivo ULUS.

Ilustración 5. Camiño Vello da Madroa

O **Camiño Vello da Madroa** parte da subida do camiño Paraixal de Arriba, discorre paralelo á autoestrada do Atlántico e remata nun camiño sen saída.

▶ Campiño, O

(Orotopónimo)

Este orotopónimo fórmase coa base *campo* (<CAMPU, en orixe terreo plano) e o diminutivo *-iño*.

O Campiño é un campo pequeno situado en Arnela, preto do camiño da Lama e a fonte de Arnela. Este topónimo tamén aparece por primeira vez no libro 768 do Catastro de Ensenada.

▶ Campo da Ventán, O

(Ecotopónimo)

Ventá é unha palabra que provén do latín VENTUS ('vento'). No Imperio romano as fiestras non estaban relacionadas coa luz, xa que esta entraba polo patio central, o *atrium*; por iso se relaciona co vento. É tamén esta razón pola que este campo se chama así, xa que antigamente estaba illado, sen edificación, e á beira do mar.

O Campo da Ventán sitúase no camiño do Laranxo, desde o cruzamento da Baixada da Rotea seguindo o camiño do Laranxo na primeira entrada á dereita. Trátase dun terreo chan, agora cheo de matogueiras e cunha árbore no medio.

▶ Capela da Guía, A

(Zootopónimo)

Ilustración 6. Imaxe da capela da Guía

Unha *capela* é unha igrexa pequena, polo xeral cun só altar e frecuentemente anexa a outra; porén, neste caso non está anexionada a outra igrexa. No cumio do monte da Guía, a uns 126 metros de altura, atopamos a ermida da Nosa Señora da Guía, dedicada á Virxe das Neves. Non se sabe exactamente cal é a data de construción da primeira capela ou igrexa, mais si sabemos que se foi remodelando desde o século XVII enriba do que foi primitivamente a coroa dun castro. Polo tanto, podemos deducir que foi unha zona habitada xa desde a cultura castrexa, logo romanizada e posteriormente cristianizada coa construción dunha capela neste enclave estratéxico. Desde o cumio do monte da Guía podemos observar a ponte de Rande, a enseada da illa de San Simón, a cidade de Vigo e os seus actuais estaleiros, así como boa parte do litoral morraceiro.

No século XX, Antonio Palacios quixo reconstruír a igrexa, baixo o modelo do Templo Votivo de Nigrán ou da igrexa da Vera Cruz do Carballiño, mais esta idea non chegou a realizarse. En 1951 remodelouse a igrexa a cargo do arquitecto Manuel Gómez Román, dedicado agora

Ilustración 7. Cruceiro do cumio do monte da Guía

á Virxe da Guía e ao Sagrado Corazón. A estatua deste último coroaba a igrexa, mais foi substituída por un campanario.

▶ Campo das Cadelas, O

(Zootopónimo)

Existen dúas posibles teorías para esta palabra; por unha banda, unha *cadela* é a femia do can, coñecido en latín como CANE(M). Mais tamén podería aludir a un alcume familiar despectivo *As Cadelas*, da mesma orixe ca a femia do can.

O Campo das Cadelas sitúase no Camiño Real, preto da Riouxa (actualmente existe unha fábrica nese lugar).

▶ Campo das Chinitas, O

(Antropónimo)

Procede do alcume *Chinitas*, relativo ás propietarias destas terras situadas por debaixo do monte do Sino, no coñecido como Camiño Real.

O **Campo das Chinitas** está rodeado polo Campo das Cadelas e o Buraco da Londra. Este topónimo xa existía na documentación do Catastro da Ensenada, o que mostra a súa antigüidade.

▶ Campo de Arriba, O

(Orotopónimo)

Formouse pola unión latina de AD RIPAM co sentido de 'á beira', 'enriba' ou 'ribeira'. Cando unha nave chegaba á costa, en latín empregábase esta construción, xa que se entendía que debía subir a embarcación á terra, de aí vén o noso significado actual. Así, *arribar* significa 'chegar a porto'.

O Campo de Arriba sitúase por riba da Finca de Ferrín (véxase *A de Ferrín*), entre A Calciña, O Laranxo e O Figueiral.

▶ Campo de Arriba, O

(Orotopónimo)

Arriba é unha palabra latina que vén de AD RIPAM co significado de 'á beira'. Neste caso é un campo situado moi preto da beira do mar, practicamente dentro da praia do Mende, de aí o seu nome.

O Campo de Arriba son unhas terras que tocan coas vías do tren, no actual camiño do Laranxo.

▶ Campo do Gato, O

(Antrotopónimo)

Gato provén do latín CATTUS. *O Gato* sería o alcume da persoa que traballaba ese terreo ou do propietario.

O Campo do Gato estaba situado na primeira travesía de Purificación Saavedra, hoxe cheo de edificios.

▶ Canadelo, O

(Ecotopónimo)

Canadelo é un derivado remoto de CANNA 'cana' a través de CANADO + ELO, e *canado* é un cántaro, vasilla ou medida para líquidos. Un *canado* (que son dúas olas de viño de 16-18 litros) podería ser un campo de viñas que dese anualmente entre 32-36 litros de viño. O sufixo -ELO indica a súa orixe formativa na época medieval. Este topónimo está dividido en dous: o Canadelo Alto e o Canadelo Baixo.

Ilustración 8. O Canadelo Alto, O Canadelo Baixo e San Lourenzo

Actualmente, **O Canadelo Alto** non pertence ao termo municipal de Teis, porén no Catastro da Ensenada si que se recolle como unha zona pertencente a este barrio. Está situada paralelo á rúa de García Barbón.

Aparece por primeira vez no Catastro de Ensenada, no libro 768 sen artigo (páxina 10).

O Canadelo Baixo está situado na zona do edificio da Seguridade Social, paralelo a García Barbón. Tanto O Canadelo Alto coma O Canadelo Baixo forman, dentro da paisaxe urbana desta zona de Vigo, unha 'tradicional aldea galega' con casas unifamiliares baixas que outorgan un verdadeiro valor paisaxístico da zona rural de Vigo antes da urbanización deste núcleo vigués comezada xa no século XIX. Tanto O Canadelo Alto coma O Canadelo Baixo aparecen no Catastro de Ensenada.

▶ Cancelo, O ou Canselo, O

(Ecotopónimo)

Esta voz –pronunciada e escrita habitualmente con seseo– deriva do latín tardío CANCELLA 'reixa'. A forma máis viva é o uso do feminino *can-*

Ilustración 9. Lavadoiro do camiño do Cancelo

cela co significado recollido pola RAG de 'porta formada por táboas ou paus separados entre si e unidos aos traveseiros, que pecha o paso a unha propiedade'. Un *cancelo* é unha especie de cancela pequena, de táboas vellas e desiguais.

Ilustración 10. Lavadouro do Cancelo

O Cancelo localízase ao atravesar a rúa dos Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres ata Espiñeiro por debaixo. Nesta zona temos, nunha das baixadas cara ás Maceiras, un lavadoiro cuxo estado é hoxe dun lamentable abandono. Tanto a forma *Cancelo* coma a variante popular con seseo *(Canselo)* aparecen no libro 768 do Catastro de Ensenada.

▶ Canexa dos Mouros, A

(Fitotopónimo)

Mouros provén do latín MAUROS, un xentilicio que designaba os habitantes da zona norte occidental de África, coñecida como Mauritania. Mais na tradición oral galega coa voz *mouro* refírese a todo o que é anterior ao cristianismo e delata acotío a presenza de restos arqueoló-

xicos megalíticos, castrexos ou mesmo romanos, con lendas asociadas a elementos precristiáns. É moi probable que o topónimo **A Canexa dos Mouros** delate un camiño antigo, un petróglifo, unha mámoa, un castro etc., nas súas proximidades.

Por outra banda, *canexa* deriva do latín CANNA 'cana' mais o sufixo *-exa* (escaso na toponimia). Segundo Navaza Blanco (2006), moitos dos topónimo con esta raíz poden non referirse á presenza de canas no terreo, senón que metaforicamente aluden a un 'cilindro oco', a conducións das augas, e poden confluír con derivados do CANALE latino.

Efectivamente, do CANALE latino temos en galego as voces *a canle*, *a cal* e *a can* (por exemplo, a parroquia de Cans no Porriño), normalmente dos muíños, mais os seus derivados *canella*, *calella*, *canicouva*, *canicosta*..., que significan camiños ou ruelas estreitas ou pequenas. *Canexa* podería ser tamén un derivado de *can* mais o sufixo pexorativo *-exo/a* ao xeito de 'canella' ou 'calella' (esp. *calleja*) e, así, sería equivalente a *ruela* ou *camiño dos Mouros*.

A Canexa dos Mouros localízase no camiño de San Ignacio (na zona coñecida como Bellavista, preto dos Foxos). Este topónimo aparece recollido no Catastro de Ensenada.

▶ Canexón da Barxa

(Hidrotopónimo)

Termo prerromano que ten relación cos terreos situados nas marxes dos ríos que con frecuencia son anegados pola auga. *Barxa* é unha variante fonética de *barcia*. Con orixe *WAR 'auga', por iso na normativa galega aparece como *varxa* ou *vacia*. En Galicia atopamos trinta lugares con este nome en singular e en plural. Así, o Nomenclátor recolle a escrita tradicional con *b*-. O substantivo *Barxa* provén da forma medieval *VARCENA ou *VARGENA.

O **Canexón da Barxa** sitúase na Barxa, na rúa de Santa Tegra, preto da avenida de Guixar.

▶ Canón de Ouro ou Canón Douro

Segundo os nosos informantes, trátase dun bar moi concorrido pola veciñanza, onde se celebraban a maioría de bailes e de festexos. Polo tanto, este topónimo deriva do nome do bar, hoxe inexistente.

Ilustración 11. Lavadouro de Fontáns

Era un terreo situado entre o lavadoiro de Fontáns (véxase *Fontáns*) e o actual campo de fútbol da Guía. Este topónimo non existía na documentación do Catastro de Ensenada, xa que é de creación recente.

▶ Canos, Os

(Hidrotopónimo)

Está formado sobre o feminino de cana <CANNA. Este latinismo parece que foi tomado do grego κανων ou καννα.

Os Canos identifícase con varias zonas. Segundo algúns informantes, correspóndese coa encrucillada de Bos Aires e Sanjurjo Badía **(Cruce dos Canos)**; outros especifican que discorría ata o actual Lidl (rúa de Maceiras con Doutor Corbal). Porén, outros, unha minoría, especificaron que se denominaba **Os Canos** todo o percorrido que facía a rúa de Sanjurjo Badía ata A Calzada.

A pesar destas pequenas discrepancias entre a veciñanza, está claro que todos denominaban como **Os Canos** a zona do cruzamento das rúas de Bos Aires e de Sanjurjo Badía, polo cal decidimos localizar

este lugar dentro destes marcos comúns. Este topónimo débese a que debaixo destas terras, hoxe cimentadas e pavimentadas, existían uns regos encanados que levaban a auga aos campos de labranza e ás casas. Asemade, é un dos topónimos máis recorrentes dentro do Catastro da Ensenada, incidindo así na súa importancia durante a historia de Teis. Neste catastro transcríbese como *Os Canos*, porén hoxe en día moitas das persoas do lugar e de fóra empregan a forma híbrida *Os Caños* ou a completamente castelanizada *Los Caños.*

▶ Carballeira da Guía, A

(Fitotopónimo)

Derivado de carballo, procede da voz prerromana CARBA- 'mato' mais o sufixo abundancial *-eira*. Unha *carballeira* é un lugar poboado de carballos. O carballo (*Quercus robur* ou *Quercus pedunculata*) é unha árbore caducifolia, que pode chegar aos 15 ou 20 metros de altura; pode vivir varios séculos e acadar uns 40 metros de altura. É a especie máis abundante da Europa atlántica e a árbore máis em-

Ilustración 12. A Carballeira da Guía

blemática de Galicia. A orixe da voz *carballo* semella prerromana, probablemente celta, que sobreviviu á voz latina ROBUR, que deu en galego a voz *rebolo* ou en castelán *roble*. Por outra banda, este topónimo non está recollido nin na documentación antiga nin no Catastro de Ensenada, no seu lugar encontramos o topónimo *A Guía* (véxase *Guía, A*).

Esta carballeira está situada nunha das ladeiras do monte da Guía, onde se fan as festas da Guía e da Sardiña. Linda coa coñecida Quinta de Mirasol, hoxe unha urbanización con ese mesmo nome. Era unha propiedade privada que lle doou dona Fermina á veciñanza co compromiso de non a privatizaren e deixárena como lugar de reunión.

▶ Cartas, As

Nun primeiro momento, podemos pensar que provén da palabra CHARTA 'papel' en latín; porén non procede deste termo senón de QUARTAM, tamén latino, co significado de 'cuarta parte de algo'. Neste caso, refírese ás divisións de terreos en catro partes. Por outra banda, na documentación do Catrastro de Ensenada xa citada observamos o topónimo *Campos das Cartas*, en plural; posiblemente referíndose a esta división en catro partes.

As Cartas é un terreo situado pola parte de arriba do camiño do Laranxo, fronte á entrada por arriba ao parque da Riouxa, moi preto das Ánimas. No Catastro de Ensenada (páxina 20) vén catalogada como *Campos das Cartas*, reforzando así a concepción deste topónimo como plural desde tempos antigos. Volve aparecer con artigo plural no Libro Real de Eclesiásticos, esta vez xa como *As Cartas*.

▶ Casa do Abade, A

(Antrotopónimo)

Casa procede do latín CASA 'cabana ou chouza'. É moi habitual na microtoponimia, porén o usual é que apareza ligada a outro nome que a complete e explicite como é este caso e os que veremos máis adiante.

A palabra *abade* provén do arameo ABBA 'pai' a través do grego bizantino αββα. O seu uso eclesiástico remóntase ao século V no mosteiro de Siria.

A Casa do Abade está ao lado de cemiterio de Teis. Tamén se coñece como **A Casa do Cura**, dada a súa vinculación relixiosa.

▶ Casa do Alcalde, A

(Antrotopónimo)

A Casa do Alcalde debe o seu nome a que se trataba da vivenda do antigo alcalde de Teis situada no camiño do Pingue, facendo esquina coa Ferreira, fronte ás vías do tren.

En canto á súa etimoloxía, este antrotopónimo deriva do cargo político que desempeñaba o seu propietario. Así, *alcalde* é un préstamo árabe procedente de AL-QADI 'o xuíz' e á súa vez este provén do verbo QADA 'xulgar'.

▶ Casa do Bispo, A

(Antrotopónimo)

A denominación *bispo* procede do grego EPISCOPUS formado por EPI 'arriba' e SCOPUS 'observador'.

A Casa do Bispo atópase na rotonda do Doutor Corbal, en fronte do instituto da Guía. Esta casa pertence ao bispado de Tui-Vigo e á diocese católica latina de Tui-Vigo. Este conxunto de casa dentro dunha mesma

Ilustración 13. A Casa do Bispo

Ilustración 14. Vista da entrada á Casa do Bispo

quinta era o antigo chalé dos Ferrín, familia que se dedicaba ao ouro (e á parte tiñan unha fábrica de cepillos), mais vendéronlla ao bispado despois de se arruinaren.

▶ Casa Vella

(Ecotopónimo)

É moi usual dentro da toponimia e da microtoponimia o uso de *casa* acompañando ou ligada a outro nome (substantivo ou adxectivo) que a complete e especifique, como é o noso caso actual. Así, *casa* provén do latín CASA co sentido de 'cabana ou choza', non o significado actual, moito máis xenérico. Este *casa* vén enlazada con *vella*, especificando que non se trata dunha casa común senón concretando o seu significado e, polo tanto, a súa localización. Así, *vella* procede do latín VETULA, adxectivo que expresa unha idade avanzada. É moi común na toponimia que *vella* acompañe substantivos comúns como *eira*, *casas*, *campos* etc.

Segundo unha das informantes, a **Casa Vella** está no camiño de Espiñeiro, subindo o monte da Guía, onde hoxe temos unha pequena praza.

▶ Casal

(Ecotopónimo)

Os *casais* eran un conxunto de casas, xunto cos campos e leiras, que formaban un pequeno grupo no campo ou dentro dun pequeno núcleo de poboación. Provén da palabra latina CASA. Este topónimo está separado en: **Casal de Arriba** e **Casal de Abaixo.**

Tanto **Casal de Arriba** coma **Casal de Abaixo** é unha zona hoxe moi densamente poboada, con camiños estreitos entre casas unifamiliares de entre unha e dúas plantas. Suponse que aquí houbo un núcleo de poboación importante. A maioría das casas hoxe están remodeladas, pero aínda podemos observar os vellos muros de pedra sobre os que se asentaron algunhas delas.

Como explicamos, Casal está repartido en dúas zonas: o **Casal de Abaixo** sitúase por debaixo da rúa de Vista do Mar, composta polas actuais rúas de Escalinata e de Cantabria; e o **Casal de Arriba**, que comparte parte do seu territorio co barrio veciño de Sampaio.

▶ Cascalleira

(Orotopónimo)

Provén do latín vulgar *QUASSICARE 'sacudir'. Unha *cascalleira* é un lugar onde abundan os cascallos, lascas e pedras miúdas. Con respecto á súa documentación, observamos a súa mención dentro do Catastro de Ensenada, no libro 768.

Cascalleira localízase en Padín de Abaixo, nunha zona entre a autoestrada do Atlántico e a avenida de Galicia. Encóntrase tamén na rúa do Párroco Don Serafín e o camiño das **Ánimas.**

▶ Castañal, O

(Fitotopónimo)

Deriva de *castaña* mediante o sufixo abundancial *-al*, procedente do latín -ALE, común para a formación de colectivos. Un *castañal* é, por tanto, un terreo poboado por castiñeiros. *Castaña* procede do latín CASTANEA, tomado do grego καστανεια.

Como curiosidade, a percepción visual que produce a cuberta destes froitos (en realidade da semente, unha vez retirado o ourizo) deu

lugar ao nome dunha cor, o *castaño*, termo que está a ser substituído polo galicismo *marrón* (Marta Álvarez, 2019).

O Castañal localízase paralelo á rúa de Sanjurjo Badía ata a rúa de Boán, limitado nos costados polo Toural de Adentro.

▶ Catro Camiños, Os

(Odotopónimo)

Vimos que *camiño* é unha palabra de orixe céltica CAMMIN que, á súa vez, procede de CAN co significado de paso. Esta denominación, de *catro camiños*, xorde dunha encrucillada de catro sendeiros localizados na Coutada Grande. **Os Catros Camiños** é un topónimo que só puidemos rexistrar grazas aos testemuños da veciñanza. É un topónimo moi vivo na zona, pero inexistente no Nomenclátor e no Catastro.

▶ Catro Pontes, As

(Ecotopónimo)

Ilustración 15. Vista das Catro Pontes desde a avenida de Galicia

Pontes provén do latín PONTEM 'construción feita para unir dous puntos salvando algún obstáculo como un foxo, río etc.'.

As Catro Pontes está situada onde finaliza o termo municipal. Exactamente está composto por catro arcos dunha soa ponte, dos que dous pertencen a Teis e os outros dous a Redondela, de aí o seu nome. Esta ponte cruza por riba do río Pumariño, que fai límite territorial entre os concellos de Vigo e de Redondela.

▶ Cavada, A

(Orotopónimo)

É o participio do verbo *cavar*, do latín CAVARE, que significa remexer a terra facendo sucos ou profundar para abrir cavidades.

A Cavada é a zona da entrada á ETEA na estrada de Ríos. Pode ser unha superficie máis fonda no centro ca nas beiras, un anaco de monte que se cava para convertelo en labradío ou un foxo que se fai na terra cando se cava.

▶ Caxide

(Fitotopónimo)

Ilustración 16. Vista da repartición de terreos (Caxide, Arnela, A Trapa e Ríos)

Caxide é un abundancial de *Caxigo*, unha árbore da familia do carballo (*Quercus lusitanica* ou *Quercus ilex*). Así, *Caxigo* vén da raíz prerromana KAX-. Entendemos que no seu pasado foi un lugar cheo de carballos.

Hoxe en día está practicamente sen vexetación e cheo de casas baixas. Atopamos no Nomenclátor oito Caxides máis en Gondomar, Lalín, Pantón, Silleda, Vila de Cruces, rodeiro, Parada de Sil e ribadumia.

Caxide sitúase entre Arnela e A Trapa, preto e detrás do instituto público de Teis. *Caxide* é outro dos múltiples topónimos que puidemos atopar no Catastro de Ensenada, xunto con outra documentación do Arquivo Municipal do Concello de Vigo consultada.

▶ Cerdeira, A

(Fitotopónimo)

Procede do latín CERESARIA, dun antigo CERCEIRA, por disimilación. A cerdeira *(Prunus avium)* é a árbore da familia das rosáceas duns cinco metros de alto, tronco liso e flores brancas, que ten como froito a cereixa.

A Cerdeira refírese a un lugar onde había cerdeiras ou cereixeiras. Atópase baixo Caxide, na segunda e terceira travesía.

▶ Chan do Labrego

(Ecotopónimo)

No galego occidental o topónimo *Chan* ten orixe no latín PLANU ou no seu feminino PLANA. É un orónimo que designa un terreo sen desniveis situado nunha ladeira dun monte. Por outra banda, *labrego* procede do latín LABRAR, de LABORARE, verbo que significa sufrir esforzos e designa a idea de traballar mediante un grande esforzo físico. Polo tanto, estamos ante un terreo sen desniveis empregado orixinariamente para o labradío ou terra de cultivo ou por ser un terreo propiedade dun labrador ou labrego.

Chan do Labrego a zona chaira do monte veciñal, desde os Campos de Candeán ata o cemiterio novo de Candeán. É un dos múltiples topónimos atopados no libro 768 do Catastro de Ensenada.

▶ Chan do Río, O

(Orotopónimo)

Véxase *Chan do Labrego*. *Río* provén do latín RIBUS.

O Chan do Río sitúase entre a Murada de Arriba (ou Riba) e o regato do Paraixal, de aí o seu nome, pois está moi preto deste regato.

▶ Chouso, O

(Orotopónimo)

Voz derivada do latín CLAUSU(M) co significado de 'cercado ou lugar pechado'. O Gran Xerais defíneo como 'aquel terreo inculto de calquera extensión que está cerrado cun chousume ou valado'. Nalgúns informantes puidemos escoitar a variante *Chouzo*, porén a forma correcta é *Chouso*. Así *Chouzo* é unha ultracorrección dun posible seseo que esta palabra non ten, como ocorre no *Chouzo* de Coia (por hipercorrección).

O Chouso é un terreo acaroado ás vías do tren entre o camiño da Cacharela e Os Mendes. Na actualidade é unha propiedade privada empregada para a agricultura de hortalizas.

▶ Chozas

(Ecotopónimo)

Unha *choza* é unha pequena construción de paus e estacas, recuberta de palla, que serve para o refuxio no campo, é dicir, unha construción rústica. Provén do latín PLUTEU(M) e na súa orixe era unha armazón de táboas usadas para protexerse das frechas inimigas.

Chozas é unha zona localizada preto de Frián, preto do colexio privado Bouza Brey e a rúa de Cantabria.

▶ Chumba, A

(Fitotopónimo)

Por unha banda, *chumba* é un sinónimo de figo ou figueira. No dicionario de Francisco Porto Rey (1900) é definida como 'higuera de hojas muy robustas llenas de espinas; saliendo unas de otras forman el tallo'. Este vocábulo provén do latín PLUMBUM, que palatalizou o PL- a /t͡ʃ/ nas orixes do noso idioma. Pola outra, pode ser un terreo que estrema ou de fondo entre varios terreos.

A Chumba atópase despois do parque da Riouxa seguindo paralelamente a avenida de Galicia.

▶ Conde, A do

(Antrotopónimo)

Conde vén do latín COMITE(M) co significado de compañeiro e camarada. No Baixo Imperio os condes eran os nobres que vivían no pazo imperial e acompañaban os reis nas súas expedicións. Logo, co tempo, converteuse nun grao da xerarquía feudal. E na actualidade un *conde* é un nobre de rango inmediatamente inferior ao de marqués.

A do Conde é unha casa ou un pazo do que só podemos hoxe atopar as ruínas no monte da Guía, xa tapadas polas silveiras. Descoñecemos se na súa orixe foi unha casa dun conde (nobre) ou dunha persoa apelidada *Conde*. Esta casa foi requisada polo exército na Guerra Civil, mais agora é unha casa abandonada. Tamén é coñecida como a **Finca ou Quinta do Conde**. Neste terreo hoxe desdebuxado polo paso do tempo e abandonado existía unha gran camelia antes da Guerra Civil.

▶ Coutada Grande, A

(Ecotopónimo)

As *coutadas* son terreos gañados ao monte e logo cercadas ou valadas para o uso persoal. *Coutada* é o participio de 'coutar', verbo creado de couto < CAUTO, participio derivado, á súa vez, do verbo CAVERE co significado de protexer ou coidar, ou tamén de CAPTO, terra arrebatada ou capturada ao monte.

A Coutada Grande son terreos por riba das Coutadas no barrio das Flores. Chámanse así por seren uns terreos pegados ao que se coñece como *As Coutadas.*

▶ Coutadas, As

(Ecotopónimo)

As *coutadas* son terreos gañados ao monte e logo cercadas ou valadas para o uso persoal. *Coutada* é o participio de 'coutar', verbo creado de couto < CAUTO, participio derivado, á súa vez, do verbo CAVERE co significado de protexer ou coidar, ou tamén de CAPTO, terra arrebatada ou capturada ao monte.

Hoxe esta zona correspóndese só coa rúa situada preto da piscina municipal de Teis. Vai desde a actual rúa de Santander subindo cara ao

camiño de Freán e atravesa a autoestrada do Atlántico. Segundo os informantes da zona, este nome correspóndese con toda a zona do actual barrio das Flores e a rúa de Robleda.

Oficialmente rexistrouse este topónimo sen o artigo, como *Coutadas*, mais a maioría de informantes sinalaron o nome tradicional co artigo: **As Coutadas**.

▶ Caride, O

(Antropónimo)

Trátase dun antropónimo medieval QUAERITUS en xenitivo. É o nome dun antigo posesor destas terras (TERRA) QUAERITI 'propiedade de terra' de QUAERITUS. Esta voz latina en xenitivo deu lugar a **Queride* e de aí pasou ao noso actual topónimo. Algúns dos informantes empregaban o artigo masculino singular diante do nome, *O Caride.* Oficialmente este topónimo está rexistrado sen o artigo, porén podería ser que a pronuncia tradicional, como pasa en moitos topónimos, sexa co artigo.

O Caride limita coa rúa de Numancia, Toxal, Aragón, Cantabria e Pouleira ata a autoestrada AP-9. Dentro desta zona atopamos tamén os topónimos *Poulo* (véxase *Poulo*) e *Viso* (véxase *Viso*).

▶ Coutadiñas, As

(Ecotopónimo)

Fórmase co participio do verbo *coutar* ('coutada') mais o sufixo diminutivo *-iño* tan propio da nosa lingua. *Coutar* provén de couto <CAUTO, participio derivado á súa vez do verbo CAVERE co significado de protexer ou coidar.

As Coutadiñas son terreos preto das Coutadas no barrio das Flores. Chámanse así por ser uns terreos pegados ao que se coñece como *As Coutadas*.

▶ Couto, O

(Orotopónimo)

No *Dicionario da Real Academia Galega* aparece como os seus significados, por unha banda, conxunto de aldeas e lugares que formaban parte

do territorio señorial e, pola outra, un terreo ou conxunto de terreos delimitados e reservados para algunha actividade. Etimoloxicamente *couto* deriva do latín CAUTO, participio derivado, á súa vez, do verbo CAVERE co significado de protexer ou coidar. Non debemos confundilo con *coto*, pois este coto ten unha orixe diferente, no latinismo COTT-. O Proxecto de Toponimia de Galicia[16] rexistra máis de oitenta lugares con este nome.

O Couto sitúase entre dous topónimos con nomes case idénticos, *O Cunchido* e *Os Cunchidos*.

▶ Covas, A de

(Antrotopónimo)

Unha *cova* pode ser unha cavidade natural ou artificial no terreo, unha cavidade que lles serve de refuxio ou de vivenda a certos animais ou unha depresión nunha superficie e mesmo a sepultura, propiamente cando está cavada na terra (cun uso máis familiar).

Procede do termo hispano COUA. Algúns autores prefiren consideralo como un dialectalismo itálico e outros como unha forma autóctona da Hispania occidental ou un celtismo.

Este topónimo refírese a unha antiga quinta preto do centro cívico de Teis. Segundo unha das informantes, este terreo pertencía a un médico relixioso. Polo tanto, neste caso, o topónimo provén dun apelido (antropónimo).

▶ Cruceiro da Guía

(Haxiotopónimo)

A palabra *cruceiro* provén do substantivo *cruz*, con orixe no latín CRUCE(M) mais o sufixo *-eiro*. Un cruceiro pode referirse a unha encrucillada de camiños ou a unha cruz de pedra, lisa ou con figuras esculpidas, sobre unha longa columna asentada nunha plataforma, que se sitúa principalmente nas encrucilladas, á beira dos camiños, nos límites das parroquias e nos adros das igrexas (RAG).

---

16 xunta.gal/nomenclator?p_p_id=NomenclatorPortlet_WAR_NomenclatorPortlet&p_p_lifecycle=1&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=2&resultadosNavPax=1&concello=&parroquia=&lugar=couto&provincia=0&orde=1&ordeInverso=non.

Este cruceiro está no cumio do monte da Guía, mais polo camiño para subir ata a ermida podemos observar diferentes vías de cruceiros. Unha das informantes da zona contou que estas vías de cruceiros eran moi importantes na procesión da virxe, pois os crentes subían de xeonllos ata a igrexa e paraban en cada un dos cruceiros para expiaren os pecados. Esta tradición xa non se mantén viva.



Ilustración 17. Vía-cruceiro do monte da Guía

Ilustración 18. Vía-cruceiro da rotonda da Guía

▶ Cunchido

(Orotopónimo)

Cunchido é un derivado de cuncha do latín CONCHULA, diminutivo de CONCA ('concavidade'). *Cunchido* ou a variante *Cunchide* pode referirse se está na costa a unha porción con abondosas cunchas ou, se está máis no interior, a un terreo no que se empregaron as cunchas para mellorar a súa fertilidade agrícola.

Cunchido son uns terreos situados fronte á Fonte de Dentro, por onde pasa o actual Camiño Real e o Montecanastro, xunto ao Couto. Como o seu nome indica, está preto da costa, mais non á mesma beira, polo que podemos deducir que sería un terreo no que se empregaron as conchas para mellorar a súa fertilidade agrícola.

▶ Cunchidos, Os

(Zootopónimo)

Cunchidos é un abundancial da palabra cuncha, do latín CONCHULA, diminutivo de CONCA ('concavidade'). *Cunchido* ou a variante *Cunchide* pode referirse no litoral a unha extensión abondosa en cunchas (areal cuberto de cunchas) ou, se está no interior, a un terreo no que se empregaron cunchas esmagadas como fertilizante agrícola. *Os Cunchidos* aparecen na documentación do Catastro de Ensenada, libro 768, como *Cunchido*.

Son uns terreos pegados ás vías do tren, por riba das Hortas. Sitúanse entre O Camiño Real e a rúa de Arnela, pechado polos laterais polo Couto e polo camiño de Arnela. Como o seu nome indica, está preto da costa, mais non á mesma beira, polo que podemos deducir que o significado máis achegado será o segundo: un terreo no que se empregaron as cunchas como fertilizante.

▶ Currás, Os

(Ecotopónimo)

Currás é o plural patrimonial de *curral*, espazo situado preto ou a carón da casa labrega, descuberto e xeralmente valado, onde se ceiban certos animais domésticos, gardan os apeiros ou o carro, a leña ou o toxo etc. (RAG). Segundo Navaza (2007a), procede do latín vulgar CURRALE.

Os Currás xeograficamente están situados entre a rúa de San Xoán e a rúa da Fonte.

▶ Detrás do Lagar

(Ecotopónimo)

A locución preposicional 'detrás de' indica unha posición nun lugar posterior. O *lagar* é un lugar preparado para prensar certos froitos, como as uvas, as mazás ou as olivas, co fin de que solten o líquido que conteñen. Segundo Eladio Rodríguez, no seu dicionario[17] un *lagar* é un 'estanque donde se pisa la uva para exprimir el mosto, que tiene un picho por donde pasa el líquido al *pío*, *para* echarlo después en las

17 Eladio Rodríguez González (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

cubas'. *Lagar* procede do latín LACUS co significado de 'estanque ou depósito de líquido'. O lagar pode ser onde se fai o viño ou a augardente.

Polas pescudas realizadas non podemos concluír que exista ou existise un topónimo *Lagar*; aínda que é moi plausible que fose un topónimo perdido ao longo do tempo, xa que temos o topónimo *Detrás do Lagar* documentado desde o Catastro de Ensenada.

▶ Devesa, A

(Ecotopónimo)

Ten a súa orixe no latín DEFENSA, participio do verbo DEFENDERE, CO sentido de 'defender, vedar ou prohibir'. Son xeralmente terreos extensos, poboados de árbores non moi mestas, normalmente valados ou cercados e que se poden empregar para o gando. É un topónimo moi vivo, xa que no Proxecto de Toponimia de Galicia rexistra máis de oitenta lugares co seu nome ou con derivados.

A Devesa coñécese tamén como *A dos Lobos*. Sitúase onde están os chalés de Atalaia, preto da escola infantil da Guía. Segundo un dos informantes, era un terreo cheo de carballos. Aparece na documentación do Catastro de Ensenda, libro 768, como *Cunchido*.

Tamén temos o **Camiño da Devesa** na outra extrema do barrio, por debaixo do centro privado Bouza Brey, na súa fronteira con Sampaio.

▶ Divisións

(Odotopónimo)

Existen dúas posibles teorías para explicar este topónimo. Por unha banda, pode ser un préstamo latino (século XV) de DIVIDERE 'partir ou separar', da mesma familia etimolóxica latina de divisa, divisar. Así estariamos ante un terreo partido ou separado, xa sexa pola orografía ou pola acción do ser humano.

Divisións era unha antiga carballeira, hoxe inexistente, que se atopaba debaixo da estrada de Vigo-Redondela. No Catastro de Ensenada podemos atopar o topónimo *A Divisiña*, que quizais teña relación co topónimo que nos ocupa.

▶ Don Pepito, A de

(Antrotopónimo)

Pepito é un diminutivo de *Pepe*, hipocorístico castelán de *José*. Dise que Pepe provén da forma PATER PUTATIVUS empregada no latín para denominar a San Xosé, aínda que o máis probable é que sexa unha adaptación do catalán *Pep*, hipocorístico de *Josep*. En galego o hipocorístico patrimonial de Xosé sempre foi *Xepe* (de *Xosepe*), forma hoxe case en desuso. En calquera caso, *Pepe* é un castelanismo moi asentado en lugar do galego *Xepe*.

Segundo unha das nosas informantes, **A de Don Pepito** trátase da casa dun dos primeiros fotógrafos da zona, situada na primeira travesía da Oliveira. Mais segundo outro informante, esta casa correspóndese cunha quinta situada na Baixada á Igrexa, en fronte da gasolineira. Tratábase dun médico, José Iglesias, irmán de Eduardo Iglesias.

▶ Dona Fermina

(Antrotopónimo)

Dona Fermina é unha das veciñas ilustres máis recordadas actualmente pola veciñanza da Guía, aínda que non existe moita información sobre ela. Sabemos que era unha muller de posibles e que era a propietaria da maior parte dos terreos que lindan co monte da Guía. Á súa morte legoulle estes terreos ao pobo, como a carballeira da Guía, coa condición de que non os vendesen nin edificasen. A súa única finalidade sería como espazo de lecer e de diversión para a veciñanza.

Actualmente existe unha avenida co seu nome. A **Avenida de Dona Fermina** é a estrada que sobe cara ao monte da Guía desde o instituto e todo o paseo de subida á ermida.

▶ Doutor Corbal, A Quinta do

(Antrotopónimo)

O doutor Corbal foi un médico moi famoso nesta parroquia e en Lavadores foi coñecido como o médico dos pobres. Cesáreo Corbal Lema, nado o 26 de febreiro de 1884 en Santiago de Berdeogas, Dumbría, estudou medicina na Universidade de Santiago de Compostela ata 1907. Mudouse á parroquia de Teis polas poucas posibilidades de exer-

Ilustración 19. Fotografía da placa na rúa de Doutor Corbal

cer a súa profesión tanto en Santiago de Compostela coma en Dumbría. Comezou visitando enfermos de baixos recursos, por altruísmo, de aí o seu alcume: o médico dos pobres.

O 4 de abril de 1926 celebrouse na parroquia, neste caso cando aínda pertencía a Lavadores, unha homenaxe a este doutor e colocáronse dúas placas preto de onde residía. Esta decisión foi impulsada por Honorato Fernández Míguez, o boticario da Calzada, alcalde do municipio. Estas placas sufragáronse cos cartos doados pola veciñanza e esculpidas polo escultor cambadés Francisco Asorei, polo que se consideran un ben cultural da cidade de Vigo.

Durante a Segunda República, Cesáreo Corbal militou no Partido Republicano Conservador, un partido aconfesional. Durante a Guerra Civil exerceu de médico na quinta dos xesuítas, en Bellavista.[18] Á parte de ir casa por casa, tiña unha consulta no actual edificio do Banco Pastor e no sanatorio de Santa Cristina no Calvario. Faleceu no ano

18 lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2020/12/28/dumbries-medico-pobres-vigo/0003_202012C28C5992.htm.

1952, deixando unha profunda pegada de xenerosidade como médico entregado á súa profesión.[19]

A Quinta do Doutor Corbal, hoxe ocupada por edificios de pouca altura e casas baixas, estaba situada arredor do actual colexio Possumus na rúa de Purificación Saavedra.

Aínda que o apelido estea escrito con B, debería ser con V, pois *Corval* deriva de *corvo*.

▶ Eira Vella, A

(Ecotopónimo)

Unha *eira* é un sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc. Procede do latín AREA mais o sufixo diminutivo-afectivo -INAM (véxase *Camiño Vello da Madroa*).

En canto a *vella* é moi común na toponimia que este adxectivo acompañe substantivos como *eira*, *casas* ou *campos*. *Eira Vella* xa vén rexistrado como microtopónimo no Catastro de Ensenada no libro 768 (páxina 40), o que data a súa antigüidade.

A Eira Vella localízase na Oliveira de Arriba, dentro da rúa de Doutor Corbal. No Catastro de Ensenada atopamos o topónimo *Eira Bella*.

▶ Eira, A

(Ecotopónimo)

Unha *eira* é un sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc. Provén do latín AREA mais o sufixo diminutivo-afectivo -INAM.

A Eira sitúase entre o camiño de Gondosende e a rúa da Oliveira. Pódese ver esta zona rodeada de rosa. A azul trátase da Oliveira de Abaixo.

---

19 lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2016/01/11/ayuntamiento-lavadores-dedica-calle-doctor-corbal/0003_201601V11C4992.htm.

▶ Espedregal, O

(Orotopónimo)

Un *espedregal* era un terreo cheo de pedras que foron retiradas para poder cultivalo. Provén do latín PETRA(M) 'rocha' xunto o prefixo *ex-* (fóra) e o sufixo abundancial *-al*. Polo tanto, temos un orotopónimo, que indica a composición do terreo. En Vigo temos outro topónimo emparentado: *A Espedrigada*, na antiga parroquia de Coia, hoxe entre as rúas da Florida e de Balaídos.

Ilustración 20. Vista aérea do Espedregal

O Espedregal de Teis está situado na ladeira do monte da Madroa, moi preto do seu cumio.

▶ Espiñeiro

(Filotopónimo)

Procede do latín SPINU 'espiño' (arbusto espiñoso bravo, do que hai distintas variedades con froitos que poden ser comestibles ou non) mais o sufixo abundancial *-eiro* (<ARIO). No Nomenclátor rexístranse dezasete lugares con este nome, entre os cales está o noso. Trátase dun lugar abundante en arbustos espiñosos.

Espiñeiro é unha zona moi ampla do barrio de Teis, que vai desde as factorías de Vulcano ata o inicio do monte da Guía, na avenida de Dona Fermina.

▶ ETEA

(Ecotopónimo)

A ETEA é un topónimo recente, son a siglas de Escola de Transmisións e Electricidade da Armada. Era un complexo militar estratéxico pola súa posición no interior da ría construído a finais de 1950, que cesou a súa actividade a comezos do século XXI. Porén, xa en 1916 se instalara unha

primixenia base naval na enseada de Ríos, en principio duns 2000 m^2 que logo se foi ampliando co paso do tempo. Segundo González Fernández (2003: 300), tiña a misión de protexer a ría no caso de invasións, xa que dispoñía de dragaminas, pero co tempo pasou a só considerarse un posto de abastecemento dos buques da armada e unha estación de submarinos. En 1939 a armada española decidiu crear a escola de formación técnica ETEA, en funcionamento ata o seu peche en 2001.

Ilustración 21. Restos da ETEA

Hoxe en día esta área está parcialmente abandonada con edificios sen uso e, sobre 2010, comezou unha remodelación cun parque infantil, bancos, zona de patinaxe, dous pequenos campos de fútbol, dúas mesas baixo un merendeiro, pista de *skate* e un bar de praia. Está prevista a remodelación dos edificios e das instalacións deportivas e a instalación de diversas facultades da Universidade de Vigo relacionadas co mar. A ETEA instalouse enriba dos terreos coñecidos historicamente

como Ríos (véxase a imaxe), porén cremos que existían na actual ETEA moitos máis topónimos que hoxe en día catalogamos como toponimia perdida e que os informantes vivos non nos puideron legar.

▶ Fábrica, A

(Ecotopónimo)

Esta praia recibe este nome debido a unha antiga fábrica situada á súa beira. *Fábrica* é un préstamo latino FABRICA que significa 'oficio de artesán ou acción de labrar ou compoñer'. Logo estendeuse a 'taller'; polo tanto, é un topónimo moi recente.

A Fábrica é unha praia situada entre a praia da Lagoa e a praia da Manquiña, na primeira travesía de Espiñeiro. Refírese a unha antiga fábrica de salgadura de peixe do século XVIII que existía nese lugar. Hoxe en día, esta praia está cercada por varias fábricas mais que nada teñen que ver coa orixinal.

Ilustración 22. Praia da Fábrica

▶ Faro da Guía, O

(Ecotopónimo)

Faro deriva do latín PHARUS, quen o tomou do propio grego φαραώ.

Este faro atópase no que se coñece como a Punta de Areíño, preto do club de fútbol da Guía. É un dos faros máis antigos de Vigo, dada a súa posición privilexiada desde onde podemos observar toda a ría, a ponte de Rande, as illas Cíes e a costa do Morrazo. Xa que logo, foi un enclave estratéxico para a defensa da nosa costa e para a navegación



Ilustración 23. Fotografía do actual faro da Guía

dos barcos que viñan desde as Cíes ata a illa de San Simón ou os portos de Cesantes, Santo Adrián de Cobres e Arcade pasando por Rande. Este faro foi remodelado varias veces, o actual reconstruíuse en 1914 mais o anterior era de 1844.

O noso faro é o inicio dunha actual senda litoral do monte da Guía (de 712 metros) construída en 2010, levantado sobre unha devasa empregada para a pasaxe de camións pesados e para os usuarios e usuarias do porto deportivo da Lagoa.

▶ Ferradura

(Ecotopónimo)

Unha *ferradura* é un reforzo de ferro que se lle pon aos zocos para evitar o desgaste ou ben unha peza de ferro curva colocada nos pezuños dos animais como as vacas, cabalos ou burros para protexelos. Esta voz provén do latín FERRUM. Neste caso pode deberse á forma curvada.

A Ferradura sitúase no Casal de Arriba e fai fronteira co Figueiro.

▶ Ferreira, A

(Antrotopónimo)

Podemos definilo, en feminino, como a muller dun ferreiro, ou tamén como sinónimo de ferraría. Neste caso falamos dun étimo de orixe latina, FERRARIA, derivado de FERRU 'ferro'. No Nomenclátor aparecen corenta lugares con esta denominación exacta. En Vigo rexístranse tres: en Teis, en Bembrive e en Navia. Porén, existen moitos máis topónimos variantes dun primitivo *ferro* como *ferreiro* (63 lugares no Nomenclátor), *ferro* (13), *ferrol* (4), *ferradal* (11) etc.

A Ferreira é un terreo situado por riba do parque da Riouxa, entre O Pingue e a Cascalleira.

▶ Fervenza, A

(Hidrónimo)

Unha *fervenza* pode ser unha gran cantidade de vapor que se forma ao se precipitar a auga dun río ou torrente por un desnivel brusco do terreo ou un desnivel brusco ou pronunciado no leito dun río onde se precipita a auga. *Fervenza* provén do verbo latino FERVERE.

Segundo un dos informantes, **A Fervenza** é unha quinta por detrás do restaurante Sete Torres, na avenida de Galicia. Baixa desde a Madroa ata o río Pumariño.

▶ Figueiral

(Fitotopónimo)

Un *figueiral* é un terreo ou un lugar onde abundan as figueiras. A figueira *(Ficus carica)*, que procede do latín FICARIA, é a árbore da familia das moráceas, de follas grandes e lobuladas e madeira clara que racha con moita facilidade, e que dá como froito o figo (<FICO en latín).

Figueiral son unhas terras no actual camiño do Laranxo.

▶ Figueiroa

(Fitotopónimo)

Figueira vén do latín FICARIA *(Ficus carica)*. É unha árbore da familia das moráceas. Na súa forma en masculino, *Figueiro*, pode referirse a unha figueira máis pequena. Neste caso, temos o topónimo *Figueiroa* procedente de FICARIOLA 'figueira pequena'. Pode ser que se trate dunha corrección de *Figueiró*, forma máis normal nesta zona.

Figueiroa é un lugar situado no Paraixal de Arriba, nunha das varias subidas ao monte da Madroa. Trátase duns terreos, hoxe ocupados por casas, no alto dunha das ladeiras da Madroa. Desde alí pode apreciarse

Ilustración 24. Vista desde Figueiroa cara á ría e ao barrio de Teis

unha gran vista da parroquia de Teis, do monte da Guía e, por suposto, da ría enteira. Toca polo seu extremo co lugar de Sampaio, parroquia de Lavadores.

No Catastro de Ensenada aparece a denominación de *Pedra de Figueiroa* (libro 768 na páxina 1054), que podería estar situada por esta zona debido á semellanza co topónimo.

▶ Finca de Curveira, A

(Zootopónimo)

Para este topónimo temos dúas posibles etimoloxías. A primeira e máis plausible é que derive de *corveira* 'lugar onde abundan os corvos (mariños)', igual ca o topónimo *Corvillón*, *Pena Corveira*, *Corvaceiras* etc. Neste caso, estariamos falando dunha evolución cunha harmonización vocálica de *corveira* en *curveira* procedente do latín CORVUS.

Por outra banda, a outra teoría apunta a *Curveira* como apelido. Porén, non é un antropónimo moi común en Vigo, segundo apelidosgalicia.org; onde máis podemos atopar este apelido é en Ferrol (un 78,57 % de toda Galicia). Este apelido pode aparecer castelanizado como *Curbera*, se non é de orixe catalá. Neste caso, temos rexistrados na mesma páxina, baseada no INE, que Vigo é un dos municipios onde é máis frecuente este nome, un 71,43 % de toda Galicia. Aínda así, os casos de apelidos foráneos en *-era/o* galeguizados popularmente en *-eira/o* son escasos, polo que desacredita e dá pulo á anterior etimoloxía.

A Finca de Curveira sitúase subindo á Guía na avenida de Dona Fermina, muller de Curbera, un conserveiro de salgadura. Hoxe localízase unha urbanización co nome de Miraflores.

▶ Ferrín, A de

(Antropotopónimo)

Ferrín é un apelido moi común en Galicia, con 875 antropónimos rexistrados. Destaca a súa aparición nas provincias da Coruña (191 apelidos, un 24,36 % do total de España) e Pontevedra (218, un 27,81 % do total de España). En Vigo conta cun total de 70 apelidos, un 8 % do total de Galicia.[20] O primeiro rexistro deste topónimo é de 1876 no

20 apelidosgalicia.org/ferr%C3%ADn-295.

Catastro de Ensenada:[21] «Damos a vos Pedro Anes, dito **Ferrín**, morador en Cortegada, freygresía...». O máis probable é que este apelido derive da palabra latina FERRUM 'ferro'.

A de Ferrín é un terreo situado ao lado dereito da praia do Mende. Actualmente, é unha zona chea de fábricas como Frigoteis, Dinak, Astinor, Iberjunsa...

▶ Flores, As (véxase *Barrio das Flores*)

▶ Fontáns. Lavadouro de Fontáns

(Hidrotopónimo)

Pluralización de *Fontán*, co significado de 'fonte, manancial ou nacedoiro de auga'. Esta palabra provén do latín FONTANAM.

Ilustración 25. Lavadouro de Fontáns

21 Portal RILG (**Recursos Integrados da Lingua Galega)** e Corpus Xelmírez-Corpus Lingüístico da Galicia Medieval.

Fontáns sitúase antes do campo de fútbol da Guía, por riba das praias da Punta e Tomoeiras. Actualmente, atravesa a rúa de Doutor Corbal. Atopamos aquí o **Lavadouro de Fontáns**, un dos múltiples que existen en todo Teis.

▶ Fonte

(Ecotopónimo)

O **Camiño da Fonte** conecta Gonderán cos Currás; é unha zona pequena moi poboada de casas baixas paralela a San Xoán. O seu nome débese a unha antiga fonte de grande importancia que foi destruída para construír vivendas. Etimoloxicamente, *fonte* é un substantivo latino FONTE(M) 'auga que brota da terra, manancial'. Este concepto actualmente ten outras connotacións semánticas tales como 'canos que subministran auga'.

▶ Fonte Alta, A

(Hidrotopónimo)

Tanto *alta* coma *fonte* son palabras latinas derivadas respectivamente de FONTE(M) 'auga que brota da terra' e o cultismo ALTU(M) 'alto, elevado' que deu en galego o patrimonial *outo*.

A Fonte Alta é un marco de divide Teis de Chapela no nacente do Rego do Pumariño, xusto debaixo da protectora de animais de Vigo. Hoxe esta fonte e marco son inexistentes debido ás múltiples obras

civís realizadas na zona. O nome deste topónimo posiblemente estea relacionado coa súa posición elevada no cumio do monte da Madroa.

▶ Fonte da Pouleira

(Hidrotopónimo)

Pouleira deriva de *poulo* engadindo o sufixo *-eira*. *Poulo* procede do latín PABULU 'alimento, pasto'. Os poulos eran as terras de propiedade dedicadas a obter herba para o gando, especialmente vacún. Na actualidade o *poulo* designa unha terra sen cultivar poboada de mato, arbustos e herbas altas. Polo tanto, unha *pouleira* tamén é unha terra sen cultivo. No galego de Vigo é moi usada a expresión «deixar de poulo» cando se abandona unha actividade ou labor, deixar de monte, sen traballar.

A **Fonte da Pouleira** está na Pouleira, na rotonda que separa o camiño da Fonte das Mozas, a rúa de Vista do Mar e a rúa da Pouleira.

Ilustración 26. Fonte da Pouleira

▶ Fonte das Mozas

Mozo ou *moza* é unha palabra galega que adoptou o castelán. Provén do latín MONACINU (monxe pequeno, acólito) que sufriu a evolución a *mociño*. Interpretouse que o *-iño* era un sufixo diminutivo e creouse *mozo*.

A **Fonte das Mozas** sitúase na rúa homónima **Camiño da Fonte das Mozas**, na rotonda onde se cruzan a rúa de Vista do Mar e a rúa do Poulo.

▶ Fonte de Arnela

(Ecotopónimo)

Localízase en Arnela (véxase *Arnela* para coñecer a súa etimoloxía).

▶ Fonte de Dentro

Fonte localizada no camiño de Montecanastro, no actual camiño dos Ríos, fronte ás vías do tren.

▶ Fonte de Fenosa

(Ecotopónimo)

A **Fonte de Fenosa** sitúase na rúa da Travesía de Vigo, núm. 204, fronte á fábrica de Fenosa. É unha das fontes máis populares do lugar. Este, non obstante, é un nome recente que se empezou a empregar despois da construción da fábrica. Antigamente esta fonte era coñecida como a *Fonte de Frián* (véxase *Frián* para saber a etimoloxía).

▶ Fonte do Castaño

(Ecotopónimo)

É un derivado de castaña común para a formación de colectivos. Un *castañal* é, por tanto, un terreo poboado por castiñeiros. A castaña é o froito da árbore de nome científico *Castanea sativa* (castiñeiro). *Castaña* procede do latín CASTANEA, tomado do grego καστανάια.

A **Fonte do Castaño** localízase fronte a Arnela, pegada á avenida de Galicia.

▶ Fonte do Paraixal

(Ecotopónimo)
Fonte situada no Paraixal (véxase *Paraixal* para coñecer a súa etimoloxía).

▶ Fonte do Piñón

(Fitotopónimo)
O *piñón* é a semente do piñeiro de casca dura e da améndoa branca. *Pi*ñeiro procede do latín PINARIU, formado sobre o clásico PINU e o sufixo -ARIU *(>eria)*.

A **Fonte do Piñón** está situada na estrada da Madroa, preto do Rego do Pumariño. É un accidente terrestre á beira da estrada e xunto a el atópase unha fonte pola cal discorre a auga do Rego do Pumariño.

Ilustración 27. Vista da Fonte do Piñón, pola que discorren as augas do Pumariño

▶ Fonte do Porco

(Ecotopónimo)
A **Fonte do Porco** localízase moi preto da Fonte de Dentro, no cruzamento do Caxide co Camiño Real e coa Baixada aos Ríos.

▶ Fonte do Rei

(Ecotopónimo)
Rei procede do latín REGE(M) 'xefe soberano'. Está situada por dentro da ETEA. Non puidemos comprobar se aínda existe, pois son terreos

militares sen acceso libre. A **Fonte do Rei** é unha das poucas fontes recollidas no libro 768 (páxina 378) do Catastro de Ensenada, o que nos amosa a súa antigüidade.

▶ Fonte do Xuncal

(Ecotopónimo)
Véxase *Xuncal*.

▶ Fonte Grande

(Ecotopónimo)
A **Fonte Grande** estaba dentro dos terreos militares da ETEA, porén hoxe en día xa non existe.

▶ Foxos, Os

(Orotopónimo)
Unha cavidade relativamente pequena e de forma arredondada que se fai no terreo. Provén do latín FOVEU co significado de 'foxa, buraco ou fochanca na terra'. No documento 21=1 *Bienes de los Jesuitas*, observamos o topónimo *Campo dos Foxos*, que debe corresponder a este lugar. Un *foxo* tamén era un trampa para lobos ou unha canle de auga. Non podemos concluír a cal das tres connotacións se refire, pois é hoxe un lugar completamente edificado.

Os Foxos son unha terras hoxe edificadas preto da rúa de Sanjurjo Badía, entre o mercado de Teis (Toural de Abaixo) e Santa Tegra.

▶ Freixa, A

(Hidrotopónimo)
Unha freixa, do céltico *FRUESTIA, é un desnivel brusco ou pronunciado no leito dun río onde se precipita a auga, unha fervenza nun río. Existen dúas variantes, unha sen vibrante e outra *(feixa)*, a máis usada *freixa*, cunha vibrante.

Xa en 1745 o Padre Sarmiento reflectiu por primeira vez esta palabra:[22]

> El lunes 20 por la tarde fui a ver las feixas da roca que están casi media legua de la casa del cura en el río Caldelas. Primero se ve el «Castillo da Roca» y es un peñasco como mitra o tiara altísimo y escarpadisímo y como tajado a navaja, el cual hace margen al dicho río. No es castillo artificial sino natural. A vista de Pontevedra se oye la feixa o freixa del río de Marcón y del de Borela. La voz feixa o freixa se aplica no al río, ni al agua ni a la caída del agua, sino al peñasco o roca, que sirve al despeñadero. Es la razón porque a las puntas o ganchos de los montes altos llaman indiferentemente rocas, pinizas, feixas. Así la voz vendrá de findo, fissas, o de figo fixas, equivalente de fitas o infestas y el decir algunos freijas será por el abuso de añadir R como: feijons, freijons, etc. Es horror ver el espumarajo y oír el ruido, que el agua hace en las mismas dichas rocas o feijas. Viaje 1745.
>
> (...)
>
> Más abajo, a tres leguas de Pontevedra, hace el río Lérez una grande catarata que los gallegos llaman freixas, del latín fragium, fragii, que usa Apuleyo, y salió el nau-fragium, cruri-fragium, etc. Todo de frango, frangis, y de fragia (plural por singular a la gótica) freigia o freixa, como que el río se frangit, quiebra, y se estrella contra algún estorbo y después le salta con ímpetu.[23]

Así a todo, a súa etimoloxía é escura. Algúns autores, como Sarmiento, apuntan a unha orixe no latín FRAGIUM 'frago' ou co verbo latino FRANGO 'romper'. Porén, outras hipóteses apuntan a un étimo FALASIA (acantilado ou desnivel).

A Freixa sitúase na curva do instituto de Teis, onde podemos observar unha zona de muíños, preto do río Pumariño. Actualmente coñécese como **A Volta da Freixa.**

▶ Freixiño, O

(Fitotopónimo)

Etimoloxicamente, *Freixiño* é un diminutivo de Freixo, unha árbore de folla caduca da familia das oleáceas que alcanza de vinte a trinta metros de alto, toro groso con moitas pólas, follas opostas e dentadas, e madeira de cor abrancazada moi doada de traballar, da que existen varias especies (RAG). Deriva do latín FRAXINUS.

---

22 Martín Sarmiento (1745): *Viaje que el Padre Sarmiento hizo a Galicia el año de 1745*, ed. de J. L. Pensado Tomé (Universidad de Salamanca, 1975).

23 Martín Sarmiento (1746-1755c): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, ed. de J. L. Pensado Tomé (Universidad de Salamanca, 1973).

Freixiño sitúase na segunda travesía de Doutor Corbal. Hoxe podemos localizado, xa que neste terreo está construído un chalé despois da escola infantil Santa Isabel. Nel existía un lago pequeno que servía para regar as terras de labranza, produto dos Canos. Tamén se coñece como *Laguiño*.

No Catastro de Ensenada podemos ver que a transcrición deste microtopónimo é *O Freisaño* (páxina 224) e tamén *Freijiño* (páxina 630).

▶ Frián ou Freán

(Antrotopónimo)

Frián ou *Freán*, xunto cos outras variantes como *Froxán*, proveñen de FROILANI ou FROILANE. A súa evolución está condicionada pola apócope da vogal postónica e a caída do -L- intervocálico, evolución que caracteriza o noso idioma.

No Catastro de Ensenada, no libro 768, aparece a denominación de *Frean* (páxina 36) xunto coa de *Frean el viejo* (páxina 37) e *Frean el nuevo* (37 cara B da páxina).

Frián é unha zona ampla pegada ao que hoxe coñecemos como Travesía de Vigo. Percorre, máis ou menos, desde a rotonda do cruzamento de Bos Aires e a rúa da Travesía de Vigo[24] ata o Centro Comercial Travesía; pola parte superior ata a rúa de Cantabria e pola parte inferior ata a autoestrada do Atlántico. Nos rueiros da cidade atopamos o **Camiño de Frián** por detrás de varios edificios fronte ao centro comercial. Estas vivendas simétricas e case soviéticas construíronse en 1963[25] para albergar os traballadores da fábrica de Fenosa (son coñecidos como os bloques de Fenosa ou as *grileiras* de Fenosa), que aínda existe e nomea unha das fontes máis coñecidas da zona: a *Fonte de Fenosa* (antigamente coñecida como a *Fonte de Frián*).

▶ Gonderán

Gonderán é un camiño que vai desde o colexio público Frián de Teis ata o camiño da Devesa. É un topónimo xermánico derivado de

---

24 lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2018/01/23/medio-siglo-trave/0003_201801V23C3991.htm.

25 docomomoiberico.com/index.php?option=com_k2&view=item&id=1079:grupo-de-viviendas-para-fenosa&lang=es.

GUNTH-, 'loita'. Dentro do Nomenclátor galaico atopamos moitos outros topónimos comezados por GOND- como *Gondomar*, *Gondomil*, *Gondar*, *Gondulfe* etc.

▶ Gondosende

(Orotopónimo)

É un topónimo xermánico formado por GUNTH- ('loita', como *Gondomar*, *Gondulfe*, *Gondarén* etc.) e o substantivo *sende* <SENDI ('camiño', como *Mosende*, *Marcosende*, *Troitosende* etc.). Este topónimo encóntrase preto do monte da Guía, na baixada da rúa do Doutor Corbal desde o instituto da Guía cara á praia da Punta. Hoxe en día recoñécese como un camiño, mais tradicionalmente abranguía unha zona máis ampla onde se atopa o petróglifo coñecido da Pedra da Auga.

Ilustración 28. Camiño de Gondosende

Ilustración 29. Camiño de Gondosende, en dirección á Pedra da Auga

Este petróglifo foi descuberto en 1918 e componse de tres círculos concéntricos, de aí o nome de *Pedra da Auga*, porque parecen as ondas concéntricas que se forman na auga cando caen nela obxectos. Está datado entre o 2000 e o 3000 a. C. A pedra do petróglifo foi empregada

historicamente para secar o millo. O investigador Costas Goberna recolle que tamén se coñecía este lugar como *Pedra de Amoar* ou *de Afiar*, xa que nela se reunían as mulleres desocupadas e falangueiras (este dato non foi confirmado por ningún informante da zona).

O petróglifo ten un estado de conservación moi deteriorado[26] pola auga e polo paso das persoas sobre a rocha, xa que se encontra sen protección ningunha e nun camiño de acceso ás vivendas que o rodean.

Ilustración 30. A Fonte de Gondosende

▶ Gralla

(Zootopónimo)

Unha *gralla*, do latín GRACULA, é unha ave da familia dos córvidos, xeralmente de cor negra, cos laterais da cabeza e a caluga cinsentos ou con reflexos verdes e violetas, do que existen varias especies. Coñécese cientificamente como *Coloeus monedula* (en latín COVUS FRUGILEUS) e es-

26 atlantico.net/articulo/vigo/petroglifo-catalogado-bic-peldano-mas-guia/20170819235325603609.html.

pállase polo noroeste de África a toda Europa e ao noroeste da India e Siberia. O seu hábitat natural adoitan ser os bosques, terras de cultivo, vilas, cantís costeiros e estepas. Adoitan aniñar en colonias nas cavidades das árbores ou en ruínas de edificios. Existen diferentes tipos de grallas, coñecidas en Galicia como *gralla grande* e *gralla calva.*

A Gralla sitúase en Padín de Arriba, sobre A Pomba e por debaixo do Valeiro.

▶ Guía, A (véxase *Monte da Guía* ou *da Aguia*)

(Haxiotopónimo, antigo zootopónimo)

A zona coñecida como **A Guía** é a que se encontra na ladeira do monte da Guía (véxase *Monte da Guía*). Neste sitio atopamos o instituto da Guía, A Casa do Bispo, o Canón de Ouro, a Oliveira, a Pedra da Auga, Gondosende e unha pequena explanada que hoxe se emprega como aparcadoiro da veciñanza ou dos que baixan á praia. Esta chancela foi unha antiga explotación de grava miúda, por iso hoxe poden verse aínda as pedras talladas entre as silveiras. Despois de ser unha pedreira, empregouse como terreiro das festas tradicionais. Hoxe en día, todas as festas, tanto a da Sardiña coma a da patroa, celébranse na **Carballeira da Guía**, onde hai instalado permanentemente un palco de pedra e unha caseta onde se garda todo o material da comisión de festas.

A única festa, ata a data da publicación deste libro, que non se celebra nesta carballeira, por razóns de seguridade, é a festa de San Xoán. Esta realízase nunha explanada localizada fronte ao Centro Cívico de Teis, na rúa dos Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres, entre o camiño das Maceiras e o camiño do Cancelo.

▶ Guixar

Guixar é a zona costeira preto da Calzada e Santa Tegra. Hoxe en día trátase dunha zona portuaria, en moitos casos con terreos gañados ao mar coa construción do **Peirao de Guixar**, enriba do antigo **Areal de Guixar**. Trátase dunha zona moi extensa, que percorre a costa desde Santa Tegra, en Teis, ata o Areal de Vigo.

Guixar é un topónimo único en Galicia e a súa etimoloxía é escura, pero, dada a existencia do topónimo único *Guiximil*, en Sobrado dos

Monxes, claramente suevo ou xermánico pola terminación -MIRUS 'célebre' (como *Samil*, *Goimil*, *Ramil*) e un primeiro elemento GUIX-, mais a existencia de numerosos topónimos xermánicos rematados en derivados de -HARJIS 'exército' (*Baltar*, *Golmar*, *Gaifar*, *Gondar*, *Tosar*, *Xermar*), fannos sospeitar que nos achemos perante un topónimo xermánico: *Guix-ar.*

▶ Herdeiras, As

(Antrotopónimo)

Topónimo composto polo substantivo *herdade* (HEREDITARIAS, en latín) como significado de 'propiedade rural pertencente a un só dono, composta pola casa, as terras etc.' (RAG) xunto co substantivo *eira* 'sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc.' (RAG). Tamén se pode referir a campos de persoas que herdaron unhas propiedades, as herdeiras.

Este terreo localízase entre Arnela e A Trapa. Hoxe en día son terreos ocupados por varias vivendas na avenida de Galicia. Exactamente está entre a rúa de Arnela e a avenida de Galicia, preto do camiño da Trapa.

▶ Hortas, As

(Ecotopónimo)

Deriva do latín HORTUS 'horta ou xardín'.[27] A horta é un terreo de pouca extensión, onde se cultivan fundamentalmente verduras, legumes e hortalizas e tamén nalgúns casos árbores froiteiras.

As Hortas é un pequeno terreo empregado para o cultivo situado entre O Camiño Real, a Baixada a Ríos e o camiño de Ríos. Aquí existiu un antigo colexio feminino.

▶ Julián Estévez

(Antrotopónimo)

Julián Estévez exerceu de alcalde de Lavadores entre 1914 e 1915 e foi o primeiro alcalde agrarista en Galicia. Nado en 1855 en Ames, morreu en Teis en 1928.[28] Chamábanlle *O Cubano* porque tivera que

27 Corominas 1980-1992, vol. III.

28 Necrolóxica en *El Pueblo Gallego*, 26/07/1928, páxina 4.

emigrar a este país, do que regresou en 1898 para instalar en Sanjurjo Badía (núm. 62) unha tenda de comestibles onde anos despois a súa filla máis vella, Dolores Estévez, coñecida como *Electra*, abriría o primeiro forno de pan de Teis. Estévez tivo oito fillos, foi membro do Directorio Antiforal de Teis e director do xornal *El Campesino*, de ideas agrarias e progresistas. Entre as súas proezas políticas estivo conseguir que as sociedades agrarias interviñesen na elaboración da repartición de consumo ata ese momento vetado para eles. Foi candidato á Deputación Provincial, mais non logrou escano, que si conseguiría o aristócrata Ángel Urzaiz, debido a unha manipulación do voto. Foi detido nas manifestacións da folga xeral de 1917 e encarcerado por rebelión.

Outras das súas fillas, Elena, que cada primeiro de maio saía cunha bandeira republicana ata o Paseo de Afonso XII, foi unha das principais defensoras dos dereitos das traballadoras.

En 1926 a Sociedade Agrícola de Lavadores elevou unha petición para lle dedicar unha rúa en Teis, a rúa paralela a Sanjurjo Badía, que ía desde a rotonda da Calzada ata Guixar ou Santa Tegra. Durante a ditadura franquista dedicáronlle esta rúa ao aviador fascista García Morato, mais o nome do alcalde agrarista repúxose en 1981.

▶ Lagoa, A

(Hidrotopónimo)

Procede do latín LACUNA, mais neste caso non se refire a 'unha extensión de auga máis pequena ca o lago e de menor profundidade', senón que é o nome dunha das praias situadas na costa de Teis, probablemente porque coa marea baixa se formaría unha lagoa debido á presenza de barras de area.

A Lagoa é unha praia moi estreita e pequena situada na baixada do camiño de Espiñeiro. Á beira desta praia está situado actualmente o club náutico Fanautic e Yatesport Marina.

Con este topónimo existe moita confusión, pois moita xente relaciónao con dúas praias, xa que esta zona tradicionalmente foi coñecida con este nome. Porén, a mediados do século pasado naceron varios estaleiros, actualmente Servicios Pereira, polo que a praia interior (que se chega a ela pasando a través das fábricas) se coñece tamén como *A Fábrica*. Nesta praia existe a lenda de que nela se bañaba a Nosa Señora da Guía, polo tanto as súas augas son beneficiosas para o corpo.

Cantiga popular: «Alá vai pola Lagoa / Nosa Señora da Guía / alá vai pola Lagoa / coa saia remangada / parece unha pescadora…»; «Ten a porta para a Illa / Nosa Señora da Guía / ten a porta para a Illa / para ver os mariñeiros / como pescan as sardiñas…».

▶ Laguiño

(Hidrotopónimo)

Termo creado a partir do substantivo *lago*, que provén do latín LACUS 'estanque'. Este topónimo tanto pode designar unha 'masa considerable de auga, de maior ou menor profundidade, rodeada de terra e non comunicada directamente co mar' coma sitios facilmente inundables durante parte do ano e tamén un pequeno encoro onde se xunta a auga para regar (vocabulario de Rivas, 1978).

Ilustración 31. A praia da Lagoa

Laguiño sitúase na primeira travesía da Oliveira, preto da igrexa. Este topónimo refírese a unha acumulación de auga para regar os campos e os cultivos, e moi relacionado cos Canos.

▶ Lama, A

(Orotopónimo)

A palabra *lama* é anterior á introdución do latín, é prerromana, e sobreviviu en Galicia e no norte peninsular (Asturias e León coa variante *llama*). Lexicalizouse en moitas partes de Galicia como 'pequeno prado de regadío ou lugar onde se acumula unha masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga'. Segundo o dicionario de Eligio Rivas (1988), tamén pode designar 'un terreo baldío, comunal, con pastos para o gando da veciñanza'.

O **Camiño da Lama** está na rúa de Arnela, pola parte de atrás desta rúa en relación coa avenida de Galicia.

Ilustración 32. Camiño da Lama, rúa de Arnela

▶ Laranxo, O

(Fitotopónimo)

Laranxo non é a forma recollida oficialmente pola Real Academia Galega, mais é unha forma popular do froito da laranxeira de forma arredondada e de cor entre amarela e encarnada.

O proceso de formación é diferente nas distintas linguas. Así, en moitas das linguas, como na nosa, existía ás veces un proceso de confusión entre *l-* e *n-* iniciais que deron como posibles *laranxa* ou *naranxa*. Esta confusión estendeuse a outras palabras con estas consoantes iniciais como *lobelo* e *nobelo*, os topónimos *Lores* e *Nores*

ou mesmo o verbo *lembrar*, procedente dun antigo *nembrar* (do latín MEMORARE).

Na Idade Media este froito crítico tiña un sabor amargo, mais posteriormente (s. XVI) os portugueses, debido ao seu intenso comercio coas Indias, introduciron a variante doce (*Citrus sinensis* e *Citrus reticulata*) que temos hoxe en día.

O Laranxo é unha zona superior da praia do Mende, entre a Riouxa e a praia de Arealonga. Neste zona temos o actual **Camiño do Laranxo**.

▶ Lavadouro de Guixar

Véxase *Guixar* para a súa etimoloxía.

▶ Leira Pequena, A

(Ecotopónimo)

Unha *leira* é un terreo dedicado á labranza. Segundo Eladio Rodríguez (1858-1961)[29] unha seara, propiedade comunal, divídese en leiras e tallos, constituídas por separacións grazas a pendentes do propio terreo e que se lle adxudican a cada veciño. Por outra banda, o dialectólogo Elixio Rivas Quintas sinala algúns usos específicos da palabra como herdade, terreo estreito ou espazo sementado entre regueiras. *Leira* é unha palabra de orixe latina en GLAREA 'campo de labor', que evolucionaría a *leira* debido á metátese do iode. Alén disto, *pequena* é unha voz latina, estendida pola maioría de países de lingua romance.

A Leira Pequena está situada no camiño de Tizón. Trátase, como di o nome, dunha leira sen peche dedicada aínda á agricultura de tamaño reducido.

▶ Limeiras, As ou Limieiras, (As)

(Fitotopónimo)

Citrus limetta é unha árbore da familia das rutáceas, con espiñas axilares, follas ovadas e flores moi aromáticas que dá como froito a lima. Polo tanto, debía ser unha terra cunha gran plantación desta árbore, mais agora é unha zona habitada cheo de casas; aínda que algunhas

29 No *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

delas conservan algunhas destas árbores nos seus xardíns. Provén do árabe LIMA. Durante as nosas recollidas puidemos escoitar as dúas formas: tanto *Limeiras* como *Limieiras*.

Está situada sobre a Chumba, pegada á avenida de Galicia. Este topónimo aparece xa no Arquivo Provincial, no libro 768 do Catastro de Ensenada, páxina 168.

▶ Lugar de Arrieiro

(Ecotopónimo)

Segundo a RAG *arrieiro* é 'unha persoa que transportaba ou arreaba mercancías duns lugares a outros en animais de carga'.

O **Lugar de Arrieiro** está na parte alta da Fonte das Mozas, hoxe coñecido como o **Camiño de Arrieiro**.

▶ Lugar de Tizón

(Orotopónimo)

Un *tizón* pode ser 'cada unha das pedras colocadas derriba das doelas, que con estas forman a bóveda do forno' ou 'pedra longa, ás veces mal traballada, que atravesa de fóra a dentro unha parede para afirmala'.

Ten unha orixe no latín TITIONEM co significado de pau sacado do lume medio queimado (sentido que tamén ten hoxe esta palabra).

O **Lugar de Tizón** está situado pola parte de abaixo de Ríos, pasando polas vías do tren. Este nome era o alcume dunhas das familias da zona, dedicada á compra e á venda de terreos. Por esta zona existe un lavadoiro.

▶ Luqueiro

(Orotopónimo)

De orixe descoñecida, é o mesmo ca un *Aloqueiro*, un terreo brando, augacento, mole, que se funde ao andar. A diferenza con *Aloqueiro* está en que o noso topónimo sufriu un proceso de harmonización vocálica O-ÉI > U-ÉI e a caída da vogal inicial A, fenómeno coñecido como aférese, igual que pasa con palabras como *Abelaídos* > *Abalaídos* > *Balaídos*.

Luqueiro localízase en Paraixal de Arriba, desde o colexio Paraixal ata a rúa de Paradela. Hoxe é un camiño sen saída.

▶ Maceiras, As

(Fitotopónimo)

Malus domestica é unha árbore de folla caduca da familia das rosáceas, propia de climas temperados, xeralmente co tronco retorto, pólas grosas, copa irregular, follas ovadas con peluxe no envés e flores de cor branca tirando a rosa. Dá como froito a mazá e existen moitas variedades (RAG).

O nome de *mazá* provén do latín vulgar MATTIANARIA, nome dunha das súas variedades.

Ilustración 33. Vista das Maceiras desde a rúa dos Camiño das Maceiras

As Maceiras sitúase entre a rúa de Enrique Lorenzo e o camiño de Cancelo ata o camiño de Espiñeiro. Hoxe en día este lugar coñécese popularmente como Bichita, mais a xente do lugar reivindica o seu nome tradicional, sobre todo pola mala sona que ten o nome **Bichita** a súa asociación á conflitividade social da zona en épocas pasadas.

Hoxe en día, xa non ten esa popularidade de barrio ou de zona conflitiva, é un lugar tranquilo onde residir. Un dos informantes comentou sobre a orixe deste nome: na crenza popular dise que ten a súa xénese na película *Wichita, cidade infernal* (1955), unha cidade onde impera a lei do máis forte.

Como esta non é a nomenclatura real, existen moitas discrepancia sobre a súa escrita, e así podemos atopalo escrito en medios vigueses

como *Faro de Vigo* con b, Bichita, pero ao pescudar máis referencias sobre outros lugares co mesmo nome atopamos un exemplo nun barrio en Ourense escrita na *Voz de Galicia* con v, Vichita. O nome histórico e verdadeiro é As Maceiras, e este sería o topónimo que se debería recuperar.

▶ Madroa, A

Madroa procede do latín MATRONA 'nai', coa lenición ou caída da nasal intervocálica.

O **Monte da Madroa** é un topónimo que na súa maioría corresponde á parroquia de San Cristovo de Candeán. Porén, no seguinte mapa podemos ver a parte correspondente a Teis.



Dentro deste monte duns 250 metros de altitude atoparemos o **Miradoiro da Madroa** e unha área forestal cun merendeiro. A súa vexetación principal son os piñeiros e as acacias negras. Actualmente existe un plan de repoboamento da zona con especies autóctonas como carballos, salgueiros, bidueiros e castiñeiros. Na contorna do monte atopamos varios descubrimentos arqueolóxicos de grande importancia como un campo funerario megalítico cun gran número de túmulos. Quizais o seu nome teña un sentido metafórico, ao querer comparar

a importancia deste monte, debido á súa altura, posición estratéxica e vistas, como o monte principal ou primordial da zona. Isto é, como a MATER dos seus habitantes.

▶ Malvesada

(Orotopónimo)

Do latín VERSARE 'labrar' e o participio e adxectivo VERSATA 'labrada'.

Malvesada significa orixinariamente 'terra mal labrada', é dicir, mala de labrar. É unha das quintas situadas debaixo do Troncal, entre a avenida de Bos Aires e o Toural de Dentro.

▶ Manguiña, A (Manquiña, A)

(Hidrónimo)

Do latín MANICA mais o sufixo diminutivo. Aínda que se pronuncia *Manquiña*, con grupo *-nk-* da gheada tras nasal, propio das falas da ría de Vigo, onde escoitamos *dominco* ou *mancar* por *domingo* ou *mangar*, deberemos escribir *Manguiña* porque é un diminutivo de *manga*, tal como determinou a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia no seu informe da recollida da toponimia de Vigo para o proxecto Galicia Nomeada.

Ilustración 34. Vista da Manguiña

A Manguiña é unha das praias do litoral de Teis, que se atopa despois da praia da Fábrica indo desde o Faro da Guía. Existe unha entrada

moi accesible cun pequeno paseo. Porén, hai outra maiormente só coñecida pola veciñanza desde a Travesía de Espiñeiro 1 no pico da costa desta rúa. Desde esta entrada báixase por unhas escaleiras feitas entre as árbores pola veciñanza. Por este camiño só se pode pasar ao areal coa marea baixa ou por riba das rochas.

Ilustración 35. Entrada á Manguiña creada pola veciñanza

▶ Mende, O

(Antropónimo)

Mende é o xenitivo de MENDUS (MENDII) latino, co significado de lugar dun posuidor chamado Mendo.

O Mende é unha praia situada na costa de Teis baixando polo actual camiño do Laranxo e volvendo cara á dereita de varias fábrica. Nela atopamos, á parte do areal, un paseo que discorre ata a praia de Arealonga en Chapela-Redondela, pasando pola praia de Suacasa. Tamén se encontra aquí o Porto Deportivo Camiño Laranxo. É unha praia óptima para o baño, pois a calidade das súas augas está catalogada como excelente pola Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (última revisión: 20/09/2020).

O areal ten arredor duns 90 metros de longo por uns 20 metros de largo. Tamén se coñece como praia da Rotea.

Ilustración 36. Praia do Mende

▶ Mendes, Os

(Antropónimo)

Os Mendes proceden do topónimo *Mende*, xenitivo de MENDUS (MENDII) latino, co significado de lugar dun posuidor chamado Mendo. Porén, neste caso *Os Mendes* teñen o significado plural de terras ou lugares de máis dun posuidor apelidados Méndez [ao igual ca outros topónimos como *Os Martices* en Vilagarcía de Arousa na parroquia de Cea (San Pedro) ou en Cotobade na parroquia de Rebordelo (San Martiño) ou o topónimo]. O noso topónimo procede do apelido Méndez, pero co seseo característico desta zona **(Os Mendes)**.

Estas terras, campos e leiras están situadas por riba da praia do Mende. Son terras hoxe en día baldías pero que nun pasado eran zonas de cultivo.

▶ Monte Canastro

(Ecotopónimo)

O substantivo *monte* provén do latín MONTEM co significado de 'elevación importante do terreo' ou 'terreo cuberto de vexetación espontánea como toxos, fentos, silvas, arbustos etc., que pode estar poboado

de árbores' (RAG). Por outra banda, *canastro*, un derivado de *cana*, denominación moi común para o hórreo en zonas das Rías Baixas.

Este pequeno monte está situado preto de Tizón.

▶ Monte da Guía ou Monte da Aguia

(Orixinariamente zootopónimo, hoxe haxiotopónimo)

A Guía é un topónimo senlleiro pois, a simple vista, todo o mundo pensaría nun substantivo da familia léxica do verbo *guiar*, voz de orixe gótica, e que, xa que logo, significaría persoa ou obxecto que dirixe ou vixía. Así, sempre se pensou que este nome tiña orixe na ermida da Nosa Señora da Guía, situada no cumio deste monte, e que actuaba como guía para os mariñeiros. Mais a data de construción desta ermida, situada na coroa ou acrópole do castro galaico que hai dous mil anos ocupaba este monte, é relativamente recente.

Ilustración 37. Monumento en honor das persoas asasinadas pola ditadura franquista

A documentación do Catastro de Ensenada sinala como topónimo do lugar **Aguia**, do latín AQUILAM, todo xunto, e non a *A Guía* como previsiblemente se transcribiría oficialmente. Secasí, este *Aguia* sería interpretado como *A Guía* e posteriormente castelanizado como *La Guía*, do mesmo xeito ca o topónimo ourensán *Niño da Aguia* (ou *Nodaiga*)

sería deturpado no castelán *Niño de la Guía*. Este topónimo, que nun momento sería un zoónimo, quedou transformado nun haxiónimo cristián cuxa deturpación aínda perdura ata hoxe.

Neste monte atópase unha citania da cultura castrexa ou galaica terriblemente alterada e deteriorada, tanto que impide determinar ou sequera intuír as súas construción orixinais. Nalgúns documentos dos séculos XVII e XVIII achamos neste lugar o topónimo *Castelo*. Porén, non debemos pensar na existencia dun castelo como o entendemos actualmente, senón dun sinónimo de castro ou de lugar fortificado. Non é de estrañar que aquí existise un castro debido á posición estratéxica privilexiada deste monte, case península, como defensa da ría e da zona en xeral. Así, durante toda a súa historia foi un enclave defensivo estratéxico onde se instalaron baterías militares que aínda se poden observar no seu paseo.

No monte da Guía (ou da Aguia) existe un monumento construído en honor das persoas asasinadas e represaliadas pola ditadura fascista, nomeadamente Ángela Iglesias Rebollar e José Niebla García, fusilados neste lugar.

Ilustración 38. Vista desde o aire do cumio da Guía (ou A Aguia) cara á ría. Ilustración de Aerovidal

▶ Monte da Trapa

(Ecotopónimo)

O substantivo *monte* provén do latín MONTEM co significado de 'elevación importante do terreo' ou 'terreo cuberto de vexetación espontánea como toxos, fentos, silvas, arbustos etc., que pode estar poboado de árbores' (RAG).

Unha *trapa* é 'unha pequena porta ou abertura que se pecha cunhas táboas, coma a que comunica o sobrado co faio, un cuarto cunha dependencia inferior etc.', do xermánico TRAPPA 'trampa'.

Este monte está situado na Trapa (véxase *A Trapa*).

▶ Montecelo(s)

(Orotopónimo)

O *Dicionario da Real Academia Galega* recoñece un *montecelo* como 'un monte de pouca elevación, un montículo pequeno'. Procede do diminutivo latino MONTECELLUM e este, á súa vez, vén do latín MONTE(M).

Montecelo(s) son as terras que van desde a piscina municipal de Teis, discorren paralelamente a Sanjurjo Badía ata uns metros máis alá do colexio das Calasancias. Esta zona está dividida en dúas partes: **Montecelo Alto** e **Montecelo Baixo.**

Ilustración 39. Montecelo

▶ Montecelo Alto

(Orotopónimo)

▶ Montecelo Baixo

(Orotopónimo)

Son as terras que van desde a piscina municipal de Teis e percorren paralelamente Sanjurjo Badía ata uns metros máis alá do colexio das Calasancias. Esta zona ten unha pequena elevación do terreo, que non se pode considerar en si mesma un monte, por iso o nome deste topónimo. Moitos dos informantes da zona pronunciaban este topónimo con seseo

(Monteselo) e mesmo no Catastro de Ensenada, libro C-653/6, observamos a transcrición deste con seseo e sen artigo. Asemade, vemos a mesma representación no libro 768 (páxinas 407 e 533): *Monteselo.*

▶ Montiño

(Orotopónimo)

É o diminutivo de *monte* <MONTEM. Atópase na baixada para A Lagoa preto de Espiñeiro (rúa de Dona Fermina). Esta zona está situada nun dos laterais da subida ata o monte da Guía, desde a praia da Lagoa.

▶ Mourello

(Antropónimo)

Procede do diminutivo de MAURUS 'mouro ou moreno'. Seguramente estas eran as terras dun posuidor, de pel morena ou de orixe meridional.

Mourello correspóndese con todos os terreos que existen debaixo do pavillón de Teis (debaixo do restaurante Sete Torres, en Caxide).

▶ Mouta, A

(Fitotopónimo ou orotopónimo)

Topónimo prerromano que indica pequena elevación do terreo ou feixe de vexetación. Hoxe en día *mouteira* é no val de Fragoso un conxunto de plantas que destacan pola súa altura verbo das que están ao redor. Relacionado con estas voces está *moutillón*, duna dun areal. Todos son derivados de *mouta*.

A Mouta sitúase preto do cemiterio de Teis, por riba do camiño do Pingue, seguindo a Senda da Auga e preto das Torres de Padín.

▶ Murada de Abaixo, A

(Ecotopónimo)

Segundo a RAG unha *murada* é un terreo ou leira cercada por un muro. Este topónimo provén do participio de *murar* procedente do verbo latino MURARE co sentido de 'cerca do muro' (<MURUS). *Murada* sinala un terreo preto dunha construción vertical normalmente de pedra levantada para cercar unha terreo ou leira.

A zona **A Murada de Abaixo** localízase entre a avenida de Galicia e a autoestrada do Atlántico, máis ou menos cercada pola actual subida ao Paraixal e rueiro do camiño da Xorxa. No Catastro de Ensenada só atopamos transcrita como propiedade a *Murada de Abajo* (libro 768, páxina 48 pola cara B), que xa se transcribe sen artigo. Porén, está reflectida tamén só como *Murada*, sen artigo, no mesmo libro (páxina 246 pola cara B da folla). Pola contra, no Libro Real de Eclesiásticos, na páxina 3, observamos *A Murada*, co artigo mais tamén *Murada de Abajo* (páxina 5).

Ilustración 40. A Murada de Abaixo e A Murada de Arriba

▶ Murada de Arriba, A

(Ecotopónimo)

Ao igual ca o anterior, este topónimo provén do participio do verbo *murar* procedente do verbo latino MURARE co sentido de 'cerca do muro' (<MURUS). *Murada* sinala un terreo preto dunha construción vertical normalmente de pedra levantada para cercar un terreo ou leira.

Localízase (véxase o mapa da ilustración 47) por riba da autoestrada do Atlántico ata aproximadamente a actual rúa de Ángel de Lema y Marina, no Paraixal.

▶ Naranxal

(Fitotopónimo)

Laranxo non é a forma recollida oficialmente pola Real Academia Galega, mais si é unha forma popular do froito da laranxeira de forma arredondada e de cor entre amarela e encarnada.

Son terras de labradío que se atopan ao carón da vía do tren de mercadorías, debaixo do Camiño Real.

▶ Oliveira

(Fitotopónimo)

Oliveira provén, como ben se pode deducir, da palabra latina OLIVA. A oliveira é a árbore da familia das oleáceas de folla perenne que ten como froito a oliva.

Nesta zona atopáronse restos romanos como un *Olearia*, unha peza empregada para o prensado das olivas e a elaboración de aceite. Así, entendemos que a produción de oliva ou de aceite nesta zona se remonta á antigüidade latina, xa que foron os romanos os que introduciron o cultivo da oliva. Esta peza arqueolóxica senlleira e outras (como tres tixolos de barro cocido con inscricións e gravados) pódense observar no museo arqueolóxico de Castrelos.

Oliveira é unha zona moi ampla preto do monte da Guía, aproximadamente vai entre a actual rúa do Doutor Corbal e Ríos. A Oliveira está xebrada en **Oliveira de Arriba**, que se corresponde cos terreos por riba do camiño de Gondosende, e **Oliveira de Abaixo**, sinalada en azul.

Nesta zona temos a **Fonte da Oliveira** e o **Camiño da Oliveira**.

▶ Ollosa, A

(Orotopónimo)

Este topónimo deriva do substantivo *ollo*, orixinario do latín OCULUS, de raíz indoeuropea OKW- 'ver'. Está formado por este substantivo *ollo*, co significado de 'buraco ou cavidade de certas cousas'. Neste caso supoñemos que é unha característica do terreo, e polo sufixo *-osa* empregado para formar adxectivos derivados de substantivos que denotan abundancia do designado pola base, é dicir, abundancia de ollos 'buracos'.

A súa localización abrangue cerca da Quinta de Ferrín e A do Bispo, na rotonda do instituto a Guía, no actual camiño do Doutor Corbal.

▶ Orxa

(Fitotopónimo)

O *orxo*, do latín HORDEU, é unha gramíanea herbácea, un cereal cultivado desde o inicio da agricultura (con evidencias no Neolítico, ao redor do 8500 a. C.). É moi parecido ao trigo pero de menor altura, folla máis ancha e espiga máis alongada, da que existen distintas especies.

Segundo os estudos de arqueobotánica, o orxo estendeuse por Eurasia no 2000 a. C. Nos seus usos máis comúns do seu cultivo estaban a elaboración de pan mesturado con outros cereais como o centeo. Alén disto, era empregado para alimentar o gando e para limpar os campos.

Con respecto á súa etimoloxía, *orxo* procede do HORDEUM latino e convive co seu sinónimo *cebada*, que chega a nós a través da lingua clásica CIBATA do verbo CIBARE 'alimentar'.

Orxa é unha grande extensión de terras, hoxe de *poulo*, rodeada por casas baixas de nova e de vella construción. Xeograficamente está situado na Travesía de Vigo, entre a avenida do Aeroporto e a actual rúa de Cantabria.

▶ Padín

(Antropónimo)

Padín deriva de (TERRAM) PALATINI 'o lugar que era propiedade dun home chamado Palatinus', nome de posesor medieval. Chegouse á for-

mación de Padín a través da perda do -L- intervocálico e sonorización do -*t*- debido a procesos de evolución da lingua. **Padín** é unha zona moi ampla de Teis, dividida en dúas partes xebradas hoxe pola autoestrada do Atlántico, coñecidas agora como **Padín de Arriba** e **Padín de Abaixo**. Padín correspóndese coas terras situadas despois da Chumba e das Ánimas indo cara ás Limoeiras e ao Pumariño.

En vermello podemos observar Padín de Arriba e en azul, Padín de Abaixo. Neste lugar atopamos **A Torre de Padín**, sinalada en amarelo.



Ilustración 41. Vista da Torre de Padín desde Padín de Arriba

▶ Parada

(ECOTOPÓNIMO)

Parada é un topónimo creado desde o verbo *parar* co sufixo *-ada* (acción ou resultado). Existen moitos topónimos *Parada* en Galicia, así como os seus derivados *Paradela, Paradavella, Paradanova* etc. Indica Sestay Martínez (2008) que se pode referir a grandes relanzos ou chairas despois de prolongadas costas do terreo, mais tamén pode indicar no sentido etimolóxico do verbo *parar* 'preparar un terreo para plantar ou sementar'.

Parada localízase no termo municipal de Teis e fai fronteira con Chapela, por riba de Padín e da Traída da Auga.

▶ Paradela

(Orotopónimo)

Diminutivo de *Parada*. Aquí temos a **Fonte da Paradela,** unha das múltiples fontes deste territorio.

Paradela atópase despois de Bombeiros, xunto coa Buraquiña e Luqueiro, e remata pegada á Trapa.

▶ Paraixal, O

É un topónimo escuro. As primeiras sílabas pódennos acaroar a un derivado de *pedra*, como *Parafita, Paramá* etc., pero tamén podería proceder dun adxectivo latino PARADISALE 'lugar privilexiado'. Non está claro nin temos documentación antiga que nos achegue algunha pista á súa etimoloxía.

Existen actualmente un **Paraixal de Abaixo** e un **Paraixal de Arriba**, xunto cun **Regato do Paraixal** e un **Souto do Paraixal**. No Catastro de Ensenada aparece en dúas ocasións, mais escrito con *-s- (Paraisal)*. Na actualidade, á parte do Paraixal**,** rexístranse as pronuncias populares deste topónimo como *O Preisal* e *O Praixal*, con síncope vocálica.

O Paraixal sitúase na rúa de Bos Aires (subida para Teis, preto da Cacharela).

▶ Pardal, A do

(Antropónimo)

Pode referirse ao alcume dun posesor destas terras ou ao paxaro da orde dos paseriformes, moi común, de pequeno tamaño, con plumas pardas raiadas de escuro e peteiro curto e curvo, que se alimenta de grans, sementes, insectos etc., e do que existen varias especies. Como antropónimo, *Pardal* refírese tamén ao paxaro como aquel que cría pardais. Deste apelido ou alcume, en Vigo observamos uns 48 apelidos, o que supón un 4,92 % do total de Galicia. *Pardal* provén do latín PARDALIS, préstamo do grego co significado de 'leopardo'. Logo aplicaríase aos paxaros debido á súa plumaxe. En parroquias próximas do val de Fragoso este paxaro coñécese como *charrau* (Castrelos e Sárdoma) ou *charreu* (Beade e Bembrive). Por iso pensamos que neste caso *Pardal* podería ser un apelido ou un alcume.

A do Pardal era unha quinta situada no cruzamento entre O Camiño Real e a Baixada á Igrexa, preto da igrexa de San Salvador de Teis.

▶ Pasadouro, O

(Ecotopónimo)

Pasadouro é un topónimo formado sobre o verbo *pasar*, do latín PASSARE, co resultado dialectal da terra de Turonio da terminación latina -ORIU, que indica lugar. O *pasadouro* é o lugar por onde se pasa. A terminación latina -ORIU evolucionou en galego común a *-oiro*: *pousadoiro*, *ripadoiro*, *ancoradoiro*, *fontoira* etc., mentres que no galego tudense o fixo a *-ouro*: *pousadouro*, *ripadouro*, *ancoradouro*, *fontoura* e *pasadouro*. Este topónimo está recollido no Catastro de Ensenada, libro 768, como *O Pasadouro* (páxina 676).

O Pasadouro localízase fronte á piscina municipal das Coutadas, moi preto do barrio das Flores.

▶ Pasiños

(Orotopónimo)

Pasiños procede de *paso*, do latín PASSUS 'poñer o pé por diante'. PASSUS é o participio de PANDERE 'estirar'. Neste caso ten o sentido de lugar por onde se pode pasar para ir dun sitio a outro.

Pasiños está situado desde a avenida da Mariña ata as vivendas coñecidas como «pisos laranxas» na Balbarda.

▶ Pé do Monte, O

(Orotopónimo)

'Base do monte, terra situada inmediatamente debaixo da ladeira que sobe ao alto dun monte; o lugar que está á beira da ladeira dun monte' (Sestay Martínez, 2019).

É unha denominación moi acorde coa súa localización, pois está na parte baixa ou ladeira do monte da Madroa. *Pé* provén da orixe latina PEDEM e designa a mesma parte do corpo ou, por extensión, a parte baixa de calquera cousa.

Efectivamente, esta zona sitúase na ladeira do monte da Madroa, a máis próxima a Frián, por riba da rúa de Vista do Mar.

▶ Pé do Pandeiro

(Orotopónimo)

Pé provén do latín PEDEM, igual ca *pandeiro* o fai do latín vulgar PANDORIUM, o instrumento musical de percusión composto por un arco de madeira en forma de rectángulo sobre o que se suxeita unha pel estirada, que se toca golpeándoo coas mans, os cotenos etc. Hoxe en día, algo pando é algo curvado, combado ou afundido e un *pandrira* é un terreo plano no que agroman os charcos.

O Pé do Pandeiro sitúase no lindeiro de Vigo con Redondela, en Padín de Arriba, xunto a Parada e A Buraca.

▶ Pedra da Agua, A

(Orotopónimo)

Como moitos topónimos, este sinala a situación dunha gran rocha no terreo. *Pedra* procede do latín PETRAM e *auga* do latín AQUAM. Nesta localización existe un petróglifo descuberto en 1918. Se cadra este nome débese á súa ilustración de tres círculos concéntricos coma se fose unha pedra que cae á auga. Este petróglifo componse de tres círculos concéntricos recoñecidos como arte rupestre das Rías Baixas datado entre o 2000 e o 3000 a. C. Esta pedra do petróglifo foi empregada tradicionalmente para secar o millo. O investigador Costas Goberna recolle que tamén se coñecía este lugar como *Pedra de Amoar* ou *de Afiar*, xa que nela se reunían as mulleres desocupadas e falangueiras (este dato non foi confirmado por ningún informante da zona).

Ten un estado de conservación moi deteriorado[30] pola erosión e polo paso das persoas sobre a rocha, xa que se encontra sen protección nin sinalización ningunha e situada nun camiño de acceso ás vivendas que a rodean.

▶ Peirao de Guixar

(Ecotopónimo)

Peirao, do gascón *Peirau* e este do latín PETRATU, formado con pedras, é unha construción a modo de muro de pedra no cauce dun río feita para embalsar auga destinada ao rego, ou no mar para facilitar o atraque dos barcos e o embarque de persoas e de mercadorías.

O **Peirao de Guixar** sitúase na costa da parroquia de Teis, na avenida de Guixar, na Punta de Santa Tegra. Nela actualmente localízanse moitas instalacións do porto de Vigo e varias industrias.

▶ Pedras Negras, As

(Orotopónimo)

Por unha banda, o adxectivo *negras* provén do latín NIGRAS referido á cor que non reflicte ningunha luz. Pola outra, *pedras* ten orixe tamén no latín PETRAS 'rochas'.

As Pedras Negras son un conxunto de penedos situados no monte da Madroa por detrás do zoolóxico.

▶ Pedrosa, A

(Orotopónimo)

Pedrosa, igual ca o seu sinónimo *pedregosa*, que tamén forma topónimos, significa 'terreo que ten moitas pedras', polo que este topónimo fala da orografía do terreo. Está formado a través da palabra latina PETRA e o sufixo *-osa*. *A Pedrosa* tamén é coñecida como o **Viveiro da Pedrosa**, ao ser *viveiro* unha palabra latina derivada VIVARIUM.

No Catastro de Ensenada aparece xa nas primeiras páxina do libro 768 e en varias ocasións. Alén deste topónimo, vemos tamén no libro

30 atlantico.net/articulo/vigo/petroglifo-catalogado-bic-peldano-mas-guia/20170819235325603609.html.

*Pedrova (*páxina 210) e *Pedreira* (páxina 589), pola súa semellanza podería estar situada por esta zona, mais é só unha teoría sen confirmar.

A Pedrosa son varias terras situadas dentro do Poulo, moi preto do Paraixal e da Senda da Auga.

▶ Pega

(Zootopónimo)

Paxaro da familia dos córvidos que presenta cor branca no ventre, costados e extremos das ás e o resto do corpo negro con irisacións verdes, azuis ou moradas, ou outros tons máis escuros en todo o corpo. Provén do latín PICA, con sonorización da consonante intervocálica propia do proceso de lenición do noso romance.

O **Lugar de Pega** está situado no límite de Teis con Redondela, preto de Parada e da avenida de Redondela.

▶ Peleteiras, As

(Antropónimo)

Segundo a Real Academia Galega, *peleteira* é relativo ou pertencente á peletaría (como adxectivo) e a persoa que traballa ou comercia con peles. Seguindo esta hipótese, a palabra provén do substantivo *pel* do latín PELLE(M). Neste caso podería tratarse dun antropónimo, pois un dos informantes confirmou que era o nome dunha das familias da zona, apelidada *Peleteiro*. Se é así, este apelido estaría relacionado cun antepasado que traballou ou comerciou con peles.

Nesta zona, situada na Xorxa, temos un lavadoiro ou fonte coñecido como **Fonte das Peleteiras** e tamén o regato chamado **Río das Peleteiras**.

▶ Pendencia

(Orotopónimo)

Pendencia é a forma do participio de presente latino de PENDENTE(M) 'pendente' procedente do verbo PENDERE cos múltiples significado de 'colgar, pesar ou pagar', xa que na época latina se empregaba un *pendo* para pesar unha balanza, colgando dela este peso co obxectivo de pagar a compra. Segundo o *Dicionario da Real Academia Galega* unha *pendencia* é 'un enfrontamento entre dúas ou máis persoas no que hai

berros, discusións, insultos e golpes'. Porén, pensamos que o significado que mellor se achega ao topónimo debe ser o etimolóxico e o relacionado con pendente, que caracteriza a zona como un terreo que está inclinado ou que ten unha leve pendente.

Pendencia sitúase na baixada da avenida da Mariña, na segunda travesía, e dá ao camiño Vello de Ríos (o actual Camiño Real). Esta localización semella confirmar que se trata dun terreo cunha leve inclinación, xa que está en baixada cara á Costa de Ríos.

▶ Piñeiras

(Fitotopónimo)

O *piñeiro* procede do latín PINARIU, formado sobre o clásico PINU e o sufixo -ARIU *(>eria)*.

As Piñeiras son unhas terras do Toural que pertencían á familia Piñeiro. Hoxe o lugar está urbanizado por unha morea de edificios construídos nos anos 1980-1990. Polo tanto, este topónimo refírese ao posuidor deses terras.

▶ Pingue, O

(Hidrotopónimo)

Pingue é unha variante do substantivo *pinga*, voz derivada regresiva de *pingar* e esta do latín vulgar *PENDICARE, clásico PENDERE 'colgar', do que sae actualmente *pendurar*. Neste caso co significado de 'fío de auga saíndo de entre as rochas' ou 'cano dunha fonte'. Neste lugar atopamos a coñecida como **Fonte do Pingue**, que debe ser quen nomea toda a zona.

Estes terreos limitan coa Trapa pola banda dereita e pola esquerda coa Ferreira. Están atravesados pola construción da autoestrada do Atlántico.

▶ Pino Manso

(Fitotopónimo)

Pino Manso deriva do latín PINU(M) (tamén coñecido como *piñeiro cernil*). É unha árbore da familia das pináceas. O máis característico desta especie de piñeiro é o seu cumio en forma esférica. Non é unha especie autóctona de Galicia.

O **Pino Manso** atópase preto do camiño da Lagoa, en Espiñeiro, dentro do que se coñece aínda como Vulcano.

▶ Pomba

(Zootopónimo)

Procede do latín vulgar PALUMBA e do clásico PALUMBRES co significado de 'pomba silvestre' en contraposición a COLUMBA 'pomba'. Esta distinción só sobrevive no occitano, nos demais romances só conservamos a primeira voz para referirnos a todas as clases deste animal voador.

O **Camiño da Pomba** está localizado desde o final do camiño de Pumariño, en Padín de Arriba, e a avenida de Redondela.

▶ Ponte das Golas

(Ecotopónimo)

Pontes provén do latín PONTE(M) 'construción feita para unir dous puntos salvando algún obstáculo como un foxo, río etc.'. Mentres que *golas* ten unha orixe escura e pode vir de GULA(M) 'gorxa' en latín, co significado de paso estreito.

A **Ponte das Golas** é unha ponte que une o camiño da Vía e o camiño da Buraquiña, e por debaixo temos a autoestrada do Atlántico. Actualmente a rúa que discorre pola ponte coñécese como a rúa de Ángel de Lema y Marina, fundador do *Faro de Vigo*.

▶ Ponte de Frián

(Antrotopónimo)

Frián ou *Freán* provén de FROILANI ou FROILANE. A súa evolución está condicionada pola apócope da vogal postónica, a caída do -L- intervocálico, evolución que caracteriza o noso romance.

No Catastro de Ensenada, no libro 768, aparece a denominación de *Frean* (páxina 36) xunto coa de *Frean el viejo* (páxina 37) e *Frean el nuevo* (37 cara B da páxina). Esta ponte está situada en Frián.

▶ Ponte do Veloso

(Antropónimo)

Veloso é un apelido ou alcume referido á aparencia física (velo corporal abondoso). Procede do latín VILLOSU co significado etimolóxico de 'guecho de pelo'.

A **Ponte do Veloso** localízase na entrada da autoestrada por Bos Aires. No Catastro de Ensenada, libro 768, páxina 41, temos o topónimo **Campo do Veloso.** Estas terras son as que se atopan por riba da ponte.

▶ Pontillón

(Ecotopónimo)

Procede do substantivo PONTEM. Un *pontillón* é unha pequena ponte (normalmente de madeira), unha pontella. Adoita estar formada por dúas grandes pedras (trabes ou táboas) atravesadas dunha marxe á outra dun río para cruzalo.

Pontillón é un río situado na Baixada de Ríos, fronte ao polideportivo da ETEA, preto do camiño de Ríos. Existe outro Pontillón preto da actual rúa de Rosalía de Castro.

▶ Portal do Mende, O

(Antropónimo)

Véxase *O Mende*.

O Portal do Mende é a entrada a esta praia. Localízase polo lado da baixada do camiño do Laranxo, na Rotea.

▶ Pouleira, A

(Ecotopónimo)

Pouleira deriva de *poulo* engadindo o sufixo *–eira* con sentido espacial ou abundancial. *Poulo* procede do latín PABULU 'alimento'. Os poulos eran as terras dedicadas á obtención de herba para o gando. Na actualidade o poulo designa unha terra sen cultivar poboada de maleza, arbustos e herbas altas. Polo tanto, unha pouleira é unha terra sen cultivo.

A Pouleira sitúase por debaixo do Poulo, por riba de Rorís, e comunica co camiño da Pedrosa por un dos seus laterais.

▶ Poulo

(Orotopónimo)

Poulo procede do latín PABULU 'alimento'. (*véxase Pouleira, A*)

O **Poulo** é unha serie de terras, agora camiños, que comunican o camiño da Pedrosa coa Pouleira, situadas na zona de Roris de Arriba.

▶ Pousadouro

(Orotopónimo)

Pousadouro é unha palabra derivada do latín PAUSATORIUM composta polo verbo *pousar* derivado do latín PAUSARE 'deterse' coa terminación *-ouro* en lugar de *-oiro*, característica do suroeste de Pontevedra (*ancoradouro*, *postouro* etc.).

O **Pousadouro** localízase na fronteira con Chapela, co camiño da Costa. Son terras na súa maior parte de campos hoxe de *poulo* onde medra a maleza e as malas herbas. Dentro desta zona temos un lavadoiro, o **Lavadouro do Pousadouro**, empregado aínda pola veciñanza. Na súa maioría son terreos en costa descendentes cara ao mar topando coa actual avenida de Galicia na zona da Chumba.

▶ Pousos, Os

(Orotopónimo)

Os *pousos* refírense a terreos chans ou dunha leve inclinación no medio dunha pendente. Procede da palabra latina PAUSU(M), que na súa evolución ao romance creou un ditongo secundario AU > *ou*, habitual na nosa lingua.

Os Pousos son unha zona case deshabitada do monte da Madroa que vai desde a Traída das Augas ata máis ou menos a zona de Ramalladas ou Vigozoo ou do Miradoiro da Madroa. Está xebrada no **Pouso de Arriba** e o **Pouso de Abaixo**. O Pouso de Arriba é a zona máis pegada ao cumio mentres que o de abaixo é a máis preto da Traída da Auga ou da Senda da Auga.

▶ Praíña do Faro, A ou A Cala do Faro

(Ecotopónimo)

Este topónimo ten dous nomes. En *A Cala do Faro*, *cala* procede dunha voz prerromana co significado de 'fondeadoiro abrigado', e en *A Praíña do Faro*, *praíña* vén do latín tardío PLAGIA.

A Cala do Faro ou **A Praíña do Faro** está situada por debaixo do faro da Guía. É unha pequena cala á que se accede baixando unhas escaleiras de madeira que se atopan por detrás do campo de fútbol da Guía. Cando sobe a marea apenas hai area e a veciñanza colócase polas rochas. Está en fronte do Cabrón (véxase *O Cabrón*).

▶ Penedo, O

(Orotopónimo)

Penedo deriva de PINNA co sufixo ETU > *-edo* para formar colectivos, xa que etimoloxicamente sería un conxunto de penas, mais pasou a designar unha pedra grande.

O Penedo localízase á beira do mar, na zona de Ríos. Hoxe en día estas terras están ocupadas por unha morea de fábricas.

▶ Presa da Lama, A

(Orotopónimo)

A palabra *lama* é anterior á introdución do latín, prerromana, que sobreviviu en Galicia e no norte peninsular (Asturias e León coa variante *llama*). Lexicalizouse en moitas partes de Galicia como 'pequeno prado de regadío ou lugar onde se acumula unha masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga'. Segundo o dicionario de Eligio Rivas (1988) tamén pode designar 'un terreo baldío, comunal, con pastos para o gando da veciñanza'.

Presa provén de PRENSA, participio do verbo PREHENDERE, co significado de 'atrapar'.

▶ Presa, A

(Hidrotopónimo)

(ver. Presa da Lama)

A Presa é hoxe un conxunto de edificios de usos múltiples, con varias vivendas enriba e comercios (sobre todo de comestibles) na parte baixa. Está situado en Frián, na actual rúa de Robleda, despois da ponte da autoestrada do Atlántico ata o camiño de Frián. Actualmente é unha zona bastante deshabitada, sobre todo a que está máis preto do camiño de Frián. Aquí a paisaxe da rúa da Travesía de Vigo, de edificios altos, case formando un canón de cemento, transfórmase en casas baixas e tradicionais da zona, na súa maioría abandonadas, e algunhas extensión de cultivo. Por outra banda, temos a renovación e a modernización das novas construcións de despois da ponte da autoestrada ata chegar ao Toural de Adentro.

▶ Punta, A/A praia da Punta

(Orotopónimo)

Este topónimo procede do latín PUNCTA co significado de 'ferida cun arma punzante', participio pasivo feminino de PUNGERE 'pinchar ou picar'.

Ilustración 42. Praia da Punta

Está é unha praia na ladeira do monte da Guía. Sitúase na Baixada da Punta e é a primeira praia que nos encontramos desde ela. Nesta zona temos tamén o topónimo **Punta da Guía**, exactamente a praia que está en fronte do parque infantil. Na praia está situado un muro de rochas que penetra no mar formando unha punta. Nesta praia existía ata época moi recente un muro que a separaba da zona militar da ETEA, mais despois das insistentes peticións da veciñanza este muro foi derrubado e hoxe existe un paseo que conecta esta praia co peirao da ETEA e co camiño de Ríos. Actualmente esta zona está rehabilitada cun parque infantil, campo de fútbol, baloncesto, pista de patinaxe e *skate*, mesas e dous *bochinches*. Nesta praia aínda se poden observar os restos da antiga ETEA en forma dun posto de vixía, actualmente cercado por valados debido á ferruxe da estrutura.

Ilustración 43. Posto de vixía conservado como un dos restos da ETEA

Ilustración 44. Punta da Guía pola que se lle outorga o nome a esta praia

▶ Purificación Saavedra

(Antrotopónimo)

Hoxe en día coñécese con este nome a rúa que vai desde o Toural de Abaixo (rúa dos Foxos) ata o camiño das Maceiras en Maceira. Neste lugar existía unha mansión chamada Vila Purificación, segundo apunta González Fernández (2001: 288, 289) en honor dunha señora da acomodada familia dos Saavedra.

▶ Quiringosta, A

(Orotopónimo)

Quiringosta é unha evolución do bloque occidental da palabra latina COANGUSTAM 'estreita ou angosta'. Dá *congostra* en galego común,

con metátese da vibrante *crongosta* que se transforma tras anos de evolución en *Quiringosta* e mesmo *Quirincosta* (hai rúas da *Quirincosta*, con *-nk-* en Priegue, Nigrán, e en Sabarís, Baiona). Este termo designa un camiño estreito ou angosto.

A Quiringosta é a zona que une a Baixada da Igrexa co Camiño Real.

▶ Rabuda, A

(Zootopónimo)

Esta voz procede do substantivo *rabo* do latín RAPUM co sufixo *-uda* 'conxunto ou abundancia' ou mesmo formando un adxectivo. Así, indicaría un topónimo referido á forma revirichada dun terreo (como existe o *Raviso* en Sárdoma, ou *Rabo de Galo*, *Rabo de Porco* etc., por Galicia adiante).

A Rabuda é un campo situado en Amieiro, preto da rúa do Buxo, hoxe en día rodeado de casas baixas tradicionais da zona. *A Rabuda* é un topónimo xa reflectido no Catastro de Ensenada (libro 768, páxina 110), indicio da súa antigüidade.

▶ Ranque, O

Topónimo de orixe escura localizado entre a Murada de Arriba e a actual rúa de Ángel de Lema y Marina.

O Ranque son unhas terras dedicadas pola veciñanza da zona ao cultivo de diferentes hortalizas. Se se tratase dunha aférese por *Arranque*, poderíase entender que esa zona era o inicio doutra.

▶ Rego do Pumariño, O

(Hidrotopónimo)

Pumariño é o diminutivo de *pumar*, moi frecuente na nosa toponimia como sinónimo de maceira. Procede do latín POMUS 'árbore froiteira'; polo tanto, ten o sentido de maceira. Achamos tamén a forma **Pomariño**. En canto a *rego* procede do latín RIGARE 'regar'. É un longo regato que percorre a baixada no monte da Madroa ata o camiño da Cacharela, atravesando o camiño de Valeiro, o camiño do Pumariño, o camiño de Padín, a avenida de Redondela e a autoestrada do Atlántico.

▶ Ribeira, A

(Hidrónimo)

Procede do latín RIPARIA 'zona limítrofe con masas de auga, ríos ou mares'.

A Ribeira é unha zona situada no Camiño Real cando se atopa co camiño do Laranxo. Está chea de vivendas baixas situadas por debaixo do parque da Riouxa.

▶ Ribeiros , Os

(Hidrónimo)

Procede do latín RIPA xunto co sufixo -ARIOS. Pode referirse a un nome familiar, dalgunha familia apelidada Ribeiro, ou pode ser sinónimo de Ribeira. Noutras partes do país *ribeiro* e *ribeira* pasan a designar *río*.

Os Ribeiros abranguía as terras situadas no actual Camiño Real fronte á do Pardal. Hoxe é un terreo ocupado pola empresa Metalships, preto da igrexa de San Salvador de Teis.

▶ Río da Barxa

(Hidrotopónimo)

Termo prerromano que ten relación cos terreos situados nas marxes dos ríos que con frecuencia son anegados pola auga. *Barxa* é unha variante fonética de *barcia*, con orixe *WAR 'auga'; por iso na normativa galega aparece como *varxa* ou *varcia*. En Galicia atopamos trinta lugares con este nome en singular e en plural; así o Nomenclátor recolle a escrita tradicional con *b*-. O substantivo *Barxa* provén da forma medieval *VARCENA ou *VARGENA.

O **Río da Barxa** sitúase na Barxa, na rúa de Santa Tegra, preto da avenida de Guixar. Hoxe temos varias fábricas nesta localización.

▶ Río da Gadaña

Gadaña ten orixe xermana. Procede do gótico *WAITHANEIS relacionado co verbo *WAIDANJAM 'buscar pasto ou colleitar'. A nosa forma entrou en Galicia grazas ao latín dos romanos como o instrumento para segar

a herba. A súa relación co topónimo pode ser pola forma curvada da folla da gadaña coa forma curvada dos *anllos* deste pequeno río, que hoxe discorre soterrado.

▶ Riouxa, A

(Hidrótopónimo)

O topónimo *Riouxa* pode está relacionado co latín RIVUS, pois non debemos esquecer que por alí pasa subterraneamente o río Gadaña.

A Riouxa hoxe é un parque natural situado na ladeira do monte do Sino, entre a avenida de Galicia, o camiño do Laranxo e a Rotea, dotado na parte baixa dun pequeno anfiteatro pensado primeiramente para facer concertos ou representacións mais hoxe en desuso. É un espazo público moi concorrido pola veciñanza, sobre todo por quen ten animais de compaña. Na parte superior, a máis achegada á avenida do Atlántico, podemos observar un pequeno paseo cunha fonte (**Fonte da Riouxa**) e unha pista de baloncesto e fútbol xunto a unha de petanca.

▶ Roboleda ou Roboreda, A

(Fitotopónimo)

Procede do latín ROBORETAM, abundancial de ROBUR 'carballo'. Os topónimos galegos derivados de ROBUR son case todos da Galicia oriental, onde existen as árbores chamadas *rebolos*. Na Galicia central e occidental só hai formas toponímicas como *Reboreda*, *Reboredo*, *Robreda*, mentres que o nome da árbore é *carballo*. No Catastro de Ensenada aparece *Roboleda* con disimilación de líquidas *r* en *l*. Está situada no Toural de Adentro.

▶ Rorís

(Antropónimo)

Roris é un antropónimo de orixe xermánica; é o nome dun posuidor ou propietario. Deriva de RODERICII, xenitivo de RODERICUS, de onde proceden outras formas como *Rois*, *Rodriz*, *Ruíz* etc. Neste caso, a forma sería *Roriz* pero posúe o seseo característico da fala de Teis (como *Sabarís* e non *Sabariz*, *Guldrís* e non *Guldriz*).

O antropónimo **Rorís** sitúase pola parte de arriba da estación de servizo da Travesía de Vigo. No Catastro de Ensenada atopamos, no libro 678, a transcrición de *Roris de Abajo* (páxina 163) e *Roris* (páxinas 176, 236 e 301).

▶ Rotea, A

(Orotopónimo)

Rotea é un topónimo de orixe latina (do verbo RUMPERE) que se refire a un terreo que se lle gañou ao monte para funcionar como zona da cultivos.

A Rotea localízase pola parte baixa do parque na Riouxa, preto da costa e na ladeira do monte do Sino. Hoxe en día é unha zona de beiramar onde se localizan diferentes fábricas como Frigalsa.

No Catastro de Ensenada, libro 768, páxina 622, observamos o topónimo **O Cocho da Rotea**.

▶ Salcides

(Orotopónimo ou fitotopónimo)

Salcides pode ser un derivado abundancial do latín SALICE(M) 'salgueiro' ou unha relaxación do *-a* átono final de *Salcidas*. No Catastro de Ensenada, libro 768, rexistramos o topónimo *Salcido*, páxina 29.

Salcides é unha área situada no monte da Madroa por debaixo do campo do fútbol de Sampaio. É unha gran zona arborada do monte central de Teis.

▶ Salesas, As

(Haxiotopónimo)

As Salesas é un convento da orde salesiana situado na rúa de Coutadas (na Calzada), por riba do cruzamento coa avenida de Sanjurjo Badía. Este mosteiro foi creado polo arquitecto Antonio Palacios en 1942 para a Visitación das Salesas Reais, que xa se instalaran neste lugar en 1927. Trátase dun topónimo de orixe recente.

▶ San Ignacio

(Haxiotopónimo)

Ignacio, nome de orixe latina IGNATIUS < IGNIS 'fogo' mais NATUS do verbo NASCERE 'nacer'.

O **Camiño de San Ignacio** é a zona coñecida como Bellavista, preto dos Foxos. Aí foi onde se instalou o colexio dos Xesuítas.

▶ San Lourenzo

(Haxiotopónimo)

Lourenzo, nome masculino de orixe latina LAURENTIUS co significado de orixinario de LAURENTUM, unha cidade do Imperio romano na rexión de Lacio (hoxe Roma). Á súa vez, LAURENTIUS deriva de LAUREA 'planta do loureiro' e este de LAURUS 'loureiro'. Polo tanto, *Lourenzo* significa 'aquel coroado con loureiro'.

San Lourenzo é o nome duns terreos hoxe ocupados por edificios e a construción da autoestrada, en Isaac Peral e por riba do Canadelo Baixo.

▶ San Salvador de Teis

(Haxiotopónimo)

É como se coñece a zona dos arredores da igrexa que nomea a parroquia e localízase na Baixada á Igrexa. Esta igrexa está dedicada á Nosa Señora da Saúde e é a capela do cemiterio municipal de Teis. Tamén outorga o seu nome ao colexio de ensino primario situado no monte do Sino.

A igrexa foi reformada entre os anos 1862 e 1882. En 1943, co aumento dos fregueses, quíxose levar a cabo a construción dunha nova igrexa na Balbarda, porén nunca chegou a construírse.



Ilustración 45. Igrexa de San Salvador de Teis

▶ San Xoán

(Haxiotopónimo)

Está situado por debaixo do colexio privado Bouza Brey, por debaixo do camiño da Devesa.

▶ Sanjurjo Badía

(Antrotopónimo)

Antonio Sanjurjo Badía era un empresario sadense que fixo fortuna en Cuba e que logo se instalou en Teis (cando era un barrio de Lavadores). Tivo factorías de construción naval e unha fábrica de fundición en que estaban empregados numerosos veciños do barrio. En xaneiro de 1920 aprobouse poñerlle o seu nome ao tramo da estrada Pontevedra-Camposancos que vai desde A Calzada ata Os Canos.

O seu fito máis recordado entre a veciñanza é a construción do primeiro submarino galego o 12 de agosto de 1898, que deu en chamar *boia submarina.*[31] A súa finalidade era a defensa da ría de Vigo fronte a posibles ataques estadounidenses debido a que nesa época España estaba combatendo na guerra de Cuba. Este submarino, todo un éxito para a época, pódese ver no Museo do Mar de Vigo. Sanjurjo Badía morreu en Vigo en 1922 e foi un dos máis grandes inventores e visionarios galegos do século xx.

Ilustración 46. Primeiro prototipo de submarino. Fotografía de Vigo

31 gciencia.com/historias-gc/Sanjurjo-o-gran-inventor-de-galicia/.

▶ Santa Tegra

(Haxiotopónimo)

Santa Tegra foi unha mártir do século I orixinaria de Asia Menor, seguidora de San Paulo. Foi reverenciada como o modelo de castidade feminina.

Santa Tegra son as terras situadas por debaixo de Sanjurjo Badía e que lindan coa rúa de Guixar e coa rúa de Julián Estévez. Nesta zona atópanse parte das terras da igrexa de San Francisco Javier e do colexio Apóstolo Santiago, xunto con diferentes tipos de fábricas. Dentro de Santa Tegra temos a **Punta de Santa Tegra**, hoxe imperceptible debido á construción do peirao de Guixar.

▶ Senda da Auga, A

(Hidrónimo)

Senda provén de SEMITA 'desvío' latino. Por outra banda, temos *auga*, tamén de orixe latina en AQUA co mesmo significado.

A Senda da Auga é un percorrido ou unha ruta de 13 quilómetros. Esta ruta percorre tanto o barrio de Teis (na súa parte final) coma a parroquia redondelá veciña de Chapela. Trátase dun topónimo recente.

▶ Sino, O/Monte do Sino, O

(Difícil clasificación)

Sino é unha palabra derivada da voz latina SIGNUM, é dicir, 'aquilo que se segue'; poren existen outros matices e significados como marca, sinal, manifestación, síntoma, selo... Neste monte existe un castro hoxe alterado pola construción do parque e das edificacións no seu cumio. Isto sábese porque en 1927 se descubriron neste lugar unhas moedas romanas e unhas pezas de cerámica galaica. Anos despois, outros arqueólogos acharían tegulas, muros e un cuncheiro.

Atópase sepultado polo actual colexio de San Salvador de Teis e, outra parte, polo parque da Riouxa. Moitos dos informantes pronunciaban este topónimo como unha soa palabra: *Montesino.*

Posiblemente este topónimo sexa o topónimo perdido rexistrado no Catastro da Ensenada *Outeiro do Signo* que se pode consultar máis adiante, pois na toponimia viguesa moitos *Outeiro de* rexistrados en Ensenada son actualmente *Monte de*.

Ilustración 47. Vista do monte do Sino desde a parte baixa do parque da Riouxa

▶ Sobrados, Os

Os Sobrados son uns terreos dentro da ETEA, exactamente onde hoxe se sitúa o campo de fútbol do polideportivo da ETEA. É un topónimo formado sobre o latín SUBER *(Quercus suber)*, galego 'sobreira'. O nome SUBERATO significaría lugar abondoso en sobreiras.

No Catastro de Ensenada, no libro 768, páxina 225, rexistramos o topónimo *Sobrado.*

▶ Suacasa. Praia de Suacasa

(Talasopónimo)

Está formado por SUB ILLA CASAM en latín. Existen no val de Fragoso outros topónimos cunha formación parecida como *Suasviñas*, en Lavadores; *Suaigrexa*, en Candeán; e *Sualata*, *Suapresa* ou *Suaviña* en Bembrive, o que está debaixo das viñas, da igrexa, da lata, da presa... E, no caso de Teis, o que está por debaixo da casa: *Su A Casa*.

A **Praia de Suacasa** tamén é coñecida como *Praia de Cacharela.* Está situada entre o areal da praia do Mende e da praia de Arealonga, xa pertencente a Chapela-Redondela. Non está habilitada para o baño, por iso é máis frecuentada por pescadores ca por bañistas. Son uns escasos 44 metros de longo e 6 de largo, mais cando hai marea alta a area queda practicamente cuberta pola auga.

Ilustración 48. Praia de Suacasa ou Cacharela desde o aparcadoiro do Mende. A continuación pode observarse a praia de Area Longa, xa en Redondela

▶ Tanque, O

(Ecotopónimo)

Tanque tanto pode ser un recipiente de gran tamaño para conter líquidos, procedente do verbo latino TANCARE co significado de *pechar*, coa raíz celta *TANK-, coma o significado máis actual de vehículo militar blindado, neste caso préstamo do inglés *tank*.

O Tanque é hoxe un camiño que está situado na converxencia do camiño da Ferreira coa rúa do Párroco Don Serafín. Xa no Catastro da Ensenada (libro 768, páxina 57) aparece este topónimo.

▶ Timoeiras. Praia de Timoeiras

(Talasónimo)

Segundo Eligio Rivas Quintas (2001) unha *timoeira* é unha grosa correa para suxeitar un carro e o arado. Segundo Franco Grande (1972), pode ser un aparello de pesca chamado tamén *currican* ou as plumas que constitúen a cola das aves. Debido á súa posición xeográfica na costa e a actividade pesqueira da zona, podemos concluír que o significado que máis se asemella seguramente á realidade é o de aparellos para a pesca.

Timoeiras é unha das praias da costa do monte da Guía. Está situada entre a Baixada da Punta e a praia da Punta. Segundo unhas das informantes, antes cando a ETEA estaba ocupada por mariños militares, escapaban de noite por alí para poderen saír do recinto sen ser vistos.

Ilustración 49. Praia de Timoeiras

▶ Ríos

(Hidrónimo)

Ríos procede do latín RIVUS co mesmo significado. Neste caso designa unha zona moi ampla e concreta de Teis, na costa situada na ETEA.

Seguramente a zona da ETEA chamouse Ríos antes de instalaren alí os edificios militares. Hoxe esta zona está chea de estaleiros de reparación de buques. Dentro deste topónimo temos a **Praia de Ríos de Dentro**, situada entre os dous estaleiros (o Astilleiro y Varaderos Montenegro e Metalships) e a **Praia de Ríos de Fóra**, situada baixando a entrada da ETEA pola avenida da Mariña. Tamén atopamos o **Lavadouro de Ríos**, que segue a ser empregado pola veciñanza para lavar a roupa; a **Fonte de Ríos**, preto da praia anterior; e o **Camiño de Ríos** ou a **Baixada a Ríos**.

Ríos é un topónimo tan grande que os demais topónimos situados aquí os analizaremos por separado.

Ilustración 50. Casas mariñeiras

Ilustración 51. Praia de Ríos de Fóra

Ilustración 52. Praia de Ríos de Dentro

Ilustración 53. En Ríos está plantada unha Persea americana

Ilustración 54. Lavadouro de Ríos

Ilustración 55. Fonte de Ríos

▶ Tobel

(Orotopónimo)

Tobel é un topónimo de etimoloxía escura; se cadra, aínda que é unha hipótese non confirmada, procede da forma latina TOBA, que vén do latín TOFA 'pedra porosa, aburacada ou tobeira (gorida) dalgún animal'.

Tobel é un campo situado na Baixada aos Ríos, entre o camiño de Caxide e a rúa de Ángela Iglesias Rebollar, por debaixo do instituto de Teis e do pavillón de Teis.

▶ Torre de Padín, A

(Antropónimo)

Padín deriva de (TERRAM) PALATINI 'o lugar que era propiedade dun home chamado Palatinus', nome de posesor medieval.

Padín é unha zona moi ampla de Teis, dividida en dúas partes separadas hoxe aproximadamente pola autoestrada do Atlántico, coñecidas como **Padín de Arriba** e **Padín de Abaixo**. Padín correspóndese coas terras situadas despois da Chumba e das Ánimas indo cara ás Limoeiras ata O Pumariño. **A Torre de Padín**, situada en Padín de Abaixo, foi o lugar de instalación dun castro e logo dunha pequena fortificación medieval, ambos derribados por construcións recentes.

Ilustración 56. A Torre de Padín vista desde Padín de Arriba, preto do camiño do Pumariño

▶ Torre, A

(Ecotopónimo)

A Torre procede do latín TURRIS, co significado de fortaleza. Normalmente na toponimia non se refire a unha torre fortificada no concepto de construción estreita e alta, senón a unhas casas fidalgas ou de labregos ricos, máis grandes e opulentas ca as dos labregos comúns, ou tamén se pode referir a restos de construcións antigas ou castros situados nun cumio de monte.

No Catastro de Ensenada temos varias representacións para este topónimo como *A Torre* en singular e *As Torres* en plural (libro 768, páxinas 51 e 265, e páxina 13 polo lado B). Porén, tamén temos **A Torre de Padín** que está situada en Padín de Abaixo. Así pode ser que

a denominación *A Torre* se corresponda só cunha forma acoutada da Torre de Padín.

A Torre localízase na Balbarda, preto da Baixada de Ríos. Na actualidade existen uns edificios, coñecidos como os pisos laranxas debido á súa cor, construídos preto do centro de saúde de Teis.

▶ Toural de Abaixo

(Zootopónimo)

Un *toural* é o lugar onde se celebra unha feira de gando vacún. Provén, polo tanto, da palabra *touro*, do latín TAURUS.

O **Toural de Abaixo** é a zona despois do mercado de Teis para abaixo, é dicir, desde a rúa de Sanjurjo Badía ata a travesía dos Foxos ou a rúa de Purificación Saavedra. Mentres que o Toural de Arriba parte do mercado de Teis, pasando por Sanjurjo Badía; e o Toural de Adentro ou do Medio parte de detrás de Farmateis. A este último tamén se lle chamou Toural de Afora, por varios informantes. Non é de estrañar que fose este o lugar escollido para situar o mercado de Teis, pois era o sitio onde se realizaban as feiras antigas e o mercado do barrio, onde anos despois se construiría o actual edificio do mercado de abastos de Teis.

▶ Toural de Arriba

(Zootopónimo)

Véxase *Toural de Abaixo*.

▶ Toural do Medio ou de Adentro (ou de Afora)

(Zootopónimo)

Véxase *Toural de Abaixo*.

▶ Traída das Augas

(Hidrónomo)

Unha traída de augas é un conxunto de instalacións e de canalizacións por medio das cales se leva a auga dun lugar a outro. Está formada polo verbo *traer* de orixe latina en TRAHERE 'tirar', dun enlace prepositivo e o substantivo auga, do latín AQUA.

Este camiño, situado no Paraixal de Arriba, parte do camiño Vello da Madroa, vai paralelo á Trapa de Arriba bordeando a ladeira do monte da Madroa ata o camiño do Pumariño, por onde tamén pasa o regato do Pumariño en Padín de Arriba. Por aquí circulaba a auga que era levada cara ao centro do barrio mediante unha canle existente hoxe en día hoxe en día, mais sen utilidade.

▶ Trapa, A

(Ecotopónimo)

Coñécese tamén como **O Mallo da Trapa**. Un *mallo* no dicionario da RAG é 'un instrumento agrícola usado para mallar,[1] que consta de dúas pezas de pau, a mangueira e o pértego, unidas por unha correa, de modo que se agarra pola parte máis longa e se golpea coa outra'. É sinónimo de *malle*. Porén, na fala popular tamén pode designar un valado feito de vimbias entretecido co que se pecha unha leira para que non entren os animais.

Unha *trapa* é 'unha pequena porta ou abertura que se pecha cunhas táboas, coma a que comunica o sobrado co faio, un cuarto cunha dependencia inferior etc.'.

O Mallo da Trapa son unhas terras situadas no Paraixal, preto do actual camiño da Vía. No Catastro de Ensenada vén localizada como *Lugar da Trapa* (libro 768, páxina 18 na cara B)**.** Á parte, no mesmo catastro, na páxina 22, tamén localizamos *A Trapa dos Cortizos*, porén non situamos a súa posición na actualidade.

▶ Travesán

(Odotopónimo)

Travesán provén do verbo latino TRANSVERSUS, é dicir, 'pasar dun lado a outro'. Pode ser que veña do significado de terreos ou campos atravesados en perpendicular ou en oblicuo por outras. Son as terras localizadas por detrás do actual supermercado Día e limitan co Xuncal.

▶ Trobos, Os

(Zootopónimo)

Un *trobo* é unha colmea feita dun tronco furado dunha árbore, onde un enxame forma os seus favos, acondicionado a imitación dos seus refuxios

naturais, ben en vimbio, en cortiza ou en madeira (RAG). É sinónimo de *cortizo* e *colmea*. Procede do céltico TRABA co significado de arca ou caixa.

Son unhas quintas situadas entre a rúa de Castañal, Roboreda, Boán e que discorren paralelas á autoestrada do Atlántico.

▶ Troncal, O

(Orotopónimo)

Troncal, palabra latina, procede de TRUNCALE, derivado de TRUNCU 'sen pólas', co significado de 'mutilado ou falto de algunha parte'. Segundo Navaza (2006: 549) estaría relacionado con *tronco* referíndose a unha gran plantación de árbores, idónea para a recolleita ou o aproveitamento de madeira. No Catastro de Ensenada aparece, no libro 768, este topónimo mais sen artigo *(Troncal)* (páxina 88).

O Troncal está na zona ocupada hoxe polo centro comercial Carrefour, onde existiu unha fábrica de botóns.

▶ Troncalillo, O

(Orotopónimo)

Procede de *tronco*, do latín TRUNCUS co significado de 'leño da árbore', que á súa vez deriva do adxectivo TRUNCUS -A -UM do verbo TRUNCARE.

O Troncalillo sitúase despois do centro comercial Travesía de Vigo, na rúa de Ventura González Prieto. Pola súa forma, é un castelanismo recente, xa que debería ser *O Troncaliño*.

▶ Viñas de Paris

(Antropónimo)

As Viñas de Paris era un cultivo de vide deste posuidor do que xa non queda rastro. Hoxe son un ermo situado fronte ao restaurante Richote, na avenida de Dona Fermina, na subida do monte da Guía.

▶ Vista do Mar

(Ecotopónimo)

Vista do Mar é un topónimo moi recente, como *Bellavista*, *Miraflores*, *Barrio das Flores* e outros polo estilo, froito da actividade antrópica sobre o terreo.

Vista do Mar é unha zona do Poulo preto do actual camiño da Fonte das Mozas e da Pouleira. O seu nome é tan simple coma transparente.

▶ Vulcano

(Ecotopónimo)

Como **Vulcano** coñécese unha ampla zona do peirao de Guixar. Esta zona correspóndese cunha das industrias máis famosas do barrio de Teis, La Vulcano, erguida en 1919 por Enrique Lorenzo e Ludovico Morlón (enxeñeiro belga alcumado *O Francés*) como un obradoiro de reparación de caldeiras de vapor. En 1931 conseguiron un contrato para construír as máquinas de vapor para a Rede Nacional de Ferrocarril (Renfe). Porén, os primeiros traballos navais realizaríanse sobre 1940, como reparación de buques, e déronlle traballo a unha gran cantidade de veciños da parroquia e do concello.

▶ Xorxa, A

(Hidrónimo/fitotopónimo)

Foi transcrito nos documentos do Catastro da Ensenada como *Gorga*. Pode ser un hidrónimo, relativo a un nacedoiro onde gurgulla a auga, mais tamén pode vir derivado de *gorga* do latín vulgar *GURGAM, unha planta parasita tamén coñecida como *barba de raposo*, co nome científico *Cuscuta*, semellante a fíos vermellos que se enredan noutras plantas. Polo tanto, este nome estaría motivado pola presenza desta planta na zona. En calquera caso, considerando a gran cantidade de hidrónimos e de ríos, canos e fontes da zona, non sería descartable a primeira hipótese de relacionalo co latín *BULB- 'gurgullar, aburbullar'.

Por outro lado, escribir (e logo pronunciar) *A Xorxa* parece unha ultracorrección ou hiperenxebrización da pronuncia gheadófona *A Ghorgha*; secasí, o correcto sería escribilo como *A Gorga*, aínda que todo o mundo o pronuncie con gheada, *A Ghorga*.

A Xorxa está situada por riba da autoestrada do Atlántico e por debaixo da actual rúa de Ángel de Lema y Marina. Actualmente é unha zona habitada con casas e non con cultivos.

▶ Xuncal

(Hidrotopónimo)

Xuncal é un sinónimo de *xunqueira*, é dicir, un terreo moi húmido onde abundan os xuncos. O *xunco* é unha planta herbácea de talo ríxido, longo e flexible, acabado en punta, que medra na auga e en lugares moi húmidos, da que existen numerosas especies (RAG). *Xunco* procede do latín IUNCUS, da familia léxica do verbo JUNGERE 'unir ou vincular', xa que os seus talos se empregaban para atar ou entrelazar, de aí que un dos seus usos máis coñecidos fose a cestaría. Secasí esta foi unha zona onde tivemos abundancia desta planta.

Xuncal localízase na beira dereita do Regato do Paraixal (na beira esquerda atopamos O Chan do Río). Preto deste Regato do Paraixal achamos a **Fonte do Xuncal.**

▶ Xunco Mariño

(Orotopónimo)

Era un marco que sinalaba a divisoria de Teis, Candeán e Lavadores, hoxe desaparecido baixo a autoestrada.

Toponimia perdida

Esta sección do libro está dedicada aos topónimos atopados nos documentos que os/as informantes descoñecen e, polo tanto, non puidemos situar. Todos estes topónimos perdidos son unha mostra do valioso traballo que supoñen estes libros, pois como observamos, sen un rexistro apropiado toda esta riqueza léxica pérdese. Ao igual ca un arqueólogo ou arqueóloga escava para atopar cerámicas, vaixela e ferramentas antigas que lle sirvan para coñecer a historia do mundo, os topónimos serven para entender e explicar tanto o medio que habitamos coma a súa historia e antigüidade.

En todo caso, calquera coñecemento que se teña da situación destes topónimos será de grande axuda para futuras investigacións.

A maior parte destes topónimos foron atopados no Catastro da Ensenada (libro 768) polo que para evitar repetición directamente poñeremos só as páxinas de referencia e cando se trate doutro documento especificarémolo.

▶ Almuíña

Atópase n na páxina 77. Unha *almuíña* é unha horta, xeralmente pequena e pechada, na que adoita haber árbores froiteiras. Porén tamén podería ser un antropónimo. En Teis existe unha zona coñecida hoxe como *Albuíña*, e posiblemente se trate do mesmo topónimo.

▶ Abelacha

Filotopónimo de orixe latina ABELLANA 'abelá', é un lugar poboado deste froito e do seu arbusto *Corylus avellana.* Aparece na páxina 896.

▶ Aguieira, A

É un lugar onde aniñaron as aguias *(Aquila chysaetos).* Provén do latín AQUILAM 'aguia', que deriva, á súa vez, de AQUILARIAM 'lugar das aguias'. Podería estar relacionado co noso topónimo *Monte da Guía* ou *da Aguia* e, así, podería estar situado por esa zona ou mesmo referirse a unha parte dese monte.

▶ Alaveira

Aparece nas páxinas 125 e 126. Este topónimo ten unha orixe escura, aínda sen determinar. Quizais teña relación co verbo *lavar*: *A Laveira*?

▶ Ameiral

Fitotopónimo relacionado co nome da árbore galega *Alnus glutinosa*, da familia das betuláceas, árbore por excelencia de lugares húmidos e da vexetación da ribeira galega formando o chamado 'bosques galería'. Popularmente esta árbore coñécese como *amieiro*, *ameneiro* ou *abeneiro*.

Segundo a Real Academia Galega 'árbore da familia das betuláceas, que pode acadar os vinte metros de altura, de copa moi poboada, con follas arredondadas e dentadas, flores en amento, casca de cor parda e madeira de cor clara, moi dura e lixeira'.

Neste topónimo vemos o sufixo colectivo -ALE, que indica un conxunto de amieiros. Outra variante tamén recollida é *amieiral*. Por outra banda, tamén pode ser un hidrotopónimo derivado posiblemente dunha raíz prerromana AM- 'auga' xunto co sufixo -ALE (sufixo colectivo). Así, *amieiral* será un conxunto de augas. Polo tanto, a súa localización exacta debería levarnos a unha das posibles etimoloxías. Este topónimo encóntrase no Catastro de Ensenada. no libro 768. como *Sitio de Ameiral*, páxina 22.

▶ Anguián

Zootopónimo que pode provir do nome da *anguian* do latín ANGUILAM 'peixe teleósteo'. Atópase como *Cocho Anguian* e só como *Anguián* (páxina 77 e na 295).

▶ Baladiños/Valadiños

Palabra formada por *balado* (normativamente *valado*) e o sufixo diminutivo *-iño* (véxase *Balado*). Atópase (en múltiples páxinas) tanto escrito con *b* coma con *v*.

▶ Balado/Valado

Construción vertical non moi alta, de pedra, arame, terróns ou outro material coa que se cerra ou delimita un espazo (RAG). Procede do latín VALLA 'muro, muralla, defensa'. Transcríbese tanto con B- (páxina 42) coma con V- (páxina 26 pola cara B da folla).

▶ Balugada, A

Atópase na páxina 26, de etimoloxía escura. *Baluga* é algo que ten forma de bóla, quizais era un terreo ou lugar de forma alombada.

▶ Balvar

Balvar aparece páxina 165. Pode ser que sexa unha transcrición incompleta da *Baldarda*, lugar si localizado no barrio de Teis, ou que sexa un sitio relacionado ou situado cerca da Balbarda. Porén, si atopamos a transcrición do topónimo *Balbarda*, de xeito enteiro, en múltiples ocasións neste mesmo libro, tanto con *b* como con *v* (*Balvarda*, páxina 329) e mesmo aparece *Balsarda* (páxina 363).

▶ Bellota

Non cremos que se trate dun castelanismo por *landra*, senón máis ben dun derivado de *vella*, *vellota*? Este topónimo perdido volve aparecer no Catastro de Ensenada (páxina 202 e 301).

▶ Boboleiro ou Babuleiro

Aparece tanto *Baluleiro* (páxina 162) coma *Baboleiro* (páxina 362), que ben poderían ser o mesmo topónimo. Tamén temos a representación de *Babeleiro*, con *e* na páxina 776. Se estivese relacionado cun posible *(A) boboreiro* sería un fitónimo.

▶ Cabrita, A

Ten orixe no latín CAPRA. Esta voz está composta xunto co sufixo diminutivo *-ita*. Atopámolo no libro 768 na páxina 754.

▶ Cachada

Participio do verbo *cachar* con orixe latina en CASCULARE 'romper'. Refírese á eliminación da vexetación para preparar a terra para o cultivo.

▶ A Calvada

A Calvada pode ser unha das distintas formas de pronuncia do topónimo *Cavada* localizado na entrada á ETEA, na estrada de Ríos. Localizámolo na páxina 110 da súa cara B. Quizais pode identificar unha terra rapada de vexetación para o cultivo.

▶ Canceleira, A

Esta forma está composta por *cancelo* mais o sufixo *-eiro* (ou as súas variantes) (véxase *Cancelo*). Atopámolo na páxina 118 como *cancileiro* e como *cancileira* na páxina 580. En Vigo existe unha rúa con este nome, mais non sabemos se ten relación.

▶ Candelas, As

Situada nas páxinas 66 e 502 co plural *As Candelas*. Deriva do latín 'cirio' CANDELA. Antigamente, empregábanse como candeas paus untados de sebo, ao igual que tamén se queimaban as piñas dos piñeiros para alumear.

▶ Cadelas, As

Atopamos na páxina 73 en singular *A Cadela* e na páxina 80 (cara B) como *Cocho das Cadelas* en plural; igual ca na páxina 502 (cara B) como *As Cadelas*. Etimoloxicamente, é o feminino de *can*, en latín CATELLUS. Pode referirse ao animal, ao significado despectivo ou ser un antropónimo.

▶ Carballiño

Deriva de *carballo* mais o sufixo diminutivo *-iño*. Este filotopónimo é un dos máis empregados na toponimia galega. O Nomenclátor rexistra máis de vinte lugares con ese nome (véxase *Carballeira da Guía*).

▶ Carela

Atópase a *Carela* na páxina 296 cara B. A súa etimoloxía non está clara e clasificámolo como topónimo escuro.

▶ Carqueixa

A *carqueixa* (*Chamaespartium tridentatum* ou *Genista tridentata*) é un arbusto silvestre da familia das leguminosas, con moitos ramallos, flores amarelas e unha especie de ás que percorren o talo e que forman en cada nó tres pequenos dentes, ao cal se lle atribúen moitas propiedades medicinais. O termo *carqueixa* pode vir, ao igual ca o *carballo*, de QUERCUS latino. Podemos atopalo na páxina 76.

▶ Carreira, A

Unha *carreira*, neste caso, refírese a un camiño estreito por onde pasan persoas ou animais (tamén coñecido como *carreiro*). *Carreira* é un derivado de CARRAIRA e esta de CARRUS (carro), xunto co sufixo de relación ou pertenza *-arius/-aira*, que sufriu unha metátese do *i*. Foi descuberto nas páxinas 210 e 866.

▶ A Casada

Refírese a un alcume, sobre unha muller casada; por exemplo, podería ser a *leira da Casada*. Deriva do verbo *casar*, que vén do latín CASA. Covarrubias[32] argumenta que a palabra latina CASA procede do hebreo co significado de 'cubrir', xa que as primeiras casas eran tendas de campaña. Porén, outros especialistas rexeitan esta etimoloxía e conclúen que seguramente esta palabra podería ser un préstamo dalgunha lingua mediterránea previa ao latín, mais non do hebreo polo pouco contacto que houbo entre os dous pobos. O único que podemos asegurar é que CASA é unha palabra latina.

---

32 *Tesoro de la lengua castellana y española* (1995).

▶ Casoide

Topónimo estraño se non está mal escrito. Probablemente derive da palabra latina casa (véxase *Casada*). Encóntrase na páxina 475 (cara B da folla).

▶ Castañas. Castañal do Souto

Véxase *Castañal*. O *souto*, derivado do latín SALTU, é un terreo poboado por castiñeiros. Por iso non é de estrañar que este lugar tamén o coñezan como *Castañas*. Quizais este topónimo ten relación con *O Castañal*, situado en Sanjurjo Badía ata Boán.

▶ Castillón

Provén do latín CASTELLUM (lugar amurallado ou cidadela). Á súa vez, é un derivado diminutivo de CASTRUM (refuxio ou mesmo lugar para acampar) e ten a súa xénese de CASA (co significado de *cabana* ou *choza*). Aparece tanto *Castillón* (páxina 13 da cara B e na 276) coma *Castrellón* coa vibrante formando grupo consonántico (páxina 471). Igual ca *Castrellón*, atopamos *Castrillón* na páxina 841.

▶ Castelo

Provén do latín CASTELLUM (lugar amurallado ou cidadela). Á súa vez, é un derivado diminutivo de CASTRUM (refuxio ou mesmo lugar para acampar) e ten a súa xénese de CASA (co significado de *cabana* ou *choza*). Nas páxinas 49 (cara B) e 288 vemos este topónimo. Que saibamos, castelo houbo na Guía e, quizais, na Torre de Padín.

▶ Centeeira, A

Ten orixe no latín CENTENARIA, -IU, derivado de CENTENU (nome do cereal 'centeo' co nome científico *Secale cereale*. Á súa vez provén do numeral CENTENI 'de cen en cen', polos moitos grans que produce.

▶ Cisqueira, A

Aparece *A Cisqueira* na páxina 307. Pode ser que este topónimo teña relación cun terreo onde se separaba o gran da palla e quedaban restos ciscados.

▶ Cocho do Valado, O

Un *cocho* é un lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais. A orixe do termo non é clara: Navaza (2007: 97) apunta a unha orixe prerromana. Por outra banda, *balado* (escrito no catastro con *b*) procede de *valado* e este, á súa vez, do latín VALLATUS 'rodeado por unha muralla ou defensa'.

Aparece no Arquivo Provincial referido á parroquia de San Salvador de Teis na páxina 61.

▶ Cocho do Muíño, O

O Cocho do Muíño na páxina 106. Véxase *Cocho do Balado* para saber a etimoloxía de *cocho*. En canto a *mu*íño, procede do latín MOLINUM, unha pedra xiratoria para moer que tiñan os muíños. O sitio ou o lugar onde se moía era coñecido en latín como PISTRINUM.

▶ Cocho do Outeiro/Cochouteiro

Nomeado como *Sitio do Outeiro* (páxina 14 da cara B e na 124, cara B). Tamén observamos na páxina 332 só a denominación *Outeiro*. *Outeiro* procede do latín ALTERIU, que provén de ALTU 'alto'. Indica a presenza dunha pequena elevación do terreo. Véxase *Cocho do Balado* para saber a etimoloxía de *cocho*.

▶ Codesal. A Devesa do Codesal

Observamos este topónimo nas páxinas 244 e 558 (cara B). Un *codesal* é un lugar poboado de codesos ou un abundal deste arbusto da familia das papilonáceas, con pólas estriadas, follas trifoliadas, flores amarelas e froito en legume, con nome *Adenocarpus complicatus*.

▶ Cortada, A

Este topónimo ten o significado de 'parede transversal que se levanta nun río para desviar a auga cara ao muíño'. Provén do verbo latino CURTARE 'cortar' derivado do adxectivo latino CURTUS co sentido actual de curto ou truncado. Esta voz está vinculada coa raíz indoeuropea **sker*. Localízase na páxina 29. Pode estar relacionado co topónimo *As Coutadas*, situado preto da piscina municipal de Teis.

▶ Cortizos, Os

Un *cortizo*, do latín CORTICEU, cuberta da madeira, é un recipiente feito de casca de sobreira ou doutros materiais como a madeira, onde habitan as abellas e no que fan a cera e o mel, ou ben unha árbore cupulífera moi semellante á aciñeira, de madeira moi dura e grosa, comunmente coñecida como sobreira ou corticeira, de aí o nome. Tamén é un apelido estendido por Galicia; segundo o INE máis de 2000 persoas levan este apelido e na súa maioría residen en Galicia. Podemos observar o topónimo *Trapa dos Cortizos*, polo que poderiamos relacionar *Os Cortizos* co topónimo *A Trapa*, localizado nas terras de Paraixal.

▶ Detrás da Viña

A locución preposicional 'detrás de' indica unha posición nun lugar posterior. Neste caso, unha posición posterior a unha viña. Por outra banda, *viña* provén do latín VINEA. Unha *viña* é un terreo no que se planta a vide (de nome científico *Vitis vinifera*). A presenza deste vocábulo indica que cando se nomeou o terreo estaba ocupado para as viñas. Esta característica pode que se conserve na actualidade.

Detrás da Viña é un topónimo presente na páxina 14 da cara B da folla. Quizais teña que ver co topónimo das *Viñas de Paris*, situada na avenida de Dona Fermina, subindo ao monte da Guía.

▶ Eguas, As

Eguas provén de EQUAM, feminino de EQUUS, procedente da raíz indoeuropea *ekwo* co significado de 'cabalo'. No latín clásico EQUUS em-

pregábase para designar os cabalos de guerra, mentres que CABALLUS eran os animais para os traballos do campo. No latín vulgar *cabalo* substituíu o termo *equus* e xeneralizouse o seu significado a calquera tipo de cabalo. Podemos observar a forma castelanizada como *As Yeguas* na páxina 179, na 224 co plural *Yeguas* e na 323 como *As Yeguas.*

▶ Fenteira/Fenteira, A

Unha *fenteira* é un terreo cheo de fentos; polo tanto, a súa etimoloxía procede de *fento* FILIX, ICIS mais o sufixo *eira* (<ARIA). Aparece na páxina 315.

▶ Fondose

Vemos este topónimo na páxina 10, de etimoloxía imprecisa.

▶ Fonte Alta

Obsevamos este topónimo na páxina 1054.

▶ Fouranes, As

Atópase na páxina 409 (pola cara B) *As Fouranes*, de etimoloxía imprecisa.

▶ Foxos de Leiras

Unha *leira* é unha terra de labradío. Pero, amais, segundo Eladio Rodríguez González (1958-1961), as leiras son cada unha das porcións nas que se subdivide unha SENARA para adxudicarlle a cada veciño a parte que lle corresponde. Estas divisións tamén se coñecen como 'talos'. Corominas propón unha orixe no latín GLAREA. Porén, existen outras hipóteses nas que se sinala como orixe a palabra céltica PLAREA con perda do *-p* inicial. Este celtismo estaría relacionado con PLANUS.

Quizais a súa localización estea relacionada con *Os Foxos.*

▶ Gafarroa

Encóntrase na páxina 865. De etimoloxía imprecisa, podería ser unha forma pexorativa derivada de *gafo* 'leproso'.

▶ Gaia

Segundo a RAG 'apeiro para segar que ten unha folla moito máis longa e larga ca a do fouciño, con forma de triángulo curvo e suxeita a un mango longo con dúas asas'. Provén da forma latina **WATINIAI*, do gótico **waidanjam* co significado de 'buscar pasto ou colleitar'. *Gaia* encontrámola no Libro del Real Eclesiástico, na páxina 46.

▶ Granada

Forma castelá que pode ter a súa orixe como referencia á froita, polo que viría do latín MALUM GRANATUM, onde MALUM significa 'mazá' e GRANATUM 'con graos', é dicir, *granada* etimoloxicamente significaba 'mazá con graos' (sementes dentro). A palabra GRANATUM provén de GRANUM ('semente'). Esta árbore e o seu froito coñécese en moitas culturas. Procede de Mesopotamia e de Irán, e foi estendida polo Mediterráneo polos nómades do norte de África e popularizada despois polo romanos nos climas onde se permitía o seu cultivo.

Aparece como *Granada* na páxina 50 (cara B) e 209 (cara B).

▶ Laceira, A/Laseira

Laseira, escrito seguramente con ese debido ao seseo da zona, atopámolo na páxina 725 pola cara B. Poñemos este topónimo en relación coa *Gafarroa*.

▶ Lagarella

Provén do substantivo *lagar* co significado de 'lugar ou edificio no que está instalado o aparello para prensar certos froitos como uvas, mazás ou olivas co fin de que solten o líquido que conteñen; xunto co sufixo *-ella*. Páxina 224 do Catrastro de Ensenada.

▶ Lareiral

Pedra plana situada a pouca altura do chan, onde se fai o lume para cociñar nas casas tradicionais e sobre a que adoita ir colocada unha cambota.

Provén de *lar*, sinónimo de *fogar*, do latín LAR, LARES. Eran uns espíritos relacionados cos antepasados co labor de protexer o fogar familiar ou a liñaxe. Do seu significado etimolóxico pasou a designar o lume doméstico, pois este fogo era un dos principais lugares de culto dos Lares e doutros deuses para os romanos onde queimaban pequenas ofrendas. Vémolo na páxina 285.

▶ Levada, A

Unha *levada* pode referirse a 'unha corrente de auga que discorre por un leito artificial de pequenas dimensións, utilizada para regar, impulsar o mecanismo do muíño etc.' (RAG) ou a 'unha presa que desvía a auga dos ríos para conducila aos regadíos'. Aparece na páxina 19 da cara B da folla.

▶ Lomba, A

Pequena elevación do terreo de pouca extensión ou curvatura esaxerada das costas ou do peito producida por unha desviación da columna vertebral ou do esterno. Se vemos o libro 768 do Catastro de Ensenada do Arquivo Provincial atoparemos na páxina 595 este topónimo.

▶ Lugar do Arrieiro

Segundo a RAG *arrieiro* é 'unha persoa que transportaba ou arreaba mercancías duns lugares a outros en animais de carga'. Aparece no documento LAV 10/13 de 1938 no Arquivo Municipal e, segundo este, debe estar preto do cemiterio de Teis.

▶ Lumeiral

Provén da palabra LUMEN latina co sentido de 'fonte de luz', composta etimoloxicamente por LUX, da raíz indoeuropea **leuk-*. O sufixo -MEN

indica un instrumento, medio ou resultado. Atopado na páxina 924 pola cara B da folla.

▶ Meinxoeiro

Aparece na páxina 113 como *Meixueiro. Meinxoeiro*, a variante *Menxoeiro* ou *Meixoeiro*, é un topónimo emparentado con *ameixoada* 'sitio onde se xuntaba o gando' e vén do verbo *ameixoar* 'reunir'. Polo tanto, é o lugar onde se axuntaba o gando.

▶ Naranxal

Plantación de laranxeiras. *Laranxo* non é a forma recollida oficialmente pola Real Academia Galega, mais si é unha forma popular do froito da laranxeira de forma arredondada e de cor entre amarela e encarnada. Provén do sánscrito, do que pasou ao persa گـنـران *(nārang)* e de aí ao árabe جنران *(nāranğ)*.

O proceso de formación é diferente nas distintas linguas. En Galicia e en Portugal (Reino de Galicia na Idade Media) cambiaron o *n-* inicial por un *l-* (*laranja* no portugués actual); mais o italiano, recollendo dos portugueses ese nome eliminou o *l-* inicial por redundancia ou concomitancia co artigo *(la)* e deu como resultado *arancia*. Outras linguas, como o francés ou o latín, relacionárono co lexema *ouro (oro)* e crearon *orange* (palabra da que parte o inglés) e *auratium.*

Na Idade Media este froito crítico tiña un sabor amargo, mais posteriormente (século XVI) os portugueses, debido ao seu intenso comercio coas Indias, introduciron a variante doce (*Citrus sinensis e Citrus reticulata*) que temos hoxe en día.

Dentro da toponimia de Teis temos *Naranxal*, o que podería corresponderse con este topónimo atopado no Catastro de Ensenada (L-768).

▶ Ousende

Componse de *ouro* do latín AURO e *sende* 'camiño'. No Catastro de Ensenada, no libro 768, podemos observalo na páxina 72 (cara B).

▶ Outeiro do Signo

Outeiro procede do latín ALTERIU, que provén de ALTU 'alto'. Polo tanto, indica a presenza dunha pequena elevación do terreo. No Catastro da Ensenada aparece vinculado ao topónimo *Outeiro*, o topónimo *Outeiro do Signo*, mais ningún dos informantes corroborou a súa existencia ou supervivencia. De existir, estaría

Aparece nas páxinas 119 (cara B) e 157; e na páxina 520 vemos o nome de *Outeiro do Signo*. Pode estar tamén relacionado co topónimo recoñecido do *Monte do Sino* (véxase *Monte do Sino*).

▶ Palleiro

Un palleiro refírese a unha conxunto ou morea de palla en forma de cono para evitar que se molle. Así, esta palabra procede de *palla*, orixinariamente latina de PALEAM. Na páxina 113 (cara B), 281, 342 e 292 atopamos este topónimo.

▶ Paradelas, As

Diminutivo de *parada*. *Parada* créase do verbo *parar* e o sufixo *-ada* (acción ou resultado). Existen moitos topónimos con este nome mesmo dentro da nosa provincia, así como derivados: *Paradela*, *Paradavella*, *Paradanova* etc. Como indica Sestay Martínez (2008), pódese referir a grandes relanzos ou chairas despois de prolongadas costas do terreo. Mais tamén pode indicar, no sentido etimolóxico do verbo *parar* 'preparar ou dispoñer', como sinónimo dun terreo que se prepara para plantar ou sementar. Pero a súa semántica é moi complexa de analizar.

Temos o topónimo localizado de *Parada* no termo municipal de Teis, facendo fronteira con Chapela, por riba de Padín e da Traída da Auga.

▶ Parameiro

Localízase no Catastro de Ensenada, no libro 768, páxina 98.

▶ Pardiñeiro

Esta voz ten a súa orixe no latín vulgar PARIETINARIU (Navaza Blanco, 2007a) e deriva de PARIES, PARIETES 'parede dunha casa ou muralla' ou 'sebe arbustiva'. Pode ter o significado tradicional de 'edificación arruinada ou casa en ruínas', o que podería indicar que debaixo deste topónimo podería haber restos de antigos asentamentos históricos (mais é só unha teoría). Na páxina 90 da súa cara B, atopamos este topónimo.

▶ Parra

Vide coas pólas moi crecidas, suxeitas e estendidas sobre un soporte horizontal a certa altura do chan. No Catastro de Ensenada vemos a representación escrita nas súas primeiras páxinas. Este topónimo sempre está ligado no libro á Rotea, polo que podería estar localizado preto dela. Alén disto, no mesmo libro observamos o topónimo *Parra dos Cortizos* (páxina 185 cara B), o que pode indicar que este topónimo pode estar localizado dentro de *Os Cortizos*.

▶ Pedra de Figueiroa

Podería estar relacionado co topónimo *Figueiro*, localizado no Paraixal de Arriba, unhas das múltiples subidas ao monte da Madroa. Trátase duns terreos, hoxe ocupados por casas, no alto dunha das ladeiras da Madroa. Desde alí pode apreciarse unha gran vista da parroquia de Teis, do monte da Guía e, por suposto, da ría enteira. Toca polo seu extremo coa parroquia de Sampaio. No Catastro de Ensenada aparece a denominación de *Pedra de Figueiroa* (na páxina 1054). Podería estar situada por esta zona debido á semellanza co topónimo.

▶ Pedra Grande

Está formado a través do substantivo latino PETRA e o adxectivo grande. Atópase na páxina 1054.

▶ Pedreira

Emprégase para os lugares de onde se extrae a pedra, especialmente para a construción. Tamén pode designar un terreo cuberto de pedra. Está formado a través do substantivo latino PETRA e o sufixo *-eira* procedente de -ARIA con metátese do iode.

▶ Peñanova

Aparece no Catastro de Ensenada, no libro 768, na páxina 42 (cara B).

▶ Pereira

Pereira ou *pereiro* é unha árbore, unha variedade de maceira que produce as peras. Ten o nome científico *Pyrus communis*. Procede do latín PIRARIA 'horta de peras e peros (<PIRU, PIRA). Xa que logo, podemos deducir que no terreo existe ou existiu unha plantación de pereiras. Atopamos *Pereira* nas páxina 237 e 332.

▶ Pereiro

Forma masculina de *pereira*. Procede do latín PIRARIA 'horta de peras e peros (<PIRU, PIRA). Xa que logo, podemos deducir que no terreo existe ou existiu unha plantación de pereiras. Atopámolo nas páxinas 74 e 167.

▶ Piñeiro

O *piñeiro* é a árbore conífera da familia das pináceas (<PINACEAE), de folla perenne en forma de agulla. O seu froito é a piña e a súa semente, o piñón. Dáse principalmente en rexións temperadas e tropicais. Procede do latín PINARIU, formado sobre o clásico PINU e o sufixo -ARIU *(>eria)*.

Na nosa paisaxe é unha árbore moi común en Galicia, sobre todo por mor da reforestación dos séculos XIX e XX para o aproveitamento madeireiro. A especie *Pinus pinaster* ou piñeiro bravo considérase autóctona de Galicia, mais hoxe podemos atopar diferentes especies (*Pinus sylvesris* 'piñeiro ruibio' e *Pinus radiata* 'piñeiro insigne'). A súa presenza na toponimia desde tempos medievais, como demostran as

cantigas e os documentos medievais, dan a entender a importancia desta árbore na nosa vida.

▶ Portallada

No Catastro de Ensenada, no libro 768, encóntrase na páxina 57 como *Portellada* e na 69 como *Portallada*. *Portallada* é un derivado do substantivo *porta* do latín PORTA 'porta grande, portón'.

▶ Pumardourido

Procede do latín tardío POMARE, variante de POMALE, co significado de 'terreo ou horta plantada de froiteiras', xa que en latín o substantivo POMU tiña o sentido xeral de 'froita'. Porén, máis tarde restrinxiuse no plural POMA, que designa unha especie concreta de mazá. Neste caso, pomar realiza o *-o-* átono como vogal pechada *-u-*. Atópase na páxina 75 e nas páxinas 88, 90 e 206 .

▶ Romariz

Aparece no Catastro de Ensenada, no libro 768, na páxina 49. Seguramente é de orixe xermánica.

▶ Ruibéns, As

No Catastro de Ensenada, no libro 768, páxina 589, atopamos este topónimo.

▶ Salgueiro

Salgueiro atopámolo no Libro do Real Eclesiástico do Arquivo Provincial na páxina 21. O *salgueiro* é unha arbore da familia das salicáceas, de folla caduca, propia de lugares húmidos, da que existen numerosas especies, case todas de pólas longas e flexibles e de follas lanceoladas e tomentosas. Polo tanto, seguramente este topónimo está relacionado cunha zona chea de salgueiros.

▶ San Gregorio

Haxiotopónimo localizado no documento dos xesuítas *Bienes de los Jesuítas* no Arquivo Municipal do Concello de Vigo.

▶ Sinteira

Aparece na páxina 75 e na páxina 196. É un topónimo de etimoloxía escura. Pode estar relacionado con *Centeeira*, pronunciada neste caso con seseo.

▶ Socoteira

Socoteira fórmase grazas á unión en latín de SUB mais COTTARIA, derivado de COTTU 'altura'. Así, *socoteira* sería o que se sitúa ao pé dunha altura ou dun monte. Atopamos esta voz na páxina 471 pola cara B. Alén deste topónimo, atopamos na páxina 634 a voz con vogal *-a-* e *-u-*: *sacuteira*.

▶ Solodeleiras

No Catastro de Ensenada, no libro 768, encóntrase nas páxina 85 e 89 como *Solodeleiras.*

▶ Solombo

Aparece na páxina 40 e na páxina 264 como *Solomo.* Ten o sentido de 'lugar situado debaixo do lombo', é dicir, 'debaixo dun terreo'. Etimoloxicamente, *lombo* procede do latín LUMBUS 'espada e lomo'.

▶ Sobreira

Podemos observar o topónimo *Sobreira* (páxina 233), *Subreita* (páxina 233 cara B) e *Sobreiro* (páxina 239). Posiblemente é o mesmo topónimo ca *Sobrados.*

▶ Souto, O. Devesa do Souto, A

O Souto aparece exactamente na páxina 176 (cara B). Procede do latín SALTU. Un *souto* é un terreo poboado de castiñeiros. Tamén é un apelido moi frecuente en Galicia, castelanizado a *Soto*. Polo tanto, podería ser un fitotopónimo ou un antrotopónimo.

▶ Terrestal

Encóntrase no Catastro de Ensenada, no libro 768, páxina 75 (cara B). Procede do latín TERRAM mais o sufixo *-al*.

▶ Tintureira

Aparece na páxina 20, como *Sitio da Tintureira*. *Tintureira* posiblemente proveña de *tintura*, no sentido de lugar onde se tinta algo, ben unha tenda, un lavadoiro etc. Por outra banda, debido á antigüidade do topónimo, podería ser un lugar que, debido a unha causa natural, teña unha tintura pouco habitual.

▶ Tomada Nova, A

Aparece nas páxinas 592 e 920. Unha *tomada* é unha porción de terreo cercado para traballar. Así, fórmase a través do verbo latín *tomar* <AUTUMARE.

▶ Tombo

Tombo atópase na páxina 432. Provén do latín TUMULU co significado de 'prominencia'. Así, *Tombo* é unha pequena elevación do terreo.

▶ Torxa , A

Encóntrase nas páxinas 148 e 258 transcrito como *Torja*. É de escura etimoloxía.

▶ Touráns

Procede do latín TAURONE, derivado de TAURO 'touro'. No barrio de Teis existe unha zona moi ampla coñecida como *Toural*. Poderiamos chegar a pensar a relación destes dous topónimos, pois a forma plural de *Toural* sería **Tourás* (como *Casás*, *Ervillás*, *Carballás* etc.), pero na zona occidental ás veces fórmanse plurais analóxicos rematados en *-ns*. *Touráns* sería o conxunto de Toural de Arriba e de Toural de Abaixo.

▶ Touro de Leiras

Touro de Leiras aparece páxina 11. No barrio de Teis existe unha zona moi ampla coñecida como *Toural*. Poderiamos chegar a pensar a relación destes dous topónimos.

▶ Tralouteiro

Na páxina 171 atopamos este topónimo. Etimoloxicamente, composto por *Tras* + *o* + *Outeiro*. Así, *outeiro* procede do latín ALTERIU, provén de ALTU 'alto'. Polo tanto, indica 'a presenza dunha pequena elevación do terreo'.

▶ Trarelo

No Catastro de Ensenada, no libro 768, podemos velo na páxina 172.

▶ Trigueiro

No Catastro de Ensenada, no libro 768, páxina 275, atopamos este topónimo. Procede de *trigo* mais o sufixo *-eiro*. En canto a *trigo* vén do latín TRITICUM.

▶ Turada de Abaixo

Na páxina 27 aparece este sitio como *A Turada de Abajo.* Podería chegar a ser unha mala interpretación de *Toural de Abaixo.*

▶ Veiga, A

No Catastro de Ensenada podemos ver varias representacións deste topónimo *A Veiga*, páxinas 29 e 133. É unha voz de orixe prerromana que procede, segundo apunta Corominas (1980-1992, vol. v: 753) de BAIKA como o 'terreo regable ou inundado', e que procede, á súa vez, de IBAI 'río'. No Catastro tamén vemos a denominación de *A Veiga de Arriba.*

▶ Veiguiña, A

Encóntrase na páxina 88 e na páxina 508 do Catastro de Ensenada. *A Veiguiña* é un diminutivo de *veiga* (véxase *A Veiga*).

▶ Viña Vella da Banda do Río

Vese este topónimo como *Viña Vella da Banda do Río* (páxina 603) e tamén como *Viña Bella* (páxina 679).

▶ Viña da Lama

No barrio de Teis existe o topónimo *A Lama*, situado na rúa de Arnela, pola parte de atrás desta rúa en canto á avenida de Galicia. Procede de *lama*, anterior á introdución do latín, prerromana, que sobreviviu en Galicia e no norte peninsular (Asturias e León coa variante *llama*). Lexicalizouse en moitas partes de Galicia como 'pequeno prado de regadío ou lugar onde se acumula unha masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga'. Segundo o dicionario de Eligio Rivas (1988) tamén pode designar 'un terreo baldío, comunal, con pastos para o gando da veciñanza'.

▶ Viña de Carballal

No Catastro de Ensenada, no libro 768, aparece nas primeiras páxinas a denominación *Viña de Carballal*. Un lugar dentro do barrio de Teis cunha gran zona de carballos é a *Carballeira da Guía*. *Viña de Carballal* podería ser un sinónimo deste topónimo ou ben corresponder cun antropónimo.

▶ Viña Illán

Aparece na páxina 225. Debe ser un antropónimo. Provén de IULIANU(M), que deu nomes como *Xián*, *Xiao*, *Xillao* e *Illán*, polo que podía ser unha viña propiedade de Illán.

▶ Viñedo

Na páxina 685 da súa cara B, atopamos este topónimo. A súa xénese está no latín VINETUM 'terreo plantado por vides'.

3 Reseñas

Bibliografía

Álvarez Pérez, Marta (2018): *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Arquivo Histórico Provincial (AHP): *Catrastro del Marqués de la Ensenada. Teis*. Libro 768.

Ares Vázquez, Nicandro (2012, 2013): *Estudos de toponimia galega*, vols. i e ii. A Coruña: Real Academia Galega.

Bascuas, Edelmiro (2002): «Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega», *Verba*, anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

— (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.

— (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.

Carrasco, Lorena e Gonzalo Navaza (2014): *Toponimia do Val de Fragoso: Beade.* Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Comisión de Toponimia de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Corominas, Joan e José Pascual (1980-1992): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico.* Madrid: Gredos.

Franco Grande, Xosé Luis (1968): *Diccionario galego-castelán.* Vigo: Galaxia. Dispoñible en: sli.uvigo.es/DdD/.

— (1936-1972): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego* (2.ª ed.). Vigo: Galaxia.

García González, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

González González, Manuel e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: academia.gal/dicionario#inicio.do.

González Fernández, Juan Miguel (2003): *Teis: Memoria histórica dunha parroquia do litoral (Vigo/Lavadores).* Vigo: Concello de Vigo.

Instituto da Lingua Galega: *Cartografía dos apelidos de Galicia* [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: apelidosgalicia.org/.

Instituto Nacional de Estatística (INE): *Nombres y apellidos.* Madrid [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: ine.es.

López Pereira, José Eduardo (dir.): *Codolga. Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: corpus.cirp.gal/codolga.

Portal de Arquivos Españoles (PARES). Ministerio de Educación, Cultura e Deporte [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: pares.culturaydeporte.gob.es/inicio.html.

Proxecto Toponimia de Galicia (PTG). Xunta de Galicia [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: xunta.gal/toponimia-e-nomenclator.

Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega.* Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Navaza, Gonzalo e Aránzazu Luna (2022): *Toponimia do Val de Fragoso: Valadares*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Santamarina, Antón (dir.): *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega* [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: sli.uvigo.es/DdD/index.php.

Sarmiento, Frei Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas* (ed. de J. L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca.

SARMIENTO, Frei Martín (1745): *Viaje a Galicia* (ed. de J. L. Pensado, 1975). Salamanca: Universidad de Salamanca.

SESTAY, Iván (2008): *Toponimia do Val de Fragoso: Coia*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

— (2010): *Toponimia do Val de Fragoso: Lavadores*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

XUNTA DE GALICIA: *Nomenclátor de Galicia* [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: xunta.gal/nomenclator.

VARELA, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [en liña]. [Ref. de setembro de 2022]. Dispoñible en: ilg.usc.es/tmilg.

Documentación consultada no Arquivo Municipal de Vigo

Indicamos o número do documento posto polo arquivo municipal.

Lav. 1/1	Lav. 11/14	Lav. 15/9
Lav. 1/4	Lav. 11/15	Lav. 15/10
Lav. 10/4	Lav. 11/16	Lav. 23/15
Lav. 10/5	Lav. 11/19	Lav. 23/17
Lav. 10/6	Lav. 12/2	Lav. 32/5
Lav. 10/7	Lav. 12/5	AGU 12 bis. 26
Lav. 10/8	Lav. 12/8	TRANS 18.26
Lav. 10/9	Lav. 13/2	AGU 12/2.30
Lav. 10/10	Lav. 13/13	TRANS 18.41
Lav. 10/11	Lav. 13/14	TRANS 18.20
Lav. 10/12	Lav. 14/3	TRANS 16.28
Lav. 10/13	Lav. 14/4	PATR 20.25
Lav. 10/14	Lav. 14/5	7371
Lav. 10/15	Lav. 14/13	10721
Lav. 10/16	Lav. 14/14	11047
Lav. 10/20	Lav. 14/20	13053
Lav. 11/1	Lav. 14/22	13973
Lav. 11/4	Lav. 14/23	14120
Lav. 11/7	Lav. 14/25	144140
Lav. 11/8	Lav. 15/2	14491
Lav. 11/9	Lav. 15/3	14534
Lav. 11/11	Lav. 15/6	25994
Lav. 11/12	Lav. 15/7	27594
Lav. 11/13	Lav. 15/8	27776

28086	E-3577/27622	13029
12522	14068	13051
6599	18121	13043
6339	13052	11094
6570		

índice

LIMIAR. 7

HISTORIA E OROGRAFÍA DA PARROQUIA. 9

OROGRAFÍA. 9

BREVE HISTORIA 10

Prehistoria 10

Idade Media e Idade Moderna 11

Idade Contemporánea 12

O TOPÓNIMO TEIS 18

TOPÓNIMOS DA PARROQUIA DE TEIS 18

Albuíña 18

Amieiro 18

Ánimas, As 19

Areíño. Praia. A Punta do Areíño 20

Arnela 21

Bacelo da Igrexa 22

Baixada á Igrexa 22

Balbarda, A 22

Baleiro 23

Banquetes, Os 23

Barretas, As 23

Barrio das Flores 24
Barroca, A 24
Barxa, A 25
Berzuda 25
Boán 25
Bouza, A 26
Buíña, A 27
Buraco da Londra, O 27
Buraquiña, A 27
Buxo, O 27
Cabrón, O 28
Cacharela, A 29
Calciña, A ou Calaciña, A 29
Calzada, A 30
Camiño Real, O 30
Camiño Vello da Madroa 31
Campiño, O 31
Campo da Ventán, O 32
Capela da Guía, A 32
Campo das Cadelas, O 34
Campo das Chinitas, O 34
Campo de Arriba, O 34
Campo de Arriba, O 34
Campo do Gato, O 35
Canadelo, O 35
Cancelo, O ou Canselo, O 36
Canexa dos Mouros, A 37
Canexón da Barxa 38
Canón de Ouro ou Canón Douro 38
Canos, Os 39
Carballeira da Guía, A 40
Cartas, As 41
Casa do Abade, A 41
Casa do Alcalde, A 42
Casa do Bispo, A 42
Casa Vella 43
Casal 44
Cascalleira 44

Castañal, O 44
Catro Camiños, Os 45
Catro Pontes, As 45
Cavada, A 46
Caxide 46
Cerdeira, A 47
Chan do Labrego 47
Chan do Río, O 47
Chouso, O 48
Chozas 48
Chumba, A 48
Conde, A do 49
Coutada Grande, A 49
Coutadas, As 49
Caride, O 50
Coutadiñas, As 50
Couto, O 50
Covas, A de 51
Cruceiro da Guía 51
Cunchido 53
Cunchidos, Os 54
Currás, Os 54
Detrás do Lagar 54
Devesa, A 55
Divisións 55
Don Pepito, A de 56
Dona Fermina 56
Doutor Corbal, A Quinta do 56
Eira Vella, A 58
Eira, A 58
Espedregal, O 59
Espiñeiro 60
ETEA 60
Fábrica, A 62
Faro da Guía, O 63
Ferradura 64
Ferreira, A 64
Fervenza, A 64

Figueiral 65
Figueiroa 65
Finca de Curveira, A 66
Ferrín, A de 66
Flores, As (véxase Barrio das Flores) 67
Fontáns. Lavadouro de Fontáns 67
Fonte. 68
Fonte Alta, A 68
Fonte da Pouleira 69
Fonte das Mozas 70
Fonte de Arnela. 70
Fonte de Dentro 70
Fonte de Fenosa 70
Fonte do Castaño 70
Fonte do Paraixal. 71
Fonte do Piñón 71
Fonte do Porco 71
Fonte do Rei 71
Fonte do Xuncal 72
Fonte Grande 72
Foxos, Os 72
Freixa, A 72
Freixiño, O 73
Frián ou Freán 74
Gonderán 74
Gondosende 75
Gralla 76
Guía, A (véxase Monte da Guía ou da Aguia) 77
Guixar 77
Herdeiras, As 78
Hortas, As 78
Julián Estévez 78
Lagoa, A 79
Laguiño 80
Lama, A. 81
Laranxo, O 81
Lavadouro de Guixar 82
Leira Pequena, A 82

Limeiras, As ou Limieiras, (As) 82
Lugar de Arrieiro 83
Lugar de Tizón 83
Luqueiro 83
Maceiras, As 84
Madroa, A 85
Malvesada 86
Manguiña, A (Manquiña, A) 86
Mende, O 87
Mendes, Os 88
Monte Canastro 88
Monte da Guía ou Monte da Aguia 89
Monte da Trapa 90
Montecelo(s) 91
Montecelo Alto 91
Montecelo Baixo 91
Montiño 92
Mourello 92
Mouta, A 92
Murada de Abaixo, A 92
Murada de Arriba, A 93
Naranxal 93
Oliveira 94
Ollosa, A 95
Orxa 95
Padín 95
Parada 97
Paradela 98
Paraixal, O 98
Pardal, A do 98
Pasadouro, O 99
Pasiños 99
Pé do Monte, O 99
Pé do Pandeiro 100
Pedra da Agua, A 100
Peirao de Guixar 101
Pedras Negras, As 101
Pedrosa, A 101

Pega 102
Peleteiras, As 102
Pendencia 102
Piñeiras 103
Pingue, O 103
Pino Manso 103
Pomba 104
Ponte das Golas 104
Ponte de Frián 104
Ponte do Veloso 105
Pontillón 105
Portal do Mende, O 105
Pouleira, A 105
Poulo 106
Pousadouro 106
Pousos, Os 106
Praíña do Faro, A ou A Cala do Faro 107
Penedo, O 107
Presa da Lama, A. 107
Presa, A. 108
Punta, A/A praia da Punta. 108
Purificación Saavedra 110
Quiringosta, A 110
Rabuda, A 111
Ranque, O 111
Rego do Pumariño, O 111
Ribeira, A 112
Ribeiros , Os 112
Río da Barxa 112
Río da Gadaña 112
Riouxa, A 113
Roboleda ou Roboreda, A. 113
Rorís 113
Rotea, A 114
Salcides. 114
Salesas, As. 114
San Ignacio 115
San Lourenzo 115

San Salvador de Teis 115
San Xoán 116
Sanjurjo Badía 117
Santa Tegra 118
Senda da Auga, A 118
Sino, O/Monte do Sino, O 118
Sobrados, Os. 119
Suacasa. Praia de Suacasa 119
Tanque, O. 120
Timoeiras. Praia de Timoeiras 121
Ríos 121
Tobel 125
Torre de Padín, A 125
Torre, A. 126
Toural de Abaixo 127
Toural de Arriba 127
Toural do Medio ou de Adentro (ou de Afora) 127
Traída das Augas 127
Trapa, A 128
Travesán 128
Trobos, Os 128
Troncal, O. 129
Troncalillo, O 129
Viñas de Paris 129
Vista do Mar 130
Vulcano. 130
Xorxa, A 130
Xuncal 131
Xunco Mariño 131
TOPONIMIA PERDIDA 132
Almuíña 132
Abelacha 132
Aguieira, A 132
Alaveira 133
Ameiral 133
Anguián 133
Baladiños/Valadiños 133
Balado/Valado 134

Balugada, A. 134
Balvar 134
Bellota 134
Boboleiro ou Babuleiro 134
Cabrita, A 134
Cachada 135
A Calvada 135
Canceleira, A. 135
Candelas, As 135
Cadelas, As 135
Carballiño 135
Carela 136
Carqueixa 136
Carreira, A 136
A Casada. 136
Casoide 137
Castañas. Castañal do Souto 137
Castillón 137
Castelo 137
Centeeira, A 137
Cisqueira, A 138
Cocho do Valado, O 138
Cocho do Muíño, O 138
Cocho do Outeiro/Cochouteiro. 138
Codesal. A Devesa do Codesal 138
Cortada, A 139
Cortizos, Os 139
Detrás da Viña. 139
Eguas, As. 139
Fenteira/Fenteira, A. 140
Fondose 140
Fonte Alta 140
Fouranes, As 140
Foxos de Leiras 140
Gafarroa 141
Gaia 141
Granada 141
Laceira, A/Laseira 141

Lagarella 141
Lareiral 142
Levada, A 142
Lomba, A 142
Lugar do Arrieiro 142
Lumeiral 142
Meinxoeiro 143
Naranxal 143
Ousende 143
Outeiro do Signo 144
Palleiro 144
Paradelas, As 144
Parameiro 144
Pardiñeiro 145
Parra 145
Pedra de Figueiroa 145
Pedra Grande 145
Pedreira 146
Peñanova 146
Pereira 146
Pereiro 146
Piñeiro 146
Portallada 147
Pumardourido 147
Romariz 147
Ruibéns, As 147
Salgueiro 147
San Gregorio 148
Sinteira 148
Socoteira 148
Solodeleiras 148
Solombo 148
Sobreira 148
Souto, O. Devesa do Souto, A 149
Terrestal 149
Tintureira 149
Tomada Nova, A 149
Tombo 149

Torxa , A *149*
Touráns *150*
Touro de Leiras *150*
Tralouteiro. *150*
Trarelo *150*
Trigueiro *150*
Turada de Abaixo *150*
Veiga, A *151*
Veiguiña, A *151*
Viña Vella da Banda do Río *151*
Viña da Lama *151*
Viña de Carballal *151*
Viña Illán *152*
Viñedo *152*

RESEÑAS 153

BIBLIOGRAFÍA 153
DOCUMENTACIÓN CONSULTADA NO ARQUIVO MUNICIPAL DE VIGO. 156

O estudo da toponimia supón un valioso traballo de protección e revitalización dos nomes tradicionais; nomes que, aínda que non aparezan nos rótulos das rúas, seguen vivos na fala da nosa xente.

A riqueza que nos achega a toponimia é inconmensurable, pois permítenos coñecer o terreo, a nosa historia local, as lendas, a distribución dos espazos, as persoas que deixaron pegada, os seus oficios, as nosas orixes e o noso patrimonio. A súa protección debería ser unha prioridade para preservar a nosa identidade e memoria colectiva.

Este volume está dedicado a Teis; unha parroquia que nos últimos oitenta anos sufriu moitas alteracións, sobre todo, na parte máis costeira. A orixe do topónimo remite ao significado de regato, río ou curso de auga. Así, ao longo do libro comprobaremos como moitos dos microtopónimos teñen relación coa auga: *Os Canos, Arnela, A Barxa, Ríos* etc.

Os topónimos de Teis son, en definitiva, testemuñas vivas do seu pasado e da nosa lingua.

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

CONCELLO DE VIGO

Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo